



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 73

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 28 de setembro de 1999

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 10.598).

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día.)

Exposición: *Excmo. Sr. presidente da Xunta.* (Páx. 5.522)

Novas cotas de autogoberno. (Páx. 5.523)

O pacto local. (Páx. 5.523.)

Financiamento autonómico. (Páx. 5.524)

A vertebración de Galicia. A Sociedade Pública de Investimentos (SPI). (Páx. 5.525)

Incrementa-la converxencia. (Páx. 5.525)

Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia (Pedega). (Páx. 5.525)

Sector primario. Agricultura e gandería. (Páx. 5.527)

Pesca. (Páx. 5.528)

Sector secundario. (Páx. 5.529)

Infraestructuras. (Páx. 5.530)

Portos. (Páx. 5.531)

Augas. (Páx. 5.531)

Vivenda. (Páx. 5.531)

Cultura, comunicación social e turismo. (Páx. 5.531)

Emprego. (Páx. 5.535)

Familia. Política social: cara a unha sociedade do benestar. (Páx. 5.536)

A familia: punto de equilibrio da sociedade. (Páx. 5.536)

Sistema de xubilación mutual garantida para as amas de casa. (Páx. 5.537)

Xuventude. (Páx. 5.538)

Educación. Ensinanza non universitaria. (Páx. 5.539)

O deporte. (Páx. 5.540)

Ensino universitario. (Páx. 5.540)

Política lingüística. (Páx. 5.541)

Medios de comunicación. (Páx. 5.542)

Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D) e (IDI) Investigación Desenvolvemento e Innovación. (Páx. 5.542)

Saúde. (Páx. 5.542)

Medio ambiente. (Páx. 5.544)

Xustiza. (Páx. 5.546)

Proxección exterior de Galicia. (Páx. 5.546)

Comunidades galegas. (Páx. 5.547)

O señor Pérez Touriño formula unha cuestión de orde na que solicita dispor duns documentos ós que o señor presidente da Xunta fixo alusión na súa intervención. (Páx. 5.549) *Respóndalle o señor presidente da Xunta.* (Páx. 5.549)

Suspéndese a sesión ás doce e cinco minutos da tarde e reiníciase ás cinco e cinco minutos da tarde.

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.)* (Páx. 5.549), *Sr. Pérez Touriño*

(S) (Páx. 5.558), Sr. Beiras Torrado (BNG) (Páx. 5.567) e Sr. Pita Varela (P). (Páx. 5.577)

O señor presidente anuncia unha suspensión da sesión de quince minutos antes da resposta do Excmo. Sr. presidente da Xunta ós distintos grupos parlamentarios. (Páx. 5.581)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás oito e doce minutos.

O señor presidente manifesta que se vai reinicia-la sesión coa resposta do Excmo. Sr. presidente da Xunta. (Páx. 5.581)

Resposta da Xunta: Excmo. Sr. presidente da Xunta. (Páx. 5.581)

Réplica dos grupos: Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.). (Páx. 5.589), Sr. Pérez Touriño (S) (Páx. 5.592), Sr. Beiras Torrado (BNG) (Páx. 5.595) e Sr. Pita Varela (P). (Páx. 5.598)

O señor Beiras Torrado formula unha cuestión de orde en relación coas manifestacións do señor Pita Varela respecto da súa ausencia do debate. (Páx. 5.599)

Contrarréplica da Xunta: Excmo. Sr. presidente da Xunta. (Páx. 5.599)

O señor presidente abre un prazo de presentación de propostas de resolución ata as 12.00 horas de mañá, día 29; anuncia que a sesión se reiniciará mañá, ás catro e media da tarde, e procede a suspende-la sesión. (Páx. 5.602)

Suspéndese a sesión ás nove e quince minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro e do secretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e polo letrado señor Caride Ponte.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado de tódolos conselleiros e da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

Como é tradicional, non damos lectura á orde do día porque xa está en posesión de todos vostedes.

Iniciámola sesión co punto único desta orde do día.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

O señor PRESIDENTE: Para facer esta defensa e a exposición, ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, comparezo unha vez máis perante esta Cámara para dar conta das actuacións da Xunta de Galicia, especialmente durante o último ano; un tempo que non se pode separar dunha acción global de goberno, dun proxecto concreto que iniciamos con ilusión no ano 1989 e que seguimos desenvolvendo gracias ó apoio e á confianza maioritaria do pobo galego.

Durante esta traxectoria, ningún dubida de que traballamos arreo, tratando de non desperdiciar enerxías e coa firmeza necesaria para ir cumprindo, paso a paso, cada unha das etapas previstas no noso programa de goberno.

Galicia foi evolucionando e modernizándose ó longo desta década sen facer ningún tipo de concesións naquilo que nos caracteriza e identifica. A sociedade galega en conxunto reafirmouse día a día nos seus valores máis fondos, nos sinais de identidade marcados por unha terra, un pobo e unha cultura. Esta evidente evolución tivo lugar coa maior normalidade, sen enfrontamentos violentos, sen imposicións de ningún tipo. En todo o tecido social galego medrou con forza o sentimento de orgullo, a verdadeira autoidentificación dun pobo sabedor e respectuoso do que ten de seu, do que herdou dos seus devanceiros, disposto a defendelo sen renunciar por isto a nada, sen actitudes excluíntes e insolidarias.

A nosa terra experimentou unha etapa de desenvolvemento e fondas transformacións: as infraestruturas, a modernización e os avances sociais; todo o que representa mellor calidade de vida e maior benestar para os galegos non trouxo consigo ningunha modificación substancial da nosa personalidade colectiva nin mudacións que afectaran ó verdadeiro cerne do pobo galego.

Estamos vivindo un dos momentos máis positivos e creativos de toda a historia de Galicia. Nunca, como nestes últimos anos, o progreso e a modernidade chegaran ata os máis afastados recunchos da nosa terra. Os grandes retos, como a sanidade, a educación e o desenvolvemento económico e social, fixéronse realidade deixando atrás séculos de marxinação.

Estamos sendo quen de encararnos cos grandes problemas ó noso xeito, sen copiar de ningún e servindo de modelo mesmo para moitos outros de dentro e de fóra de España. Non son poucos os que miran con simpatía e respecto a unha Galicia con peso e representatividade no Estado das autonomías, na Europa dos pobos e rexións, e tamén —por qué non dicilo— en moitos países de Iberoamérica que hoxe teñen a Galicia como referencia.

Sempre fomos un pobo xeneroso e solidario, por iso practicámola solidariedade, para seguir contribuíndo legalmente coa España das autonomías e coa Europa unida. Pero sen esquecer nunca a nosa obriga cos pobos que recibiron os nosos emigrantes ó longo dun século e que hoxe, en máis dun caso, atravesan situacións difíciles.

Reafirmo aquí, neste Parlamento, un compromiso galeguista e popular encamiñado ó fortalecemento da autonomía e das maiores cotas de autogoberno como obxectivos irrenunciábles e sempre presentes. Pero seguiremos fronte ós radicalismos nacionalistas, disfrazados ou non, e ós trasnoitados centralismos, porque ambos representan posicións intransixentes e insolidarias, dúas características que non cadran nin acaen ben coa recoñecida capacidade negociadora e dialogante da nosa xente.

Que ninguén pense que estou presentando aquí un panorama ideal, unha Galicia idílica, nada diso. É certo que os galegos están máis concienciados hoxe do valor real da autonomía e que confían nas institucións propias porque estas van resolvendo, na medida das posibilidades, importantes dificultades e problemas colectivos.

Pero tamén é certo —e así o advertín tempo atrás nesta Cámara— que o noso país está hoxe máis ameazado que nunca polo retroceso demográfico; esa é, señoras e señores deputados, unha das grandes eivas desta terra. E aínda que máis adiante exporei algunhas medidas concretas para pórle freo, creo que o problema precisa dunha ineludible reflexión colectiva, que ben podería ter como escenario o recinto desta Cámara.

A estabilidade institucional e política que o Partido Popular vén aportando non exime a ninguén das súas responsabilidades, todo o contrario, eu comprométome aquí, diante dos representantes do pobo galego, a traballar e a facer traballar, con seriedade e eficacia, porque só con esforzo e plena dedicación contribuiremos a que siga decrecendo o paro, a que a xuventude teña máis posibilidades, a que haxa solucións xustas para os homes e as mulleres do campo e do mar. En definitiva, para que agrome a esperanza onde poida reinarlo desalento e a incerteza.

Non están os tempos para utópicas panaceas nin para solucións milagreiras. Os representantes sociais deberán aportar iniciativas sensatas a favor dos traballadores, e os axentes empresariais potenciarán a economía nun clima de mutua confianza.

Renovo tamén aquí o meu ofrecemento e diálogo constructivo. Seguiremos escoitando a todos, menos a aqueles que veñan con ameazas para impo-las súas

ideas, porque cremos de verdade na concertación e porque a experiencia nos indica que a solución dos problemas esixe moita vontade negociadora e cantas máis ideas e menos dogmas e ideoloxías mellor.

Novas cotas de autogoberno.

Galicia está entre as comunidades que acadaron os máis altos niveis de competencias. Especial interese ofrecen as correspondentes ó crédito, banca e seguros, que, sen estar recollidas no Estatuto, foron recoñecidas recentemente por unha lei orgánica.

Dentro desta política de acada-las maiores cotas de autoxestión, a Xunta de Galicia continúa mantendo co Goberno central as negociacións que permitiron materializar un volume de competencias. Así, no Pleno celebrado o 16 de febreiro de 1999, asináronse novos trasposos cun custo total efectivo de algo máis de 700 millóns.

Hai aínda poucos días que se negociou o traspaso do profesorado de relixión, e para os centros educativos do Ministerio de Defensa existe un preacordo para traspaso de persoal e cesión de catro instalacións por 99 anos. Outros trasposos acordados inclúen as competencias en materia de axentes de seguros e as titulacións náutico-pesqueiras. Potenciouse tamén a Comisión Bilateral, un foro no que se tratan asuntos distintos ós trasposos, pero que requiran un marco formal a onde leva-los acordos.

O pacto local.

A nosa é a comunidade na que o proceso de descentralización de competencias a favor dos entes locais está máis adiantado. Así, contamos na actualidade cun marco institucional definido e axeitado para avanzar máis rapidamente na descentralización.

Ademais das leis do Estado, a Lei de Administración local de Galicia e as outras normas regulamentarias que desenvolven a estrutura e o funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local, xa teñen definido o marco competencial, o que posibilita e favorece a adopción de acordos concretos. Entre eles quero destacar:

1. A aprobación pola dita comisión do método para o cálculo do custo dos servizos que se transfiran ós entes locais.

2. O acordo que regula as cuestións sobre as que operará inicialmente o pacto local en Galicia, e a constitución dunha Subcomisión Mixta, Xunta de Galicia-Entes Locais, para o estudo das transferencias en materia de asuntos sociais.

Estes acordos, acadados —por certo— por unanimidade, abren un marco de total transparencia, lealdade administrativa e obxectividade, no que se seguirá traballando, porque témo-lo máximo respecto pola autonomía local.

Financiamento autonómico.

A idea básica, inseparablemente unida ó avance no terreo da autonomía financeira, sobre a que se asenta o sistema de tributos compartidos, descansa na aplicación dunha política de liberalización de servizos, competencia da Facenda central, a través das asignacións necesarias, para garanti-la prestación dos servizos públicos das comunidades autónomas a un nivel mínimo previamente determinado. Neste senso, as asignacións responderían a un criterio de equidade, que entendemos que debe ser definido partindo do custo que a prestación do servizo supoña para a administración que as oferta.

Non é aceptable para nós un baremo puramente poboacional, como o defendido dende outras posicións, porque non absorbe as diferencias de custo e desvirtúa a solidariedade real. O xusto é que a igual esforzo fiscal corresponda unha igual prestación de servizos.

Entendemos, en definitiva, que o modelo de tributos compartidos constitúe a canle adecuada para actuar na organización política do Estado, que combina autonomía e solidariedade en proporcións que se deben definir en cada momento, atendendo ás prioridades dos gobernos autonómicos e central.

Este é o modelo que permite avanzar cara a un sistema de financiamento estable, no que a coherencia e a equidade sirvan para reconducir, en termos razoables, a dinámica reivindicativa que invariablemente vén caracterizando o debate neste terreo.

No outro prato da balanza están aqueles que, tendo as responsabilidades de goberno, non se adheriron ó vixente sistema de financiamento, por considerar que a atribución de capacidade normativa no eido dos ingresos tributarios ás comunidades autónomas só beneficia as de maior renda. Esta postura conduce á negación da autonomía financeira, baseándose na súa pretendida incompatibilidade cun sistema de financiamento xusto e equilibrado.

O certo é que non só as cifras que agora se tentan disfrazar con maior ou menor fortuna privan de razón os que tal cousa pretenden, senón que ademais semellante posicionamento diminúe a autonomía política, constitucionalmente atribuída ás comunidades autónomas, eliminando a dimensión financeira de tal principio. É un posicionamento centralista que non compartimos en absoluto.

Fronte a tales posturas, o Goberno de Galicia entende que se debe seguir avanzando na liña xa iniciada polo Partido Popular, posibilitando a máis ampla autonomía financeira das facendas autonómicas e desenvolvendo os mecanismos que, en atención á solidariedade interterritorial, xa están formulados na Constitución e na LOFCA.

Para incrementa-la virtualidade deste poder de decisión autonómico, consideramos que a nómina de tributos compartidos debería abrangue-la imposición sobre o consumo na súa fase minorista.

Entendemos que só o afondamento neste equilibrio pode conducir á configuración dun sistema de financiamento xusto, coherente e dotado dunha estabilidade, que xa resulta imprescindible, transcorrida máis dunha década dende que se deu por finalizado o período transitorio.

Hoxe en día resulta inaprazable un modelo estable e asentado, protexido, polo menos no esencial, dun debate político orientado por particularismos e intereses conxunturais.

Esta mellora na suficiencia financeira permite unha actualización real das potencialidades da autonomía política. As comunidades autónomas dispoñen de máis recursos para o desenvolvemento das súas políticas de gasto, formuladas en atención ás

prioridades que dende os gobernos autonómicos se definen.

Tamén resulta satisfactorio comprobar cómo no novo sistema o incremento de recursos adicados ás facendas autonómicas desemboca, nun maior grao, naquelas que máis o necesitan, tendo en conta tanto a renda por habitante como o nivel de atribucións competenciais.

Durante o primeiro ano de vixencia do sistema, Galicia foi a comunidade autónoma máis beneficiada no incremento de recursos; 10.733,7 millóns máis sobre o que percibiríamos antes de cambia-lo modelo. O funcionamento previsible do sistema, de acordo cos resultados xa producidos, xerará para a nosa terra, no que resta de período, un incremento de recursos superior ós 50.000 millóns de pesetas en relación co sistema anterior.

A solidariedade deste modelo vai adquirindo, pois, a relevancia que merece de acordo con criterios de xustiza redistributiva dificilmente cuestionables dende calquera posicionamento político minimamente sensato.

A vertebración de Galicia. A Sociedade Pública de Investimentos (SPI).

Nos seus primeiros anos de funcionamento, a SPI de Galicia vén dando cumprida resposta á finalidade para a que foi creada: a execución de infraestruturas públicas estratéxicas que deban ser afrontadas sen dilacións. A acción da SPI recae sobre investimentos selectivos, enmarcados ademais nunha estratexia de gasto que encaixa na evolución dos presupostos da Comunidade Autónoma.

Os investimentos da SPI de Galicia superarán, a finais de 1999, os 30.000 millóns de pesetas.

O esforzo de gasto máis importante recaeu en educación (construción de infraestruturas educativas para a implantación da LOXSE), en agricultura (mellora das infraestruturas rurais) e obras públicas (investimentos e melloras urbanísticas, transportes e estradas).

Os obxectivos do gasto demostran o xa indicado: por unha banda, actuar sobre aspectos claves do be-

nestar social, como son a educación, ou sobre infraestructuras básicas, e pola outra, trátase de investimentos con efectos a longo prazo, que deben ser acometidos con carácter case inmediato.

Incrementa-la converxencia.

A economía galega conseguiu iniciar unha senda de converxencia que é preciso consolidar. Resulta importante lembrar que dende a nosa incorporación a Europa, Galicia mellorou o seu PIB per cápita nun 14,55%, pasando do 55% no ano 1986 ó 63% no ano 1996, tal e como se pon de manifesto no recente *Sexto informe periódico sobre a situación económico-social e o desenvolvemento das rexións da Unión Europea*.

No mesmo informe indícase que o PIB per cápita no conxunto do Estado só medrou un 12,75%, cunha sensible diferenza a favor da nosa comunidade.

Esta positiva evolución no camiño da converxencia coloca a Galicia nun mellor lugar entre o grupo de rexións menos desenvolvidas, cunha mellora de sete puntos sobre a posición anterior.

Plano estratéxico de desenvolvemento de Galicia (Pedega).

O saldo positivo da economía galega non pode facernos esquecer que o noso país ten aínda que conseguir-lo fin último do novo plano estratéxico de Galicia, que non é outro que nos poidamos incorporar á chamada "cohesión económica e social de Europa".

Para isto é para o que contamos co Plano estratéxico de desenvolvemento de Galicia (Pedega), baseado en tres principios de referencia:

1. Asumi-la inserción de calidade na globalidade económica, coa necesidade de identifica-los "nichos" productivos con potencial de desenvolvemento no futuro.

2. Establece-la coherencia como principio xeral para tódalas actuacións do noso desenvolvemento.

3. Fixar como criterios de actuación os principios de eficiencia e eficacia na execución destas accións.

Os grandes fins perseguidos polo Pedega son:

1. O aumento do emprego de calidade, tratando de recupera-la súa importancia como fin último das políticas económicas, na liña de estratexias actualmente en marcha.

2. A elevación do nivel de calidade de vida dos galegos, harmonizando os distintos segmentos de poboación cos diversos espazos territoriais do país.

3. Asegura-lo desenvolvemento sostido da nosa base productiva, o que implica unha estratexia axustada ás propias potencialidades específicas.

Deste xeito, os ámbitos e obxectivos finais do Pedega concrétnanse en:

1. Potencia-la competitividade do tecido productivo.

2. Eleva-la calidade competitiva do noso territorio.

3. Promociona-lo capital humano.

4. Aumenta-la eficacia e eficiencia do marco institucional e operativo.

Cómpre engadir que o Pedega é o eixo básico no que se articulará a política socioeconómica da Xunta no período 2000/2006, e que o Plan de desenvolvemento rexional (PDR) 2000/2006, inserto na filosofía contida no Pedega, é o documento que recollerá o financiamento procedente dos fondos europeos para aquelas actuacións susceptibles de recibiren aportacións procedentes de Bruxelas. O gasto que prevé desenvolver-lo Pedega nos seus sete anos de execución elévase a case dous billóns de pesetas.

O Plano estratéxico de desenvolvemento de Galicia propón unha dobre estratexia: por unha banda, reforza-lo eixo central sobre o que xira o noso sistema, a chamada Dorsal Atlántica; e, pola outra, poñer en marcha un ambicioso proxecto de apoio ás áreas de menor desenvolvemento relativo, ás zonas rurais, que ocupan máis das dúas terceiras partes do territorio galego.

A perda de poboación rural e os niveis de emprego agrario esixen unha resposta particular e específica, reclaman un conxunto de medidas que fagan fronte ás debilidades e que consigan dar respostas válidas, converténdose en fortalezas.

As apostas da Xunta de Galicia pasan por catro grandes obxectivos: fixa-la poboación no territorio; mellora-las súas condicións de vida; unha utilización máis eficiente das posibilidades productivas endóxeas e mellora-la competitividade.

Este Plano especial para o medio rural, incluído no Pedega —e aproveito a súa posta en marcha para anunciálo nesta sesión parlamentaria—, integrará as necesidades das distintas áreas productivas.

Refírome a que o Plano especial para o medio rural atenderá principalmente cuestións agrícolas, gandeiras, forestais, medioambientais, turísticas, artesanais e de primeira transformación. Farao axustándose ás peculiaridades do territorio, tendo en conta as nosas potencialidades productivas como base para un desenvolvemento estable e sostido.

Trátase, pois, dun obxectivo importante e de forte contido, de maneira que a súa concreción responderá ó principio de cooperación e dependerá do esforzo compartido por tódolos axentes económicos e sociais. Pola súa propia natureza, este plano especial esixe, por parte do Goberno de Galicia, a posta en marcha dun órgano de xestión especializado e de carácter horizontal, que traballará coordinadamente.

O soporte orzamentario previsto para o Plano especial para o medio rural será de máis de 20.000 millóns de pesetas.

Señorías, o Pedega —acabo de esboza-las súas liñas básicas— contempla unha estratexia de acción para as áreas e os sectores básicos da nosa economía, ó tempo que manexa uns escenarios e uns obxectivos marco sumamente realistas.

O Pedega 2000/2006 marca unha nova etapa no desenvolvemento de Galicia. Identificados os problemas básicos da nosa economía e unha vez fixada a estratexia global, correspóndelles ás consellerías implicadas reformula-las súas actuacións, adecuándoas ó Pedega dentro dos marcos financeiros previstos.

No período 2000/2006, en Galicia vanse investir un total de 3,4 billóns de pesetas, sumadas as intervencións do Estado (1,7 billóns) e as propias de Galicia (1,7 billóns).

O Goberno do Estado aceptou recentemente as alegacións galegas ó Plano de desenvolvemento rexional de Galicia, polo que o investimento total en Galicia, como digo, ascenderá a 1,7 billóns de pesetas.

Así as propostas galegas aceptadas como alegacións no tema do ferrocarril son as seguintes:

— A conexión de Galicia coa Meseta con alta velocidade e co trazado determinado polos estudos técnicos para o tramo galego de alta velocidade.

— A conexión do eixo atlántico Ferrol-fronteira portuguesa con velocidades non inferiores a 180 Km/h.

— O trazado Santiago-Ourense, con variantes para velocidades de arredor dos 200 Km/h.

— A dobre vía Ferrol-Xubia, que é do campo de FEVE.

Por outra banda, as alegacións sobre estradas, portos e aeroportos aceptadas refírense a:

— Conexións de Ferrol e a fronteira lusa por estrada e peche da autoestrada Santiago-Ourense coa conexión Santo Domingo-Barbantes.

— Acceso a portos e aeroportos e, máis concretamente, acceso ó aeroporto da Coruña.

— Nos contornos metropolitanos engádese Lugo e considérase de maneira máis completa o segundo cinto de Vigo.

— Amplíase o porto comercial de Vigo.

Cómpre lembrar que o PDR é o documento que formula propostas sobre os investimentos susceptibles de seren cofinanciados por algúns dos fondos da Unión Europea destinados ás rexións obxectivo número 1, e que esixen outras moitas actuacións en Galicia, ademais das citadas nestas alegacións, xa recollidas no texto dende a súa primeira formulación.

O noso país, dentro das comunidades autónomas obxectivo 1 e dentro das comunidades autónomas do artigo 151 da Constitución, é unha das nacionalidades

máis favorecidas. As nosas cifras per cápita son superiores ás de Valencia e semellantes ás de Andalucía.

A media galega volve ser superior no cómputo global, sumados os investimentos do Estado e os de Galicia, con 1.210.650 pesetas, fronte á media total de 1.087.889,2 pesetas de investimento —repito, sumando os do Estado e os de Galicia—.

Sector primario. Agricultura e gandería.

Queremos, durante os próximos anos, que o sector agrario galego recupere a súa especial transcendencia. Para iso, intensificaremos os esforzos para chegar a ese ano 2006, punto de obrigada referencia, en condicións de equiparación ás rexións europeas máis avanzadas neste eido. Só así lograremos integrarnos nos plans de desenvolvemento dos países de nova incorporación —os chamados Peco—, evitando, ó mesmo tempo, ter que competir con eles para obter recursos comunitarios.

Neste senso, desexo reiterar a nosa felicitación á ex ministra —hoxe vicepresidenta da Comisión— Loyola de Palacio, pola tenaz e decidida defensa que fixo dos intereses españois en xeral, e galegos en particular, por máis que algúns se neguen a aceptar unha evidencia xa recoñecida nas instancias comunitarias.

O incremento de 550.000 toneladas, acadado para o total estatal da cota láctea, permitiralle a Galicia, unindo a parte que nos corresponda de reasignacións que poidan xurdir por outras circunstancias, acadar unha cifra importante. Sabemos que isto non é óptimo, pero constitúe un avance substancial, un máis, que nos posibilitará seguir traballando na necesaria modernización do sector.

Igualmente, o incremento acadado no número de primas para tenreiros e a rebaixa na idade de sacrificio, primable dende os nove meses, se ben non colma as nosas aspiracións, tamén constitúe unha mellora importante. En canto ó sector vitivinícola, podemos dicir que non houbo nin unha soa voz discrepante sobre a súa conveniencia para a nosa terra.

Certamente, a Unión Europea delegou nos estados membros a decisión sobre o reparto interno das medidas acordadas, e poden te-la absoluta seguridade de que o Goberno da Xunta loitará con tódalas medidas

legais ó seu alcance para obter as mellores condicións.

Na encrucillada presente tentamos incrementala competitividade da agroindustria a niveis equiparables ós das rexións europeas máis avanzadas, aí está o noso Plano especial para o medio rural.

A agroindustria galega realizou, durante o pasado ano, un considerable esforzo de reestruturación e adaptación ás novas circunstancias do mercado; un esforzo encomiable que contou en todo momento co apoio da Xunta de Galicia a través de axudas a 200 empresas do sector, cun investimento subvencionable de 10.400 millóns, dos que 5.800 corresponden ó sector cárnico e 2.650 ó lácteo.

A política de calidade diferenciada supón un considerable avance administrativo e de organización, e os resultados ata agora acadados —do que o símbolo é o espectacular crecemento de *Ternera Gallega*— valorizan sobradamente os esforzos. Galicia conta xa con quince denominacións de orixe e indicacións xeográficas: cinco para viños, Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei; unha para destilados de augardente, *Orujo de Galicia*; catro para queixos, *Tetilla*, San Simón da Costa, Arzúa-Ulloa e Cebreiro; unha para a pataca, Pataca de Galicia; unha para o mel, Mel de Galicia; dúas para carnes, *Ternera Gallega* e *Lacón Gallego*; e unha para a agricultura ecolóxica.

Doce delas —subliño— das quince foron postas en marcha a partir de 1990 e dúas novas están en proceso de estudo: unha para diversos tipos de pemento e outra para xamón. Todas estas denominacións avaladas pola Unión Europea constitúen, sen dúbida, un camiño que hai que potenciar no futuro.

No ámbito da concentración parcelaria, próximo a acadalo obxectivo das 600.000 hectáreas concentradas, requírese un cambio nas formulacións. En efecto, e con independencia dos procesos de reconcentración que conveña desenvolver, trátase agora de actuar sobre zonas moito máis difíciles, debido ás elevadas pendentes e á sensibilidade medioambiental das zonas que se van concentrar.

Cómpre tamén combina-los procesos concentradores con medidas de mobilización de terras. A todo isto

to vai dar resposta a nova Lei de concentración parcelaria, de próxima presentación neste Parlamento.

Finalmente, teño que destacar que, dos 89.500 millóns convidados coas organizacións empresariais e sindicais para o fomento do emprego durante o trienio 1999-2001, máis do 45%, isto é, uns 40.500 millóns, está destinado ó medio rural.

Pesca.

A creación, renovación e modernización das estruturas pesqueiras e das industrias vencelladas a esta actividade e á acuicultura mereceron especial atención por parte do Goberno galego.

Boa proba desta preocupación son os resultados do programa de renovación da flota. Dende o comezo do programa operativo vencellado ós fondos IFOP, en 1994, construíronse 435 novas embarcacións —con resultado notorio para a industria naval— e acometeuse a renovación doutras 367, o que significa a renovación do 30% —en cinco anos— da Tonelaxe de Rexistro Bruto da flota pesqueira galega.

Esta renovación e modernización supuxeron uns investimentos de 41.647 millóns de pesetas, e unhas axudas de máis de 24.000 millóns.

Foi e segue a ser un obxectivo prioritario a modernización das industrias de transformación e comercialización dos produtos da pesca, na medida en que repercute na mellora da competitividade das empresas. Neste eido, atendéronse 35 proxectos que supoñen a creación doutros tantos novos centros de traballo, coa consecuente creación de emprego, ós que hai que lle engadir 103 proxectos de modernización de centros xa existentes, que incrementarán a súa tecnoloxía e o nivel de competitividade.

Un dos subsectores que está a presentar excelentes expectativas de futuro é —por suposto— o da acuicultura mariña. Galicia lidera a produción de cultivos mariños da Unión Europea, cunha capacidade de produción instalada de 300.000 toneladas métricas, que xera un negocio anual de 28.000 millóns de pesetas e dá xa emprego a 13.000 persoas.

Segundo datos da FAO, os produtos da acuicultura representaban en 1995 o 25% do total de peixes

destinados ó consumo humano no mundo, polo que se prevé un excepcional futuro para esta actividade, que foi, como no paleolítico, o tránsito da caza á gandería. Ante esas perspectivas, estamos facendo unha firme aposta pola acuicultura, actualmente capitalizada, como maiores cultivos, polo mexillón e o rodaballo.

Modernización das confrarías de pescadores e das organizacións de produtores.

De forma complementaria á renovación do aparello productivo, estase levando a cabo un intenso proceso de modernización das confrarías de pescadores, co propósito de que pasen a ser institucións cunha marcada impronta mercantil dedicadas á xestión dos produtos do mar con criterios comerciais. Para iso establécese a creación dunha organización de produción no seo dos pósitos.

Esta corrente de modernización, xunto cos programas de extensión pesqueira e formación que se levan a cabo coas organizacións de produtores, están a ofrecer unhas melloras evidentes. En dez anos no marisqueo a pé a produción de bivalvos multiplicouse por dous e o seu valor por tres. Existen algunhas especies cunha evolución aínda máis espectacular, como é o caso do percebe, que tamén nun período de dez anos multiplicou por cinco a súa produción e o seu valor.

Mellora nos equipamentos das lonxas e comercialización telemática.

A modernización das lonxas e o aproveitamento das novas tecnoloxías son dúas liñas básicas de actuación que permitirán incrementa-la calidade dos produtos en orixe e o seu valor final e, consecuentemente, dotalos dun maior valor engadido. A Xunta de Galicia está a impulsar iniciativas encamiñadas á mellora das condicións hixénico-sanitarias das capturas, á implantación de novas técnicas de manipulación, clasificación e conservación do peixe e marisco e á implantación de sistemas de venda en lonxa que incorporan os últimos avances tecnolóxicos.

Cómpre destaca-los avances para a comercialización telemática das lonxas, mediante a aplicación de comercialización *off-line* nunha fase piloto, á vez que se analiza a viabilidade da comercialización *on-line* para un futuro próximo.

A seguridade marítima, unha preocupación permanente.

Galicia pasou, nos últimos dez anos, de ter unha costa deficientemente atendida a contar cun dos mellores servizos de busca e salvamento marítimo de Europa. Este servizo, creado en 1990, foi o primeiro das súas características instalado en España e o segundo de Europa. Dous helicópteros, con base en Vigo e en Celeiro, e dous barcos constitúen basicamente os medios técnicos dun servizo que desprega unha intensa actividade. Son xa, dende a súa creación, máis de 6.000 as misións efectuadas.

A decisión máis recente neste ámbito foi a incorporación, o pasado mes de xuño, dun novo helicóptero á base de Vigo, e está previsto que se incorpore outro similar á base de Celeiro.

A sensibilidade deste Goberno por incrementa-la seguridade e a calidade de vida dos mariñeiros levounos a asumir iniciativas sociais, como a creación do seguro do mar, que cobre os riscos de morte e invalidez permanente. A póliza de seguro moi mellorada dende o pasado ano, dá cobertura a 38.934 traballadores e tamén inclúe axudas e bolsas de estudos para os fillos de falecidos no mar.

Sector secundario.

Galicia tivo un pulo excepcional nestes últimos anos no sector industrial, no que se sumaron os esforzos do sector privado e do público. Nesta liña, durante o pasado exercicio, leváronse a cabo actuacións en canto a áreas principais.

Política de *clusters*. A creación de agrupacións de industrias en torno a un proceso productivo como foro de diálogo e a definición estratéxica e concentración de actuacións en áreas clave de interese común, así como a mellora da competitividade dos conglomerados industriais, foi —repito— un obxectivo clave. Por certo, está en pleno funcionamento xa o cluster da automoción que xa mostra os primeiros resultados. E no pasado mes de abril constituíase tamén *cluster* do naval. Estas agrupacións demostran unha gran potencialidade de colaboración entre empresas, que se manifesta no incremento de proxectos conxuntos e na consecución de melloras para os produtores.

Apoio ó artesanal. Debido ás súas peculiaridades e á súa importancia como creador de emprego, así como ó seu valor cultural, o sector artesanal mereceu unha atención diferenciada. Durante o presente ano incrementáronse as actuacións destinadas á catalogación e á modernización dos talleres artesanais, ó estudio, análise e apertura de novas canles de comercialización e á divulgación e valoración da imaxe da artesanía galega.

Fomento da investigación e desenvolvemento (I+D), aínda que hoxe xa se aumenta e se fala de IDI para incluí-la innovación. A Xunta de Galicia redobrou os seus esforzos por estende-la cultura da innovación entre as empresas galegas. Rematouse así a definición dunha estratexia de innovación que se iniciara hai dous anos. É destacable a participación das empresas galegas en proxectos de investigación e desenvolvemento e a realización dun proceso de divulgación das capacidades da nosa oferta tecnolóxica a través dos diversos centros e laboratorios.

Calidade. Melloráronse este ano as infraestruturas de apoio á calidade que están á disposición das empresas galegas a través do Laboratorio Oficial de Metroloxía e Calibración —integrado na Fundación para a Calidade e o Desenvolvemento Tecnolóxico—. Cómpre sinalar que se no ano 1991 a penas existían media ducia de empresas certificadas, no presente ano superan as 500 certificacións de alta calidade. Deste xeito, logrouse un notable incremento do número de empresas que contan con certificacións de calidade e avanzouse significativamente na aplicación da xestión da calidade total como ferramenta estratéxica de xestión.

En canto ás enerxías renovables, o desenvolvemento do Plan eólico de Galicia está a manifesta-lo noso liderado desta materia. A regulamentación do sector serviu de inspiración a disposicións similares doutras comunidades autónomas, e a nosa planificación é un exemplo citado en conferencias internacionais, onde se destaca o bo uso deste recurso en Galicia.

A creación do emprego con doce novas plantas de fabricación de compoñentes e de ensamblaxe de aerogeneradores, os 500 megavatios que estarán en funcionamento a finais deste ano ou os 50.000 millóns in-

vestidos colocan o noso país á cabeza dun sector de vangarda. Os estudos en aplicación da biomasa e doutras enerxías renovables permitirán que manteñamos esta posición de privilexio no contexto español e europeo e cumprir de lonxe os compromisos da Unión Europea de acadalo 12% de produción enerxética en base renovable.

Infraestruturas.

Gran parte destes logros non serían posibles sen a excepcional aposta que o Goberno galego vén facendo en canto a infraestruturas. Ningunha comunidade española foi obxecto dunha transformación máis profunda que a levada a cabo aquí en portos, estradas, augas, etc.

Pero o gran reto dos próximos anos será o ferrocarril. Podemos adiantar que as nosas infraestruturas ferroviarias serán totalmente renovadas no marco do Plano decenal 1998-2007, cuns investimentos previstos de preto dos douscentos mil millóns de pesetas.

Para o período 1998-2002 existen xa acordos do Ministerio de Fomento, Renfe e a Xunta de Galicia para obras por 76.000 millóns de pesetas, unha parte dos cales xa se está executando neste momento. Tal é así que os 15.881 millóns investidos superan as previsións deste ano, no que está a punto de licitarse o tramo Pontevedra-Marín e o estudio Vigo-Porto. Precisamente cando o Ministerio de Fomento estudia un enlace de alta velocidade entre Santiago e Ourense.

Despois de décadas de abandono e desinterese, esta é a primeira vez que se acomete en serio un plan ferroviario para Galicia, interior e exterior —de alta velocidade coa variante do Guadarrama—, e unha liña Porto-Ferrol.

A pesar das críticas dos que, curiosamente, nunca fixeron escoita-la súa voz na etapa en que Galicia pouco o nada contaba en Madrid, que ninguén dubide do meu compromiso e do do presidente do Goberno español, Xosé María Aznar, en relación coa modernización do ferrocarril. Do mesmo xeito que desfrutamos dunha nova Galicia en canto a infraestruturas viarias, con estradas, autovías e autoestradas, moi pronto haberá unha nova Galicia cun ferrocarril rápido, moderno e competitivo.

E falando de estradas, podo anunciar que o segundo plan de estradas 2000-2009, actualmente en redacción, dotará a rede viaria galega duns niveis mínimos de accesibilidade para zonas máis desfavorecidas. Quero dicir, unhas autoestradas que mellorarán o equilibrio territorial e a igualdade de oportunidades diante da necesidade, para todos, de mobilidade, que favorecerán a accesibilidade de todo o territorio ás vías de alta capacidade, que estruturarán as redes metropolitanas de acceso ós principais núcleos de poboación, que ampliarán a permeabilidade de Galicia coas comunidades limítrofes e moi especialmente co veciño e irmán Portugal e que axudarán á seguridade vial, diminuíndo os riscos de accidentes e adaptando cada rede á tipoloxía e características da demanda.

Portos.

En materia de portos, focalizáronse os investimentos na execución das obras de infraestrutura tales como as actuacións en abrigo, accesos marítimos, dragados e balizamentos, así como calquera outra acción que, con carácter de servizo público, teña unha rendibilidade social, reactivando a economía da zona na que se encadran os peiraos.

Así mesmo, fomentáronse durante este exercicio actividades náutico-deportivas para o que se levaron a cabo as obras necesarias de dotación dos nosos portos coas mellores infraestruturas para a práctica destes deportes.

Augas.

A Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, centra as súas actuacións en: abastecemento de augas potables e saneamentos das residuais á poboación en xeral e ós pequenos núcleos en particular; garanti-la participación dos usuarios da auga na adopción das decisións que lles afecten; protexe-lo litoral dos efectos negativos dos vertidos de augas residuais; potencia-la execución de obras de mellora e adecuación de marxes con obxecto de evitar as inundacións e de diminuí-los efectos negativos; e xestión do canon de saneamento. O seu rendemento destinarase por imperativo legal ó financiamento dos gastos de investimento e explotación de instalacións para o tratamento de augas residuais.

Vivenda.

A nosa foi a Comunidade Autónoma na que menos aumentaron os prezos de vivenda dende 1991. Sen dúbida, o traballo desenvolvido pola Xunta ten moito que ver con esta positiva evolución, pois, con anterioridade, nos últimos anos dos oitenta Galicia era unha das comunidades nas que máis medraba o custo da vivenda.

Seguimos traballando para que a situación mellore aínda máis. Por iso, nun momento no que os tipos de xuro e a mellora da situación económica permiten o acceso á propiedade da vivenda a amplos colectivos, estamos a traballar para impedir que os prezos continúen medrando, ou, en todo caso, para que o sigan facendo por debaixo dos establecidos en calquera outro lugar de España.

Hai que destacar tamén as importantes operacións de solo residencial que o Instituto Galego da Vivenda e Solo está a desenvolver nas principais cidades galegas, que permitirán ofrecer en breve máis de 1.100.000 m² de superficie destinada á construción de vivendas sometidas a algún tipo de protección.

Paralelamente, continúan desenvolvéndose as diferentes liñas de axudas para adquisición e rehabilitación de vivenda, así como os incentivos destinados ós colectivos específicos como as familias máis desfavorecidas, emigrantes, mozos ou persoas maiores.

Cultura, comunicación e turismo.

Actualidade da nosa cultura.

Galicia é unha realidade en cambio permanente, un país ben definido e constituído polas aportacións dos axentes sociais que o conforman, unha comunidade histórica con lingua e cultura de seu, solidariamente integrada en España e en pé de igualdade co resto das autonomías que compoñan o Estado. Se somos galegos é porque herdamos unha lingua e unha cultura milenarias, enriquecidas, día a día, polos nosos mellores creadores. Unha cultura na que nos autoidentificamos como pobo que participa do conxunto das culturas hispánicas e tamén participa do mundo de expresión luso-africano-brasileiro; unha cultura, en fin, con proxección e presenza europea, americana e universal.

Xa ninguén pode falar entre nós de cultura testemuñal e de resistencia. A nosa realidade impón unha produción cultural que move ó seu redor miles de millóns de pesetas. Editoriais, produtoras de cine, vídeo e dobraxe, patrocinadoras de artistas, galerías de arte, son só algúns exemplos de empresas que xestionan e exportan os nosos produtos culturais. Por certo, moi aprezados debido á súa alta calidade, á valía dos nosos escritores, artistas plásticos, deseñadores e outros. Uns creadores que pensan e traballan en galego, premiados pola crítica e que están presentes nos máis esixentes foros e mercados de España, de Europa e do mundo enteiro.

A Administración autonómica vén desenvolvendo o seu papel de órgano coordinador e difusor, sen interferir en absoluto no labor creativo nin nas iniciativas e propostas dos colectivos interesados, pero levando adiante un eficaz proxecto á hora de brindar-lles apoio ós sectores menos promocionados e de servir de plataforma exterior, cunha presenza activa en feiras, mostras e certames internacionais.

Forte aposta cultural.

En 1989 publicábanse un total de 489 libros en galego. Nove anos despois, é dicir, en 1998, o noso idioma pasou a ocupa-lo terceiro lugar entre as linguas do Estado en canto a edición, con 1.328 volumes publicados, que é tres veces o do ano 1989.

Hai dez anos que esta Cámara promulgaba a Lei de bibliotecas de Galicia. Dende aquela data creáronse preto de 300 novas bibliotecas e centros de lectura, que cobren as necesidades dos núcleos de poboación con máis de 2.000 habitantes. Dende aquela duplicouse o persoal, ampliáronse os horarios —as bibliotecas principais abren diariamente sen interrupción, mesmo os sábados—, e o proceso de informatización avanzou ata cubri-la maioría das bibliotecas municipais.

Axiña, calquera persoa conectada a Internet poderá acceder ó catálogo colectivo e de fondos antigos do Centro Superior Bibliográfico, que conta con máis de 900.000 rexistros e imaxes dixitalizadas.

En canto ó teatro, á música e á danza, sectores que en conxunto estaban representados por 678 entidades no ano 1995, chegamos, en 1999, a un total de 1.640, é dicir, case tres veces máis, en catro grupos indepen-

dentes rexistrados. Partindo dunha case nula tradición en música culta, Galicia desfruta hoxe de infraestruturas axeitadas e de dúas formacións excepcionais: a Real Filharmonía e a Orquestra Sinfónica. E no eido da música popular, a proliferación de conxuntos vai parella á calidade. Proba diso son os nomes de intérpretes novos da gaita, instrumento que recuperou mundialmente o seu prestixio, e que percorren con éxito dende Nova York a Berlín e dende Bos Aires mesmo a Sidney.

No campo das exposicións, e só no Centro Galego de Arte Contemporánea, recoñecido e avanzado proxecto da plástica máis vangardista, elevouse o número de visitas, no que vai de ano, nun 25%, sendo o mellor exemplo a mostra “Do impresionismo ó fauvismo”, da colección Thyssen, pola que pasaron máis de 100.000 persoas.

Outro tanto poderíamos apuntar, señoras e señores deputados, do noso patrimonio cultural, no que á parte da conclusión do Plan de catedrais, se remataron, no prazo dun ano, máis de 150 importantes intervencións en monumentos considerados como BIC, entre os que destaca a muralla de Lugo, por certo, nominada para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO, nominación na que temos empeñados tódolos nosos esforzos para acadala canto antes.

Tres proxectos de futuro.

Imos continuar colaborando, leal e estreitamente, co Concello de Santiago para que a capitalidade cultural de Compostela do ano 2000 sexa un evento aberto á participación de toda Galicia.

O 2000 será tamén o tempo de lembrar a Castelao. O quincuaxésimo aniversario do seu pasamento constitúe unha boa ocasión para a difusión da obra e da personalidade de tan ilustre galeguista. Alfonso Rodríguez Castelao debiera ser considerado por riba de calquera bandeira política, porque forma parte do cerne espiritual do noso pobo.

Entre outros grandes eventos programados, quero anunciar-la celebración no 2001 dun Congreso Internacional da Cultura Galega, que contará coa participación de persoeiros galegos e estudiosos de todo o mundo interesados na nosa cultura.

Obrigada referencia é tamén o proxecto da Cidade da Cultura de Galicia; unha aposta que permitirá, nun prazo de catro a seis anos, dota-la cultura galega — vista dende un ángulo universal, naturalmente— dun centro concentrado no estudio e na investigación. Dende aí daráselles resposta ós retos tecnolóxicos que tamén pertencen a esta cultura do século XXI.

Esta é a verdadeira razón dun complexo cultural autenticamente galego, chamado a perdurar e a servir de exemplo, máis alá da súa magnitude e singularidade estética, algo que xa está garantido pola acertada elección dun gran xurado, dese arquitecto de sona internacional que é Peter Eisenman.

Eclosión do audiovisual.

Sabido é que a sociedade de final de século está marcada pola converxencia tecnolóxica e a globalización dos medios de comunicación e dos seus contidos. E non nos enganemos, o que non existe nese eido, non existe nestes tempos. A orixe destes profundos cambios hai que buscala no impulso das tecnoloxías da información e comunicación debido á revolución dixital e á converxencia das industrias da información, das telecomunicacións e do audiovisual. Por primeira vez podemos dicir, non sen ningún orgullo, que Galicia non é allea a un proceso desta envergadura. O audiovisual é hoxe, como foi a moda e o téxtil na década dos oitenta, un dos paradigmas da modernización galega.

Un exemplo deste pulo podemos constatalo en que nos últimos catro anos se multiplicou por tres o número de empresas do sector, e a súa facturación aumentou un 142%, mentres que os postos de traballo ofertados pasaron de 450 a 1.200. O volume de negocio do sector supera xa os 60.000 millóns de pesetas anuais.

Galicia é hoxe o terceiro polo máis importante da industria audiovisual española, despois de Madrid e Barcelona. Se se mantén e se incrementa esta forza cara a Iberoamérica, Portugal e o Brasil, o futuro preséntase francamente esperanzador.

Cando remate o ano teranse estreado oito películas que terán a Galicia como centro principal de produción e participación. Catro delas, por certo, participaron no pasado Festival de cine de San Sebastián. Isto

era algo impensable hai tan só tres anos. E tamén, antes de que remate 1999, será inaugurada a primeira factoría de España de produción de animación. Nos próximos tres anos, é dicir, no primeiro trienio do novo milenio, realizaranse en Galicia entre 12 e 15 películas de cine, cun investimento que superará os 8.000 millóns de pesetas.

En materia de televisión, xa se está traballando en doce series de telecomedias producidas todas en Galicia e por galegos, ademais de en varias series documentais e de entretemento, e aínda máis, a oferta privada de televisión aumentará notablemente coa posta en marcha dos operadores de cabo —Grupo R e Telefónica— e coa posibilidade de dúas novas canles dixitais privadas.

Claros expoñentes do avance tecnolóxico do noso país foron estes mesmos meses pasados o “Camiño de Santiago virtual”, plasmado nunha exposición que foi visitada por máis de 125.000 persoas e pola que se interesaron, pola súa figura técnica, institucións, empresas e particulares de España e do estranxeiro; refírome mesmo á axencia espacial norteamericana NASA e ó grupo de empresas que dirixe o actor Michael Douglas.

Outro exemplo é a autopista galega da información, unha iniciativa pioneira da nosa comunidade que foi seleccionada pola multinacional Fujitsu por formar parte dunha campaña de promoción a nivel mundial. Unha campaña adicada á aplicación das novas tecnoloxías, na que tan só houbo tres proxectos: o laboratorio de investigación de Fujitsu en Xapón, o observatorio que a mesma multinacional realizou nas illas Hawai e a autopista galega da información.

Un ano turístico excepcional.

A celebración do Xacobeo 99 propiciou que Galicia rexistrara neste ano o maior movemento de viaxeiros da historia cara á nosa terra, situándose a nosa comunidade como un dos destinos turísticos preferidos polos españois. Calcúlase que oito millóns de visitantes chegaron, antes de finais de agosto, a Santiago de Compostela, e toda Galicia recibiu no mesmo período 2.800.000 turistas. A finais de ano está previsto acada-los 3,5 millóns fronte ós 2,6 do ano 1998. Por primeira vez estas cifras foron confirmadas conxuntamente pola Administración e os empresarios

do sector nunha comparecencia pública que tivo lugar no pasado mes de agosto.

Entre a infraestrutura turística deste ano destaca a construción de 36 novos hoteis en toda Galicia, con preto de 3.000 novas prazas, coas que esperamos supera-la barreira das 30.000 prazas hoteleiras na nosa comunidade.

Outra consecuencia deste ano turístico excepcional foi a creación de 1000 postos de traballo directos no ramo dos hoteis, que se sumaron ós 9.000 empregos creados no sector servicios. Tamén o turismo náutico experimentou unha notable eclosión. Como dixeran antes, os nosos portos deportivos, en pé de desenvolvemento, tiveron en 1999 un grao de ocupación do 90% fronte ó 78% da media nacional.

Estes son os froitos do acertado programa de construción de portos deportivos afrontado polo Goberno galego. O obxectivo deste plan é triplicar-la oferta de amarres do noso litoral; dos 1.400 existentes no ano 1997 pasamos ós 2.500 da actualidade, e chegaremos no ano 2000 ós 4.500 amarres.

O turismo rural aumentou, só en catro anos, de 50 a 230 establecementos, distribuídos por tódalas nosas bisbarras. Hoxe, con 2.000 prazas, representamos unha oferta das máis amplas de España, con recursos e demanda dabondo para mante-lo ritmo de crecemento nos próximos anos. O mesmo pode dicirse do turismo termal —a gran posibilidade para Galicia pola súa riqueza en augas de todo tipo— e doutras modalidades en auxe, que, por suposto, contan co apoio do Goberno galego, como son o golf, os congresos, o turismo cultural e o de natureza.

Antes e despois do Xacobeo 99.

O éxito acadado ata o momento coa celebración do Xacobeo 99 dará que falar e escribir durante moito tempo. Estamos ben seguros de que haberá un antes e un despois deste Ano xacobeo de 1999.

Non vou reiterar diante desta Cámara programas, cifras e datos; de todo iso os responsables máis directos do Plan Xacobeo deron e están dispostos a dar cumprida conta ás súas señorías. Pero permítanme destacar tres aspectos: en primeiro lugar, o alento e apoio económico prestado pola iniciativa privada, que

se involucrou totalmente e fixo posible a mellor programación cultural e musical ofertada en España durante este ano, e atrévome a dicir que a mellor promoción que nunca tivo Galicia no mundo inteiro.

En segundo termo, é que por primeira vez un ano santo non só serviu para promocionar Santiago de Compostela, senón Galicia enteira, gracias ó slogan “Xacobeo 99, Galicia”.

E, en terceiro lugar, quero destaca-la participación cidadá en tódalas actividades programadas. Non vou facer unha análise pormenorizada das múltiples actividades, pero si quero salientar que as 145 exposicións organizadas ata o de agora foron visitadas por 1.050.000 persoas. Nos 964 actos de danza, teatro, recitais poéticos e outras actividades, que conformaron o programa “Galicia nos sentidos”, participaron 350.000 persoas, non só xente das nosas cidades, senón tamén das nosas vilas e aldeas. Ó Festival Internacional de Música Clásica asistiron 47.000 persoas —espero que sexa o cerne dun festival permanente de Galicia—, mentres no conxunto dos grandes concertos de música moderna a cifra chega a 1.450.000 persoas.

Neste punto quero expresar diante desta Cámara unha especial felicitación á nosa xuventude: non houbo unha mala liorta, non houbo unha xiringa nos campos, ás veces multitudinarios nestas reunións, porque os nosos mozos e mozas participaron con entusiasmo desbordado, pero mantendo actitudes serias e sereas, que os honran de verdade e que nos obriga a todos a reflexionar sobre o alto grao de responsabilidade dos nosos mozos; elas e eles son máis unha vez a garantía do mellor futuro de Galicia.

Permítome anunciar que temos un equipo traballando para poñer en marcha o Plan director dos camiños de Santiago, que non é un, son sete, co fin de eleva-lo valor de cada recuncho destas marabillosas rutas. Vanse destacar non só aspectos históricos dos camiños, senón tamén o seu ámbito de influencia nun radio de entre 15 e 25 quilómetros, resaltando a riqueza cultural e artística e o patrimonio natural e ecolóxico. Esta aposta polo valor dos camiños de Santiago e do seu contorno é unha das ofertas máis atractivas que se poidan pensar de cara á promoción de Galicia no resto de España e de Europa enteira.

Emprego.

A situación do mercado laboral galego continúa o proceso de mellora comezado en 1994. Entre o primeiro semestre daquel ano e o primeiro semestre de 1999 o número de desempregados descendeu en Galicia en 67.531 persoas, é dicir, nun 33,82% —como tódolos anos, a copia do meu discurso recibirana os grupos parlamentarios, cunha serie de anexos nos que quero salientar especialmente os que se refiren a máis detalles nestes temas do emprego—. O número de ocupados incrementouse en 14.800 e o número de afiliados á Seguridade Social, é dicir, a supresión de economías máis ou menos escuras, aumentou en case 100.000, a cifra máis alta de afiliación na historia da nosa Comunidade Autónoma.

Pero, lonxe de detérmonos ou de ralentizar este proceso, os últimos meses continuaron sendo bos para o emprego, tanto en termos cuantitativos como cualitativos. De feito, os desempregados galegos eran, o 30 de xuño, 23.413 menos que un ano antes, é dicir, un 15% menos. O número de ocupados, segundo a enquisa de poboación activa, medrou en 15.300. Será certamente a redución dos ocupados agrarios a que reduce en termos xerais a creación neta de emprego na nosa comunidade, por iso nos temos que ocupar sobre todo dese eido. Pero esta consecuencia, nun proceso inevitable na evolución de tódolos sectores primarios de Europa e de inevitable apertura da nosa economía ós mercados exteriores, non debe confundir a quen se achegue de boa fe á realidade do mercado laboral galego. Este sufriu fondas transformacións productivas, reducindo ó mesmo tempo o número de desempregados.

No conxunto do Estado, e en Galicia en particular, creouse o 50% do emprego neto que se xerou na Comunidade Económica Europea —hoxe Unión Europea—, é dicir, nos outros catorce países.

Galicia pasou de máis de douscentos mil parados no ano 1991 ós 122.000 actuais. Se nos limitamos ó que vai de ano, os datos de tódalas fontes estatísticas relativas ó mercado laboral seguen sendo favorables. No primeiro semestre o número de desempregados inscritos no Servicio Público de Emprego diminuíu en máis de 20.000, o número de parados, segundo a

EPA, baixou en case 8.000 e a afiliación á Seguridade Social incrementouse en 25.638.

Esta clara tendencia á redución do desemprego en Galicia, e tamén na chamada economía somerxida, combínase cunha mellora cualitativa no funcionamento do mercado de traballo. Refírome ó incremento absoluto e relativo de relacións laborais estables, especificamente do emprego asalariado con carácter indefinido. A diferenza doutros períodos expansivos, como o que se dera en toda España na segunda metade dos oitenta, o momento actual caracterízase por un crecemento da estabilidade laboral, que nos achega, lenta pero inexorablemente, ós demais mercados de traballo europeos. É evidente o incremento da confianza dos cidadáns nas políticas económicas no Goberno central, e naturalmente da nosa Autonomía.

Tamén inflúen a próxima chegada da moeda única europea, os acordos da reforma laboral entre o Goberno e os axentes sociais, na primavera de 1997, xunto co conxunto de medidas estatais e autonómicas incentivadoras da contratación estable. Teño que lembrar aquí que foi este un dos obxectivos expresos dos “Acordos polo crecemento do emprego en Galicia 1998-2001”, asinados en xuño do ano pasado pola Xunta, a UGT, Comisións Obreiras e a Confederación de Empresarios de Galicia. No seu primeiro ano de vixencia a taxa de estabilidade medrou en Galicia do 65% ó 66%, o dobre da media do Estado, e asináronse 51.743 contratos indefinidos. De feito, durante 1998 creáronse en Galicia 31.000 novos empregos con contrato indefinido, un 85% do emprego asalariado xerado, o que demostra que en Galicia se está a crear emprego e que este é cada vez de maior calidade. A estes resultados contribuíron sen dúbida os máis de 4.700 millóns adicados pola Xunta ó fomento do emprego e á estabilidade laboral, dos que se beneficiaron 7.760 empresas e 14.000 traballadores.

Polo tanto, menor desemprego e maior estabilidade e todo isto sobre a base de concertación, son as dúas características máis salientables do comportamento da realidade laboral galega nos últimos meses. ¡Alá os que preferiron quedar fóra!

Continúa, pois, unha tendencia laboral favorable. Nembargantes, seguimos contribuíndo, dende o Goberno galego, a este proceso de mellora, con pro-

gramas e medidas de política activa de emprego, de acordo coas competencias asumidas o pasado ano e a vontade política de converte-la promoción de emprego estable nun dos eixos, como é natural, da actuación do Goberno.

Neste mesmo senso, os Acordos polo crecemento e o emprego en Galicia, ós que xa fixen referencia, demostran non só vontade política en apoia-la creación de emprego, e en particular do emprego estable, senón en facelo de xeito consensuado, como dicía, cos axentes sociais, para garanti-la verdadeira eficacia das medidas, a través da súa incorporación á negociación colectiva e ó ámbito das empresas.

O esforzo polo diálogo, como método da política de emprego da Xunta, garante tamén o nivel de estabilidade e paz social que a economía e os sectores productivos de Galicia necesitan para o seu pleno desenvolvemento. Foi este convencemento o que nos levou a seguir profundando noutras medidas que completaron os Acordos do pasado ano. Esta aposta polo diálogo deu novos froitos cos segundos Acordos polo crecemento e o emprego, asinados o pasado 30 de xullo. Atrévome a afirmar que a suma destes dous acordos entre a Xunta, UGT, Comisións Obreiras e a Confederación de Empresarios de Galicia constitúen o conxunto de política de emprego autonómica máis sólido de cantos existen nas comunidades de España.

Polo que respecta ás políticas activas, os Acordos fixan o marco de actuación do Servicio Público de Emprego de Galicia, recollen o compromiso do pleno desenvolvemento das directrices europeas derivadas do Consello Extraordinario de Luxemburgo e do Plan Nacional de Acción para o Emprego e establecen medidas específicas para as características do mercado de traballo autonómico.

Familia. Política social: cara a unha sociedade do benestar.

O desafío que temos diante nosa, nesta Galicia de fin de século, é moderniza-la política social co fin de soste-los valores fundamentais do modelo social europeo para o futuro. Se queremos asegura-la pervivencia do Estado do benestar, teremos que apostar por unha maior participación da sociedade civil, co que se reforzarán os valores de responsabilidade persoal e dunha auténtica estabilidade, pero, sobre todo,

de verdadeira participación e de eludir calquera tipo de fraude. De feito, un dos motivos polos que na actualidade se cuestiona este amplo e complexo concepto é pola perda do sentido da responsabilidade e de iniciativa persoal do cidadán con recursos suficientes. Este está acostumado a que o Estado o provexa diante de calquera eventualidade, esixíndolle o máximo de prestacións.

Diante desta realidade e para garanti-la necesaria continuidade do Estado do benestar, que, por certo, cómpre non esquecer que ten a súa orixe nos valores da dignidade da persoa humana e da solidariedade, e que ó mesmo tempo os promove, debemos adapta-lo seu ámbito de xestión ás novas circunstancias. A tal fin cómpre: asumi-lo compromiso político de garantir a tódolos cidadáns que presenten un estado de necesidade os medios precisos para desfrutar dunha vida digna.

Por outra parte, e tendo en conta a crecente e inevitable limitación de medios públicos, así como o principio de subsidiariedade, debemos: favorece-la función da familia como primeira célula de solidariedade, transmisora de referentes educativos e factor de benestar; apoiar e facilitar, coa axuda da Administración, a aquelas entidades privadas que están prestando servizos sociais, completando así o que é tarefa das limitacións públicas.

Efectivamente, se queremos avanzar pola vía da sociedade do benestar —e ben digo a sociedade do benestar, porque non basta co Estado do benestar—, debemos potenciar, dende os poderes públicos, unhas cotas máis elevadas de participación solidaria, así como o descubrimento da eficacia social das familias como punto de equilibrio da sociedade. Cando se escoita falar de nenos mártires ou de vellos abandonados, é bo recordar que non hai unha solución puramente burocrática.

A familia: punto de equilibrio da sociedade.

As funcións que desempeña a familia como apoio económico, moral e afectivo, de transmisión de valores de xeración en xeración e de formación para a convivencia, son estratéxicas e insustituíbles e como tales deben ser consideradas.

Por esta razón, o Goberno galego que eu me honro en presidir segue a apostar, como obxectivo prioritario, pola creación das condicións necesarias para un desenvolvemento enriquecedor da vida familiar, o que non significa de ningún modo pecha-la familia en fórmulas prefixadas e estereotipadas —xa que a sociedade cambia—, pero si posibilita-lo desenvolvemento dun proxecto persoal compartido e profundamente solidario.

A nosa preocupación é, en definitiva, garanti-la liberdade de tódolos cidadáns para crear e manter unha familia. Quero aclarar que non se trata dunha simple declaración de intencións, senón que estou a falar dun dereito positivo, constitucional, que naturalmente necesita unhas condicións mínimas para o seu exercicio.

Así, estamos traballando arreo para elimina-los obstáculos de toda orde e, en particular, os materiais e económicos, que pesan sobre aqueles que crearon un fogar ou queren crealo, a través dunha serie de medidas recollidas no II Plan integral de apoio á familia e que evidencian a nosa vontade política de defende-la institución familiar dende o exquisito respecto á liberdade de elección das persoas respecto do seu estado de vida.

Neste marco e no cumprimento dos principios de equidade e de cohesión social, a nosa política familiar preséntase como unha acción global de carácter transversal dirixida á mellora da situación da familia en si mesma, dos membros que a compoñen e do contorno no que se desenvolve: un contorno caracterizado pola incorporación da muller ó mercado laboral, por un ritmo de vida imposto polo modelo social competitivo que caracteriza a nosa economía e, sen dúbida, os innegables cambios acaecidos nos esquemas familiares tradicionais, vencellados soamente ó mundo agrario.

En definitiva, con este II PIAF propoñémonos dar continuidade á decidida política de apoio á familia que iniciamos ó comezo da nosa andadura á fronte da Xunta. Trátase, deste xeito, de dar resposta ás necesidades sociais que vaian xurdindo, concentrando os esforzos tanto naquelas familias con escasos recursos económicos como na protección dos menores en situación de desamparo ou conflito social.

Non esquezamos que a nosa sociedade será o que sexan as nosas familias, e as nosas familias, en boa

parte, serán o que a sociedade, e sobre todo a sociedade de na súa estruturación política, lle poida ofrecer.

Estamos, neste final de século e milenio, ás portas dunha renovación social na que a familia pode e debe desempeñar un papel esencial. Facer isto realidade é, hoxe máis que nunca, o noso reto cara ó futuro, e eu engadiría tamén a nosa esperanza.

Igualdade de oportunidades para a muller.

Este reto está íntima e inseparablemente ligado á consecución dunha igualdade real de oportunidades para a muller, tanto na esfera familiar e privada como no ámbito público.

Tanto a realidade das familias actuais como a situación da muller no mercado laboral esíxenos seguir poñendo os medios para que homes e mulleres poidan, por unha parte, concilia-la súa vida familiar coa laboral e, por outra, para que a muller poida acceder en igualdade de condicións ó mercado de traballo.

Quixera, a este respecto, subliñar, como fan as directrices para o emprego da Comisión Europea, que promove-la igualdade e loitar contra a discriminación non son simplemente cuestións de xustiza social, senón que, ademais, hai sólidas razóns económicas que o xustifican, co fin de permitir que todo o mundo contribúa ó benestar económico da sociedade e participe del.

Conscientes desta realidade, desde a Xunta de Galicia vimos desenvolvendo unha política de integración económica e laboral da muller, que ten como obxectivo último conseguir unha sociedade máis equilibrada.

De feito, incrementa-la presenza no emprego das mulleres e optimiza-lo potencial de recursos humanos é algo imprescindible para aumenta-la taxa de ocupación e equiparala á europea, e desta maneira achegámonos ó nivel de benestar dos países máis avanzados.

Sistema de xubilación mutua garantida para as amas de casa.

A Xunta de Galicia, consciente da necesidade de dar cobertura de pensións de xubilación ás amas de casa, impulsou un proxecto de decreto no que se

plantexa a creación dunha figura especial que se chamará de xubilación mutual garantida, consistente nun especial control financeiro por parte da Administración, que supón unha garantía de solvencia especial a este tipo de instrumentos, é dicir, unha garantía pública.

O decreto, que xa obtivo a conformidade das mutualidades existentes no trámite de audiencia que se lles deu, está hoxe en trámite do Consello Consultivo —pasados tódolos demais trámites— que informará nun breve prazo ó Consello da Xunta para súa aprobación definitiva, que será o antes posible.

Esta xubilación para as amas de casa consiste no impulso dos instrumentos de aforro a longo prazo, en concreto de aqueles que teñan unha base mutualista. Creo que é unha magnífica aportación ó mundo da muller traballadora, e que se poderán beneficiar dela esas amas de casa ás que todos tanto lles debemos e que lles entregan todo o mellor ás súas familias. No fondo é o primeiro instrumento serio despois das leis de Toro, no seu tempo as máis modernas de Europa, que fixo a raíña Isabel a Católica.

Somos plenamente conscientes, como dicía, da necesidade de poñer-las medios que faciliten, tanto á muller como ó home, a conciliación da vida familiar e laboral. Cremos, ademais, que é un labor político que non pode ser asumido polo mercado, que debe garantir que unha muller non perda o seu posto de traballo cando é nai, que asegure un período de maternidade suficiente e que sente as bases para que, tanto a nai como o pai, poidan permanecer na casa durante a enfermidade dun fillo.

Todas estas disposicións políticas son investimentos a longo prazo para calquera clase de sociedade, especialmente a nosa na que as taxas de natalidade, como veño repetindo hai tempo —algúns rían ó comezo, hoxe non ri ninguén—, son moi baixas e continúan descendendo.

Estamos convencidos de que conseguiremo-la aplicación real do principio de igualdade no ámbito laboral, familiar e, en xeral, en tódalas esferas da vida social, vencendo aquelas actitudes que, lamentablemente, seguen perpetuando unha discriminación de xénero. Isto pode ser realidade a través da adopción dunha serie de accións positivas como as contidas no

III Plan de igualdade de oportunidade das mulleres galegas 1998-2001, onde, como saben, ademais das medidas concretas que enchen de contido os nosos fins e obxectivos, recolleemos outras encamiñadas a implementa-la transversalidade en tódalas políticas que desenvolven as diferentes institucións.

É unha implicación cidadá que resulta esencial para a erradicación da violencia de xénero e en xeral da violencia doméstica. Hoxe en día ninguén dubida de que xa a violencia doméstica é unha cuestión de interese colectivo e social, que constitúe un atentado contra a comunidade e que, como tal, debe ser tratada.

Por esta razón debemos proporcionarlle a toda muller vítima de malos tratos, ou ós seus fillos, os medios e servicios necesarios que lle permitan sentirse protexida e amparada na decisión, tan difícil as máis das veces, de denuncia-lo seu agresor.

Quero aproveitar este debate para expresa-lo meu firme compromiso, como presidente da Xunta, de ir loitando pola progresiva implantación de mecanismos e programas ó servizo das mulleres e nenos vítimas da violencia. Refírome á creación de dependencias especiais nas comisarías e cuarteis das forzas e corpos de seguridade do Estado, as nosas, naturalmente co fin de garantir que toda muller que acuda a presentar unha denuncia reciba unha atención especializada, en condicións de que respecten o seu dereito á intimidade e a súa dignidade como persoa.

Debemos xungui-los nosos esforzos para facer ver que a loita pola igualdade real, e todo o que esta leva consigo, non é un asunto de mulleres, nin tampouco un obxectivo que poida acadarse só con vontade política, trátase dun problema social que afecta a todos, que afecta á dignidade de todos nós e que require, polo mesmo, de tódolos nosos esforzos.

Somos conscientes de que para a erradicación definitiva da violencia doméstica é esencial o traballo permanente no terreo da prevención e, sen dúbida, o mellor instrumento con que contamos, a medio e longo prazo, é a educación das novas xeracións na vivencia persoal da igualdade e da solidariedade.

Xuventude.

Falar de xuventude e de solidariedade leva directamente a falar de todo. Eu quero comezar polo voluntariado, pois cada vez son máis os homes galegos que deciden canaliza-las súas inxedanzas sociais a través de entidades solidarias deste tipo. Precisamente porque esa é unha realidade, o Goberno que aquí me honro representar aposta polo recoñecemento e polo fomento do voluntariado.

Esta implicación social da nosa xuventude resulta crucial. E por esta razón non podemos achegarnos ós mozos tan só como individuos en transición social, senón como cidadáns de pleno dereito. A mocidade ten unhas potencialidades extraordinarias que debemos ser capaces de aproveitar en beneficio de toda a sociedade. Pensemos, por exemplo, na importancia do compromiso dos mozos coa protección do medio ambiente.

Reflexionemos arredor da masiva presenza de mozos, verdadeiramente marabillosa, nos diversos Camiños de Santiago. Direi así que, como ano 1000, hai unha vivencia de crise na nosa sociedade e ó mesmo tempo un novo respecto por canto é natureza como camiño de comunicación espiritual. Eles camiñan con sacrificio e autenticidade en busca de respostas que témo-la obriga de darlles.

Dende a Xunta de Galicia queremos continuar ofrecéndolles ós mozos galegos respostas concretas ás súas necesidades. Facémolo a través de accións encamiñadas a potencia-la súa plena cidadanía, pero sen esquecer en ningún caso os aspectos educativos, laborais ou de vivenda, que son condición necesaria para permitir-lles acadar unha auténtica autonomía como individuos en tanto que mozos.

Esta é a filosofía que inspirou e segue a inspira-lo funcionamento, nestes últimos anos, da Comisión Interdepartamental da Xuventude. Para dotala de maior relevancia e prioridade na nosa xestión vaise poñer en marcha un Plan de acción xove (2000-2003), co que pretendemos brindar-lle apoio a toda a mocidade galega para facer-lle fronte ós retos da sociedade actual.

Naturalmente, falar de oportunidades significa volver falar de emprego. Xa me referín con anterioridade ó conxunto de medidas postas en práctica pola Xunta de Galicia para lograr unha integración laboral dos

mozos e mozas, para que a nosa Galicia poida aproveitar-lo enorme potencial da xeración máis e mellor preparada da súa historia. Unha xeración que cada vez se sente máis identificada co seu país, coa súa lingua, cultura e tradicións. Non deixaremos de potenciar este sentimento de identificación coa terra nai, porque estamos convencidos de que se traducirá nun firme compromiso con ela dos nosos mozos e mozas.

Educación. Ensinanza non universitaria.

O Goberno galego vénlle prestando á educación unha prioridade total. Neste senso, a reforma que se está levando a cabo no ensino non universitario coa implantación da LOXSE, que precisa dunha importantísima dotación presupostaria que non foi prevista nin plasmada nunha lei de financiamento a nivel estatal, obrigounos a facer un impresionante esforzo económico.

Así, no presente ano, entraron en funcionamento 14 novos centros de ensino secundario, construíronse máis de 20 módulos de ampliación en centros xa existentes, ampliáronse unidades noutros 26 e acometéronse obras de adaptación á LOXSE en 35 centros de educación infantil e primaria.

Todo isto supuxo un investimento anual en obras de preto de 12.800 millóns de pesetas. Nestes momentos está realizado o 93,8% das obras programadas, de acordo cun responsable traballo de planificación, que foi impulsado para escolarizar adecuadamente o alumnado dos novos cursos que se ían implantando.

Por outra parte, estase dotando os centros educativos dos equipamentos e medios informáticos que esixen as novas ensinanzas e os novos tempos, procurando mellora-la súa xestión e incrementa-lo número de conexións con Internet, o cal supón un investimento duns 5.600 millóns de pesetas, á parte, por suposto, do investido en anos anteriores.

Dotáronse durante o curso anterior 172 centros que xa teñen a aula de informática para impartir-la materia de "Iniciación á tecnoloxía informática", completándose esta dotación en 84 centros máis e proporcionándolles material informático a 670 centros de educación primaria.

Dentro dos proxectos e realizacións levados a cabo no campo educativo, temos necesariamente que salienta-lo feito de que a nosa Comunidade Autónoma fose a primeira en regular e implanta-los centros públicos integrados, atendendo á demanda social, en especial das zonas rurais, para que o alumnado afectado puidese cursa-los niveis obrigatorios do ensino sen necesidade de cambiar de centro, evitando así longos desprazamentos a outras zonas educativas.

Coa implantación xeneralizada do 4º curso da ESO aumentou o número de usuarios dos servizos complementarios ó ensino obrigatorio: o transporte e mailos comedores escolares; o que supuxo para o presente ano un investimento superior a 14.700 millóns de pesetas.

En canto á dotación de recursos humanos, é preciso puntualizar que, pese ó descenso da natalidade, se incrementou o número do persoal non docente nos centros, e convocáronse oposicións, tanto ó corpo de mestres como ó de profesores de educación secundaria, o que supón proporcionar postos de traballo estables a máis de 700 docentes.

Co aumento do número de profesores preténdese facerlles fronte ás necesidades derivadas da creación de novos centros, así como á implantación de novos ciclos formativos ou ó incremento do número dos departamentos de orientación educativa e profesional.

A orientación dos alumnos, dos profesores e das familias é unha preocupación constante para o Goberno da Xunta. Así, cun proxecto modélico en todo o Estado, esta iniciativa púxose en marcha, durante o pasado curso académico, en 294 centros educativos, cun licenciado en pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía á fronte. Galicia converteuse así na única comunidade que posúe departamentos de orientación nos colexios de educación infantil e primaria; salienta, a única.

A experiencia de participación das empresas no proceso formativo dos alumnos, en colaboración cos centros docentes, resultou moi positiva para o coñecemento, por parte dos empresarios, da potencialidade da nova formación profesional, o que lles permite incorpora-los recursos humanos actualizados que precisan para conseguir un maior nivel de competitividade.

A oferta inicial de ensinanza de formación profesional e de bacharelato, feita pública hai máis dun ano, elaborouse tendo en conta as variables demográficas e socioeconómicas de cada unha das 53 comarcas de Galicia, e vai permiti-la cualificación dos recursos humanos que o tecido productivo necesita.

O deporte.

Semellan innegables os avances dos últimos anos para converte-lo deporte nun dos elementos clave da modernización e da saúde colectiva da sociedade galega. A través dun programa serio e rigoroso construímos con bases sólidas a actual realidade deportiva galega, mediante unha axeitada rede de infraestructuras que facilitan o acceso dos cidadáns ó exercicio físico e o estímulo da práctica deportiva a través do decidido apoio ó movemento asociativo. Ó longo deste ano, leváronse a cabo obras deportivas nos concellos por importe de 3.000 millóns de pesetas.

Tampouco se pode esquecer-lo importantísimo labor de promoción deportiva levado a cabo coa “campanha de deporte en idade escolar”, na que participaron, só neste último curso, 157.000 rapaces, o que representa o 80% da poboación escolar. Completouse a planificación deportiva co traballo de tecnificación que están a desenvolver máis de 3.000 novas promesas do deporte galego e os seus adestradores, coa idea de eleva-lo nivel desta práctica en Galicia. O medallero é proba do éxito destas accións.

Ensino universitario.

As tres universidades galegas, que onte celebraron en Vigo a inauguración do seu curso, viven un tempo de esplendor que é posible gracias ó esforzo de todos. Este ano cumprese o décimo aniversario da implantación do actual sistema universitario de Galicia. Neste tempo percorremos un longo camiño, no que cabe destaca-lo considerable esforzo económico realizado polo Goberno galego. Poderíamos titular este período como “a década da expansión universitaria”, tanto no ámbito das titulacións como no número de alumnos ou de profesores.

Débese ter en conta o forte aumento do número de titulacións, pasando das 48 do ano 1989 ás 157 de hoxe, que se corresponden con 89 títulos diferentes. Nembargantes, o incremento máis espectacular foi o

elevado número de alumnos. Fronte ós 52.000 do ano 1989 —eramos 5.000 no ano 1939, cando eu comecei a miña carreira en Santiago—, contamos no curso actual con 98.528 alumnos de primeiro e segundo ciclo, ós que debemos suma-los 2.796 que cursan estudos de terceiro ciclo. A taxa de escolarización pasou de 22 a 31 alumnos por 1.000 habitantes —das máis elevadas de Europa—. A este incremento de titulacións e de alumnos correspondeulle, como é natural, un notable incremento de profesorado, que no presente ano chega a un total de 4.309 docentes superiores no conxunto das tres universidades e dos sete campus galegos.

Por suposto, non hai mellor investimento que o que se fai en educación. Polo tanto, o presuposto aportado pola Xunta de Galicia ás nosas universidades pasou de 9.000 millóns de pesetas no ano 1990 a uns 39.000 millóns na actualidade (unha suba do 450% en dez anos), financiándose a expansión do sistema, entre os anos 1990 e 1996, con preto de douscentos mil millóns.

O efecto producido en Galicia tralo incremento do investimento en educación superior fíxose notar no feito de aumentar máis do dobre a porcentaxe de ocupados con titulación superior nun período de dez anos, entre 1987 e 1997. Así, pasamos dun 9% a un 23% de titulados superiores empregados.

Política lingüística.

No anterior debate sobre o estado da Autonomía fixen nesta Cámara as primeiras referencias ó asentamento sereo e gradual dos elementos que conforman a nosa identidade; un proceso no que a convivencia lingüística resulta fundamental.

Os datos ofrecidos polos estudos sociolingüísticos seguen a confirmárnola boa dirección do noso modelo de bilingüismo harmónico plenamente consolidado. O Centro de Investigacións Sociolóxicas achegounos a finais do pasado ano datos esclarecedores sobre o coñecemento e uso das linguas oficiais en España.

Prácenos constatar, rectificando a algúns, a alta porcentaxe de competencia lingüística dos mozos comprendidos entre os 18 e os 24 anos, dos que o 81% entende, fala, le e escribe o noso idioma, non habendo ningún deles que non o entenda.

En canto á competencia lingüística xeral, dinos o mencionado informe —que é nacional—, que o 53% da poboación entende, fala, le e escribe a lingua galega, e só o 1% manifesta non entendela.

Destes dous items, relativos á xuventude e á competencia lingüística xeral do estudio, podemos afirmar que ningunha comunidade en España pode presentalos datos de Galicia.

Por certo, no remate deste verán, máis dun medio de comunicación, recollendo datos do último informe do mencionado Centro de Investigacións Sociolóxicas, poñía de manifesto que a lingua galega é o idioma máis falado en España —fóra do castelán— e que o número de cidadáns que dominan a lingua propia vai en aumento.

Esta constatación non debe conducirnos —xamais e endexamais ocorrerá nas miñas intervencións— a un falso optimismo, senón a reforza-la decisión de continua-la nosa sensata e harmonizadora política na que o principal é a defensa do galego, sen que isto signifique arreda-lo castelán, que tamén é lingua nosa —nela escribiron Rosalía e Pondal—. Por certo, recentemente, as cámaras lexislativas do Brasil aprobaron unha lei que regula a presenza do castelán como segunda lingua do ensino naquel inmenso país.

A actualidade demanda accións de prestixio para un progresivo labor normalizador. Debemos seguir afondando nos tres alicerces da nosa política lingüística: formación, investigación e divulgación.

Non podemos consentir nin que se pretenda facer da nosa fala unha arma *arroxadiza* ó servizo dunha ou doutra ideoloxía nin que haxa algúns que se sintan falsamente discriminados. En xeral o noso pobo, que é moi sabio e moi práctico, concede ó galego a axustada teoría da mellor ferramenta lingüística. Para a xente do común, para os que son maioría, o galego é a fala que tivemos sempre e que agora se estudia na escola. Alégranse de que sexa útil e fálana porque é o seu medio de expresión natural, non por actitude ética ou compromiso político, e moito menos por imposición.

Medios de comunicación.

Dende o respecto máis absoluto á liberdade de expresión e de opinión e co fin de difundir uns principios que consideramos básicos para a democracia, a Xunta de Galicia iniciará unha serie de programas e campañas destinados ós nosos escolares.

O papel dos medios de comunicación na nova sociedade de información, as súas funcións divulgadoras e tódolos aspectos relativos á prensa, radio e televisión, serán obxecto de estudo e debate entre os alumnos. En resumo, preténdese contribuír á formación dos máis novos mediante o maior coñecemento dos medios, elemento esencial da nosa sociedade.

Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D) e (IDI) Investigación, Desenvolvemento e Innovación).

Dende unha perspectiva responsable, non pode faltar unha referencia á investigación e ó desenvolvemento tecnolóxico como elementos estratéxicos e dinamizadores da actividade económica e social.

O Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico para a innovación —en plena execución— incorpora novos instrumentos que supoñen unha clara e decidida orientación cara á innovación empresarial. Tamén representa unha busca de novos elementos de rigor, de control, de coordinación e de seriedade, para convertelos nunha infraestrutura coordinada e vigorosa, capaz de contribuír á transformación da nosa terra.

Importantes accións de acompañamento deste plan xa están en marcha. É o caso do Proxecto de lei de escala de investigadores e tamén o Centro Tecnolóxico do Mar, así como un proceso de revisión orientado á mellora do plan para darlle un novo pulo a un camiño sen posible volta atrás.

Saúde.

Dende o mesmo momento en que asumímo-lo Goberno de Galicia, en 1990, unha prioridade fundamental foi a da asistencia sociosanitaria, baixo tódolos aspectos: infraestruturas sanitarias e asistenciais acordos coa nova realidade que queríamos facer de Galicia; asunción plena competencial en asistencia sanitaria, modernización da rede do entón Insalud —hoxe Sergas— da Comunidade Autónoma; mellora

das prestacións a tódolos galegos, tanto ós que viven aquí como ós que permanecen na diáspora; incremento dos servizos, gratuidade e universalidade; formación dos especialistas e persoal sanitario; e, finalmente, atención integral ás persoas maiores e grupos máis desfavorecidos da sociedade.

Os resultados a día de hoxe non poden ser máis definitivos. O Insalud tiña un presuposto para Galicia de pouco máis de 90.000 millóns de pesetas. O Goberno autónomo adica máis do 35% dos nosos orzamentos a esta materia, superando xa os 320.000 millóns de pesetas; é dicir, case catro veces o presuposto anterior.

Tendo en conta que o máis valioso do sistema sanitario público galego son os recursos humanos, cunha altísima cualificación profesional, a reciclaxe profesional e a formación continuada son piares importantísimos, dada a tecnoloxía que se está a empregar, cada día máis complexa.

Mentres nos hospitais se amplía a investigación a tódolos niveis, a Xunta creou a Escola Galega da Administración Sanitaria, FEGAS, que ten como finalidade a formación e o perfeccionamento técnico no ámbito da saúde pública e da administración sanitaria dos profesionais. Pois ben, só neste ano as accións formativas serán unhas trescentas e o número de profesionais beneficiados ó redor duns nove mil.

Mantense a modernización e a actualización da rede asistencial, ano tras ano, cun gran esforzo investidor. A finalidade é achega-los recursos asistenciais á poboación. Así, polo que respecta á atención primaria, tódolos concellos de Galicia teñen na actualidade un centro de saúde e consultorios —algúns teñen máis dun— ata unha cifra de máis de cincocentas instalacións. Este ano o investimento para a construción e a mellora acadou os 3.000 millóns de pesetas, con 44 actuacións.

Na rede hospitalaria construíronse máis hospitais, algúns deles comarcais, como o de Cee ou o da Barbanza. Está a piques de comezar a funcionar o do Salnés, en Vilagarcía, e o novo Complexo hospitalario universitario de Santiago de Compostela, que entrou en funcionamento dun xeito modélico, para orgullo de tódolos galegos e como digna sucesión dun dos primeiros hospitais de Europa feito polos reis católi-

cos para os peregrinos do señor Santiago hai cincocentos anos.

Déronse pasos moi importantes para o novo complexo hospitalario de Lugo, outra instalación modélica do seu xénero. Este proxecto está en fase de cesión de terreos por parte do Concello lucense.

Por outra parte, hai que facer mención dos plans directores de reforma e de actualización da actual rede hospitalaria en Ferrol, Pontevedra, Vigo, Burela, O Barco e no "Abente e Lago", antigo hospital militar, da Coruña, en plena transformación, cuns investimentos totais duns vinte e cinco mil millóns de pesetas. A estes debemos engadírlle-las redaccións doutros plans directores, que afectan ós hospitais Juan Canalejo da Coruña, o complexo hospitalario de Ourense e ó Hospital Provincial de Pontevedra.

Continuamos co plan de modernización de equipamentos para a adquisición e a instalación de equipos de alta tecnoloxía, no que se invisten este ano 1.500 millóns de pesetas.

Os servizos prehospitalarios en casos de urxencia e emerxencia aportan uns resultados espectaculares a través do teléfono "061". No ano 1996 houbo máis de 34.000 chamadas, mentres que a finais de 1999 está previsto que pasen das 100.000, pero a singularidade deste servizo permite que aborde tarefas de formación en asistencia e rescate para tódolos grupos adicados á protección civil, Policía e demais corpos, así como a levar adiante uns protocolos de ansioplastia na síndrome coronaria aguda e de fibrinolise, que está a salvar moitas vidas.

Permítanme lembrar, señorías, que esta é unha realidade tanxible ó servizo de tódolos galegos; unha realidade posta en marcha por este Goberno para solventar-la carencia absoluta —insisto, total e absoluta— que Galicia presentaba nesta materia hai tan só uns poucos anos.

Igualmente o "061" está a prestar unha destacada asistencia neste Ano santo xacobeo, cun programa adicado ó peregrino, que cando remate o ano terá atendido directamente unhas sete mil persoas.

O compromiso da Xunta de Galicia coa Galicia exterior plásmase tamén a través do Foro Galego

Iberoamericano da Saúde, que se materializa a través duns convenios de reciprocidade con comunidades galegas no exterior, especialmente de toda Iberoamérica. Estes convenios teñen varios obxectivos, dende a prestación de asistencia sanitaria ós galegos do exterior nas súas viaxes a Galicia ata a formación continuada para os profesionais sanitarios que traballan nestes países, todo con miras a contribuír a eleva-lo nivel de saúde dos irmáns da diáspora, hoxe, como se sabe, cos problemas que derivan do envellecemento daquelas poboacións.

Coa posta en marcha dun programa de telemedicina entre a rede hospitalaria do Sergas e varios hospitais iberoamericanos, Galicia é o primeiro país de Europa que ten unha conexión permanente de telemedicina con América Latina.

Outro punto importante do que cabe falar é da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, creada este ano, e que acreditará a oferta de novas tecnoloxías sanitarias.

En materia de saúde pública unha das liñas estratéxicas de actuación é o Programa de control alimentario, con máis de 80.000 determinacións realizadas en instalacións, establecementos de alimentación e produtos, o que asegura unha salubridade e un control real sobre os alimentos que consomen os galegos. Unha situación que foi xustamente ponderada a nivel nacional hai escasos meses por mor de certas exportacións de alimentos feitas, por exemplo, dende Bélxica.

En canto á protección da poboación fronte ás enfermidades transmisibles hai que destaca-la posta en marcha do Programa de eliminación do sarampelo, a execución do Programa galego de vacinacións —como saben, no da meninxite fomos precursores do resto das comunidades—, e a execución do Programa de prevención e control da tuberculose, por desgracia, en curiosa reaparición.

Tamén neste campo se puxo en marcha o Plan integral de atención sociosanitaria á muller, que ten como obxectivo a progresiva mellora da saúde e a eliminación dos factores de discriminación social das mulleres galegas. Unha das accións inmediatas foi a realización do Programa galego de detección do cancro de mama, con 65.000 mulleres exploradas.

A Lei de ordenación farmacéutica, aprobada este ano por esta Cámara, que ten como obxectivo principal garantirles a tódolos cidadáns de Galicia un acceso rápido, oportuno e equitativo á atención farmacéutica, posibilitará, entre outras cousas, a apertura de 120 novas oficinas de farmacia, introducindo para a súa adxudicación criterios de transparencia, mérito e capacidade, e non outros de carácter económico.

O obxectivo primordial do modelo de atención farmacéutica de Galicia é acadar a maior eficiencia posible na farmacoterapia que necesiten os usuarios do Sergas.

Un exemplo será a receita electrónica, que pretende o mellor coñecemento da prescrición, empregando información do perfil farmacoterápico do paciente e o da prescrición facultativa, dispoñendo así dunha información necesaria para mellorar a súa calidade, seguridade e accesibilidade. Esta información, ademais en soporte papel, pasará a través dun lector óptico a unha base de datos, para a súa validación na dispensación e facturación por cada oficina de farmacia.

Medio Ambiente.

As liñas de acción ambiental do Executivo galego establécense baixo os acordos e resolucións adoptados pola comunidade Internacional, fundamentalmente no marco das Nacións Unidas e da Unión Europea, que conforman un compromiso mundial —e especialmente europeo— para a conservación do medio ambiente, ante a evidente necesidade de reorientar as actividades e relacións coa natureza.

Baixo estes principios, a Xunta está encamiñando as súas actuacións —recentemente creou a consellería correspondente—, baseándose na potenciación, utilización e rendibilización dos recursos naturais da comunidade.

Para a consecución deste obxectivo, o traballo do presente ano centrouse na aplicación doutros principios fixados polo V Programa da Unión Europea, como é a integración das consideracións ambientais en tódalas políticas sectoriais.

Despois de ano e medio de traballo, considero que a pesar das lóxicas dificultades que moitas veces implica conxugar intereses e obxectivos de desenvolvemento

económico cos relativos á conservación e preservación dos recursos, estamos avanzando. Existe, pois, unha vontade de integración do referente ambiental nas políticas sectoriais e, por ende, na conservación dun desenvolvemento sostible.

O éxito nesa tarefa depende fundamentalmente do convencemento xeral de que o progreso económico da nosa sociedade non está enfrontado —ben ó contrario— coa conservación do medio ambiente. Polo contrario, non só o desenvolvemento económico e a conservación dos recursos son compatibles, senón que, de cara ó futuro, o primeiro non será posible sen o segundo.

Por outra banda, é evidente que hai formas de progreso e de potenciación económica que están, precisamente, relacionadas inicialmente coa conservación da natureza. Un exemplo claro disto, na nosa comunidade, son as actividades derivadas do turismo.

Dentro das accións en materia de conservación da natureza e da biodiversidade, cómpre salientar especialmente a aprobación, por parte da Xunta de Galicia, da proposta de espacios que incorpora a rede Natura 2000, en desenvolvemento da directiva Hábitat, na que figuran 53 espacios (máis 5 ZEPA), que abranguen 324.930,6 ha. A estes espazos vánse aplicar, en tanto non sexa definitiva a súa consideración como zonas de especial conservación pola Unión Europea, o réxime dos espacios en réxime de protección xeral.

Preparouse xa o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) das illas atlánticas, que comprende, Cíes, Ons, Sálvora, Lobeiras e Sisargas, logo da súa declaración como parque nacional. Esperamos que pronto, cando veña aquí como proposta lexislativa para o Parlamento da nación, teñamos aquí a unanimidade mesmo desta Cámara. Tamén foi aprobado este ano o PORN do parque natural do Invernadoiro.

Para restaurar a cuberta vexetal, así como para mellorar o medio forestal galego —de tanta transcendencia económica—, destinaranse este ano 3.744 millóns de pesetas, cos que se pretenden repoboar unhas 2.028 ha en montes de xestión directa e outras 17.721 ha en montes particulares e terras *mostrencas*.

Coa finalidade principal da protección dos bosques e da súa posta en produción, tanto os montes de xestión directa como os de propiedade particular, constituiranse e melloraranse 1.910 km de camiños forestais, cun investimento de 1.134 millóns de pesetas.

Para continuar coa defensa contra o lume das masas forestais —que, por certo, este ano foi un ano de especial éxito—, así como para incrementala produción e a calidade delas, realizáranse tratamentos silvícolas (rozas, clareos, podas, axuda ó rexenerado, conservación de devasas, etc.) en 38.194 ha, cun investimento de 2.141 millóns de pesetas, o maior esforzo investidor sobre o monte levado nunca a cabo en Galicia.

Neste sentido, impúlsase especialmente a conservación e mellora dos bosques de frondosas autóctonas, co obxectivo de melloralo medio ambiente e de potencia-la produción de madeira de calidade.

Non podo esquecer-lo Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais, que permitiu levar a cabo este ano un total de 12.845 ha de áreas de devasas, 2.499 ha de devasas e 10.363 ha de faixas auxiliares. En canto ás melloras de infraestruturas, creáronse e conserváronse 705 km de pistas, 187 puntos de auga e 530 brigadas, que estiveron adicadas á loita directa contra o lume, investíndose arredor de 6.000 millóns de pesetas. Tamén neste ano se adquiriron 4 tractores, 12 vehículos de xestión e 29 camiós de extinción de incendios, que se suman ós restantes medios dispoñibles.

No que se refire ás actuacións en materia de calidade ambiental, cómpre salientar primeiramente, e co fin de adapta-la normativa en materia medioambiental ás necesidades de Galicia, que este ano foron aprobados e publicados dous decretos que contribuíron a acadalos obxectivos que nos fixamos para esta lexislatura. O primeiro deles, que aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica, foi publicado o pasado mes de maio. O segundo, publicado a principios de xullo, regula o procedemento para a aplicación dun sistema voluntario de xestión e de auditoría ambiental para as empresas galegas.

Por outra banda, estase culminando a elaboración do Proxecto de lei de protección atmosférica, así como o da Lei de prevención e control integrados da

contaminación. Esta última abranguerá tamén a nova regulación da avaliación de impacto, efectos e incidencia ambiental, por estaren intimamente vencellados estes instrumentos normativos.

Os residuos seguen a constituír unha das maiores preocupacións dende o punto de vista da protección do medio ambiente. A Xunta de Galicia, na procura dunha cada vez máis axeitada xestión deles e de acordo cos principios de prevención, reutilización, reciclaxe, valorización e adecuada eliminación, está a executar as medidas necesarias para cumprir cos obxectivos fixados pola normativa comunitaria número 1. Así, ademais de ter tramitado xa máis de catrocentas autorizacións de xestores de residuos urbanos e de produtores e xestores de residuos perigosos —de acordo co previsto na Lei 10/1998 de residuos—, a Administración pretende establecer un marco común que sirva de eixo a tódalas actuacións que se leven a cabo neste eido. É por iso que xa está preparada a Estratexia galega de xestión de residuos, que abrangue os principios básicos ou elementos específicos de xestión dos distintos tipos de residuos.

Polo que respecta á execución do Plan de xestión de residuos sólidos urbanos, en novembro do ano pasado comezou a implantación da recollida selectiva nos diversos municipios de Galicia. Nun principio foron 16 os concellos incorporados á experiencia piloto realizada, que serviu para caracterizalos residuos xerados, as actitudes da poboación fronte a esta novidade e os custos da recollida. Nestes momentos, a recollida selectiva abrangue xa a máis de medio millón de persoas e agárdase que para finais de ano estean incorporados cerca dun centenar de municipios.

No que se refire á construción do complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, dou conta da boa marcha dos traballos, xa que os prazos de entrada en funcionamento do conxunto das instalacións se adiantan a xaneiro do ano 2000. Será así que a partir do ano que vén quedará completada a infraestrutura necesaria para unha xestión axeitada dos residuos sólidos urbanos en Galicia. Entre tanto temos xa establecida a nosa planta de pilas, que é unha das primeiras comunidades en España que a ten.

En canto ó conxunto de residuos industriais, é preciso salientar como a política de inspección e control

de actividades empresariais combinada coas actuacións en fomento da calidade do medio ambiente industrial está a provocar un espectacular aumento no volume de residuos tratados na planta de As Somozas, que xestiona Sogarisa. Ata o mes de xullo tratáronse xa alí 32.134 toneladas, o que supón un incremento dun 200% nos residuos. E teño que dicir que cada vez que inauguro unha planta, como pasou hai pouco preto de Ourense, na cal non sería posible face-la inauguración se non existira xa esta planta en pleno funcionamento, levo —por qué non recoñece-lo— un ataque de especial ledicia.

Por outra banda, foi elaborado un plan de adecuación, selado e clausura de vertedoiros, que pretende pór-las bases para o progresivo peche e posterior recuperación dos espazos degradados nos que se viñan depositando os residuos. Este plan inclúe un inventario e unha caracterización previa dos vertedoiros e puntos de vertido incontrolado —vexo que a ledicia é xeral— (*Risos.*) ... e nun prazo de seis anos (2000-2005) serán clausurados, selados, recuperados e limpados a totalidade dos puntos de vertido incontrolado. E engado, pese a quen pese.

Xustiza.

Dende que a Xunta de Galicia asumiu as competencias en materia de xustiza, acometemos, en materia deste importantísimo eido —realmente a base de toda a comunidade política— unha profunda renovación en canto ás infraestruturas xudiciais.

Rematadas as obras da Audiencia Provincial da Coruña e as novas sedes dos xulgados de Pontevedra, Ordes, Redondela, Ortigueira, Ribadavia, Vilagarcía, Marín, Ribeira e Sarria, así como o edificio anexo ós xulgados da Coruña, atópanse neste momento en execución e rehabilitación a sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, próxima a ser inaugurada, e os novos xulgados de Lugo, anexo de Ferrol, Pobra de Trives e ampliacións en Santiago e no Carballiño. Esta é unha decidida aposta do Goberno galego pola mellora das condicións materiais da administración de xustiza.

Dentro desa mellora de servizos básicos, debo subliñalo Plan de parques comarcais de bombeiros, xa en execución, as agrupacións de voluntarios de Protección Civil, o servizo 112-SOS-Galicia, a

Academia Galega de Seguridade, a EGAP, como elemento fundamental da reforma da función pública galega, as oficinas de tramitación única (OTU), de especial interese para a creación de novas empresas —que, por certo, estamos recibindo peticións de información doutras comunidades— e o proxecto practicamente rematado para o chamado “efecto 2000”. Son servizos fundamentais para os concellos, cos cales non hai que esquecer que mantemos un contacto e unha colaboración permanente.

Proxección exterior de Galicia.

Dende a miña chegada á Presidencia da Xunta de Galicia, co obxecto de potencia-las relacións exteriores da Comunidade Autónoma, tanto no plano político como no económico, veño realizando unha serie de desprazamentos ó exterior. Sen deixar nunca de lado —ben ó contrario— o contacto coas numerosas e exemplares colectividades galegas espalladas polo mundo adiante, ás que eu pertencín de rapaz e ás que tanto lles debemos, entendo que a proxección exterior de Galicia constitúe unha obriga inescusable nuns tempos marcados pola globalización dos mercados e das culturas.

Penso que acertamos neste punto. O paso do tempo demostrou que os desprazamentos que uns consideraban exóticos, outros extravagantes, foron sobranceiramente acertados e están dando os froitos desexados, e non fixemos distincións ideolóxicas doutra índole. Xapón, Irán, Libia, Polonia ou Australia constitúen exemplos constatables do que acabo de dicir.

As empresas desta terra necesitan novos mercados, que hai que buscar alí onde se presentan as oportunidades, o que non sempre sucede nos lugares máis próximos ou nos máis cómodos, e ó mesmo tempo, a proxección exterior da cultura galega, felizmente presente en numerosas universidades do mundo, merece aínda un maior esforzo.

Estou convencido de que o político actual, ademais da xestión doméstica, debe actuar moitas veces —por qué non dicilo— de vendedor ou de viaxante das potencialidades da súa terra, á que se debe, e para iso ten que saír máis alá das propias fronteiras.

É obvio que o traballo de promoción exterior desenvolvido pola Xunta neste anos converteu a Galicia

nunha comunidade coñecida, respectada en latitudes onde só era unha referencia e non sempre —todo hai que dicilo— boa.

Nestes desprazamentos adoito reunirme cos mandatarios de cada un dos países visitados, un feito que, ademais de constituír unha honra para Galicia, desbloquea non poucos contenciosos e contribúe a abrir portas que ás veces semellaban infranqueables.

En todo caso, na maior parte dos casos, empresarios —e remítome a se-la súa testemuña— dos sectores máis relevantes da economía galega ou representantes das empresas con potencial de negocio no país de destino viaxan integrando a delegación comercial e institucional.

Teño que subliñar que a facturación total das empresas que teñen participado nas iniciativas ascende, aproximadamente, ó billón de pesetas. Desta cantidade, polo menos douscentos vintedous mil millóns proceden das exportacións, nas que Galicia igualmente é punteira e un exemplo na balanza de pagamentos. Isto pode dar unha idea máis clara da relevancia das experiencias que nos ocupan.

Alén da importancia de promove-los negocios no país visitado, a ninguén se lle escapan as oportunidades que presentan estas ocasións para os intercambios económicos. Ademais, o clima que se crea non poucas veces foi propicio para forxar acordos entre os propios empresarios galegos, convencidos da necesidade de supera-lo minifundio, característico da nosa tradición, nas súas mellores partes.

Comunidades galegas.

Durante estes anos son xa moitos —innumerables se cadra— os contactos levados a cabo coa Galicia exterior. Ata tal punto é así que, como teño dito nalgunha ocasión, poucas persoas, ou ningunha probablemente, terá visitado tantos centros e colectividades da Galicia exterior como quen lles fala.

Galicia ten —e ben o sabémo-los fillos de emigrantes— unha débeda impagable cos que nun tempo atrás optaron por saír fóra á busca dunhas oportunidades das que entón aquí carecían.

Ó longo destes anos temos executado innumerables accións e programas de actuación que fixeron posible multiplica-las actividades, incrementa-las relacións e conseguir unha maior eficacia das estruturas das comunidades e centros galegos do exterior.

Non podemos esquecer que todo o que se leva feito foi fixo posible un maior afondamento no sentimento da condición de galegos, o gran milagre que potenciará a galegitude universal, como se lle ten chamado; esta notable integración duns e doutros na Galicia total, participando todos nos procesos sociais e políticos, no desenvolvemento e na proxección exterior.

Permítaseme agradecerlles, no nome do Goberno de Galicia e creo que podo falar pola maioría dos galegos, a máis de catrocentas institucións de galegos emigrantes o seu traballo de cada día, a firmeza coa que defenden a nosa identidade e a colaboración que prestan, favorecendo os intercambios económicos de Galicia con outros países e rexións do mundo.

A inxente actividade que anualmente desenvolven as comunidades, centros e asociacións galegas de América, Europa, mesmo de Australia e do resto das comunidades españolas convérteos en activos colectivos moi estimados nos seus países de residencia. Ese labor dinamizador require un constante apoio do Goberno galego; apoio que nin podemos nin debemos escatimar, sobre todo porque eles teñen dado o mellor pola súa terra nai.

E remato, señor presidente, señoras e señores deputados. Feito un breve repaso da situación e evolución rexistrada por Galicia dende o último debate sobre o estado da Autonomía, penso que se pode aceptar que paseniñamente, de vagar e sen sobresaltos, esta bendita terra vai camiño de converterse no lugar que soñaron os nosos devanceiros. Unha terra acolledora e fermosa, rica en recursos, se se explotan intelixentemente, con cada día maiores cotas de riqueza e unha moi aceptable calidade de vida; un país cunha cultura que atravesa nestes tempos un auténtico rexurdimento, cunha sociedade madura e receptiva, á que non se engana facilmente, moi atenta ós cambios de cada momento. E ninguén o sabe mellor que precisamente estes galegos do exterior, que, cada vez que veñen aquí, se atopan con novas e gratas sorpresas.

Que ninguén perciba —volvo repetir— nas miñas verbas ningún indicio de triunfalismo. Acabo de facer unha síntese con datos precisos da realidade, do palpable, do que se aprecia nas rúas das cidades e nos torreiros aldeáns, entre os traballadores das industrias, entre os profesionais, coas amas de casa e cos estudantes, coa Galicia real que percorro cada semana, cada día, en tódalas direccións.

Esta nova realidade, que creo que pouco ou nada ten que ver coa década dos oitenta, é consecuencia, fundamentalmente, dun traballo que desenvolve o programa que o pobo galego apoiou maioritariamente no ano 1989, referendado cun apoio crecente polos homes e mulleres deste país nas eleccións de 1993 e de 1997.

Sería pouca franqueza a miña se eu manifestase neste Parlamento unha razoable satisfacción polo camiño percorrido, que é o que brinda a forza e o pulo necesarios para continuar desenvolvendo o noso proxecto político durante o tempo que nos anos vindeiros queira o pobo galego.

Neste tempo máis inmediato pretendemos engrandecer e alongar, na medida do posible, unha realidade que é visible para todos, aínda para aqueles que pechan os ollos ou fan que os pechan.

Fomos capaces de sentalos alicerces dunha Galicia nova, chea de realidades e de proxectos, de realizacións que se van plasmando continuamente. E, insisto, sen renunciar a nada, como predecían algúns agoireiros, camiñamos cara á modernidade e ó progreso. Hoxe competimos sen complexos coas demais nacionalidades e rexións da España das autonomías ou mesmo coa Europa dos pobos.

Nada disto, por suposto, sería posible, quedaría todo en soños e boas intencións, se non contasemos coa colaboración da maioría da sociedade galega, á que lle quero transmitir, dende este Parlamento que a representa, unha mensaxe de agradecemento e de compromiso renovado para seguir avanzando.

E chegados a este punto quixera, señor presidente, señoras e señores deputados, facer unha reflexión que, se ben ten un pouco de persoal, encerra tamén penso que un pouco de necesidade colectiva.

Proximamente vanse cumprir dez anos da miña chegada á Presidencia da Xunta. Falei daquela de que a miña vida fora ata entón unha longa preparación para desempeñar unha responsabilidade cos paisanos, cos galegos. Comprometínme a traballar por unha Galicia con sitio para todos: os que foron, os que somos e os que serán. Nesa dirección puxen o meu entendemento, e, por qué non dicilo, o mellor do meu corazón. Pasaron dez anos, houbo rosas e espiñas, pero quero dicir que somos moitos os que entón nos comprometemos con Galicia e estamos —eu o primeiro— dispostos a continuar coa mesma ilusión que o primeiro día.

Volvo facer aquí —que é onde se debe facer— un chamamento á unidade e ó entendemento en todo aquilo que beneficie e honre a Galicia. Vostedes, señoras e señores deputados, como lexítimos representantes do pobo galego, teñen a palabra, cada un a súa. Máis alá das diferencias de criterio, nembargantes, que ben seguro que constataremos ó longo destas xornadas, escuso lembrarlles a todos que hai tarefas que son comúns e que de todos precisan. Facelo así é difícil e sei que non todos están convencidos da mesma necesidade. Nós, dende logo, esperamos contar con vostedes, con todos vostedes, cando se presente a ocasión.

En todo caso, penso que as bases están sentadas. Galicia ocupa con dignidade e lexítimo orgullo o lugar que lle corresponde, rompeuse o illamento, acabouse a emigración, xa non estamos incomunicados, a nosa cultura non son uns poucos resistentes... (*Murmurios.*) En fin, dende o Camiño de Santiago, dende a Unión Europea, dende os contactos permanentes cos galegos do mundo enteiro, penso que Galicia ten vida e esperanza. Non imos perde-la ocasión de seguir adiante. A Vía Láctea márcanos, dende hai séculos, o mellor, o máis permanente dos camiños, e pídlle ó apóstolo Santiago que nos bendiga a todos.

Dixen.

(*Grandes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

As intervencións dos grupos parlamentarios darán comezo ás dezasete horas; é dicir, ás cinco da tarde.

Ata entón, suspéndese a sesión...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Touriño?

O señor PÉREZ TOURIÑO: É para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá cal é a cuestión.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Ó longo do debate, o señor presidente da Xunta de Galicia, o señor Fraga, centrou a súa intervención, nunha parte moi importante dela, na utilización e exposición de dous documentos: o Plan, nun caso, do Goberno de Galicia, o PDG, o Plan Estratéxico de Galicia, e noutro caso no PDR do Estado, dos que estes parlamentarios non dispoñen. É máis, negouse a posibilidade por parte do Goberno de que dispuxeramos deles.

Pido o amparo da Presidencia, porque me parece un menosprezo ó Parlamento, á intelixencia e á corte-sía parlamentaria que teñamos que estar nun debate do estado da Autonomía sen poder dispoñer daqueles plans respecto dos que o señor Fraga fixo o eixo central da súa intervención. Solicito o amparo da Presidencia para que poidamos dispoñer deles de maneira inmediata.

O señor PRESIDENTE: Vanlles facilitar...

(O señor presidente da Xunta de Galicia pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Señor Fraga, vostede dirá.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Quero dicir, simplemente, que seguindo os trámites que manda a lei e os regulamentos, o PDG, que é o único que é competencia deste Parlamento, está agora no CES para (...) e dictame. Tan pronto como este se reciba será, naturalmente, remitido ó Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fraga.

O señor PÉREZ TOURIÑO: ...entón non está aínda en trámite. Polo tanto, non sei como pode ser obxecto de plantexamento, anuncio e defensa por parte do seu propio presidente.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Señor Touriño, váiselles facilitar a continuación a documentación de todo este debate que se iniciou agora e vostedes teñen a oportunidade de expoñelo, xa digo, a partir das cinco da tarde.

Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía e reiniciase ás cinco e cinco minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde. Ocupen os seus escanos, se teñen a bondade.

Reiniciámola sesión coa intervención dos grupos parlamentarios, comezando polo Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, xa predicimos ou adoitamos dicir todos que o debate do estado da nación galega ou do estado da Autonomía, en termos institucionais, é un momento importante para dar un repaso á situación do país: política, económica, social e cultural. Mesmo en Galicia tendemos a esaxerar ou magnifica-la transcendencia destes debates, porque sen dúbida desfrutamos do dubidoso privilexio de non poder debater co presidente do Goberno que dirixe e coordina o Executivo, sendo un dos parlamentos que ten menos posibilidades de facelo. Naturalmente, o señor Fraga comparece aquí cunha soa excepción que eu recorde, por imperativo legal, na investidura ou nos debates anuais do estado da Nación.

Son moitas veces, señor Fraga, dígollo sinceramente, non só no seu caso senón en xeral, as que vostedes actúan en democracia por imperativo legal e

non por auténtica vocación política. Pero este dato vese incrementado porque estamos, efectivamente, no ecuador da lexislatura, e mesmo se cumpren dez anos de gobernos presididos polo señor Fraga, que foi o tempo que el escolleu para enmarcar, encadrar ou contextualiza-lo seu discurso desta mañá.

Pero, así como recoñezo que en moitos casos magnificamos este debate, quero dicir que nesta ocasión non me debo trabucar se considero que é unha ocasión especialmente relevante. É unha situación especialmente relevante polo contexto e pola situación política na que se produce o debate do estado da Autonomía. Un contexto e unha situación política nova, que se caracteriza, desde o noso punto de vista, pola converxencia de catro factores fundamentais.

Primeiro. Os resultados que deparan para Galicia dez anos de Goberno Fraga. Eu establezo, naturalmente, a relación causa-efecto entre os resultados socioeconómicos, políticos e culturais e a acción do Goberno. O señor Fraga tamén o fixo, con toda lóxica, espero que el recoñeza que cando el establece a relación causa-efecto entre a súa acción de goberno e o que el considera un efecto positivo, me permita a min, sen acusarme de demagoxia ou de catastrofismo, que eu estableza tamén, como é lóxico, a relación causa-efecto entre os aspectos que eu considero negativos da actual situación e a acción do seu Goberno, no marco deses dez anos de gobernos presididos por vostede.

Segundo. A crise estrutural que vive o partido do Goberno, que é unha fonte de inseguridade e inestabilidade permanente. Créanme que se me vou referir á crise do Partido Popular non é por ningunha intención morbosa, é no sentido en que inflúe na política, no proxecto político, na acción do Goberno, é dicir, na marcha do país.

Eu creo sinceramente que é unha crise estrutural que, como digo, é unha fonte permanente de inseguridade para os cidadáns e de inestabilidade política. É dicir, esa crise considera e configura un problema engadido que impide a mobilización adecuada das potencialidades do país.

Terceiro. O terceiro elemento converxente e definidor da situación política, desde o noso punto de vista, claro, e no contexto do anterior punto, é o declive

político do presidente do Goberno, tanto como gobernante canto como dirixente político. Tamén aquí verámo-la súa influencia tremendamente negativa para seguir dirixindo o país, para as perspectivas e a mobilización das potencialidades de Galicia.

Cuarto. Moi importantes son os resultados das recentes eleccións municipais, que representan, desde o noso punto de vista, un avance certo, inequívoco, claramente visualizado nos principais concellos, o avance dunha alternativa política que poña en marcha un novo proxecto político necesario e viable para o país.

Imos ver brevemente estes catro aspectos da vida política de Galicia.

Primeiro. O balance de dez anos foi o período elixido polo señor presidente do Goberno, a el voume ater eu tamén. Teño que confesarlle, señor presidente, que, escoitando a súa intervención esta mañá, me asaltou unha primeira dúbida: se o seu discurso era un balance de xestión da acción do seu Goberno ou un testamento político. Se é o primeiro quero dicirlle que é inaceptable. Vostede pintounos aquí non un paraíso, aínda que vostede dixo que non facía un avance triunfalista poñendo a venda antes da ferida, senón o mellor dos paraísos posibles. Mesmo, señor Fraga, cando o escoitaba esta mañá non estaba moi certo de en qué Parlamento estaba. Cheguei a pensar, medio durmido, ata que refreguei os ollos, que estaba ben no Congreso norteamericano, na Bundestag alemana, ou mesmo na Asemblea Nacional francesa. Non só era un paraíso o que vostede nos pintaba, senón que en moitos aspectos erámo-la potencia mundial. Naturalmente, logo refreguei os ollos e vin que estaba na Cámara galega, que era o señor Fraga quen falaba, e que esta era unha desproporción máis ás que nos ten habituados o señor presidente do Goberno.

Nós temos unha opinión —non se poña nervioso, señor conselleiro— radicalmente diferente da situación do país á que nos describiu o señor Fraga, e tamén, polo tanto, unha visión radicalmente diferente da súa acción de goberno. Creo que a nosa é máis realista, que está apoiada polos datos e, desde logo, como verá, afastada de calquera visión catastrofista do país.

A acción do Goberno que vostede preside mostrou durante estes dez anos, de forma continuada, tres ca-

rencias básicas, que son as que deberan configurar ou caracterizar calquera proxecto político de goberno.

Primeiro. Hai un fracaso, creo eu, mesmo unha ausencia de proxecto político, coas correspondentes consecuencias negativas, que se derivan desa ausencia, para Galicia.

Segundo. A renuncia sistemática, señor Fraga, durante dez anos, e a incapacidade crónica para defende-los nosos intereses nos foros extragalegos.

Terceiro. A renuncia tamén explícita a deseñar un consenso básico na Cámara e no país para poder redefinir-lo papel político de Galicia na nova situación política que se abre paso no conxunto do Estado español.

Como comprenderá, seguro que vostede coincide comigo non na valoración que eu fago, pero si en que estes son tres elementos básicos da acción de calquera política ou acción de goberno que mereza tal nome.

Fracaso da acción do Goberno, dicía eu, primeiro. Eu creo que durante estes anos a Xunta careceu dunha política económica e orzamentaria para logralos dous obxectivos básicos de toda política económica seria; é dicir, a converxencia real en termos de renda e emprego coa media española e europea. Foi incapaz, así mesmo, polo tanto, de transformalo crecemento en emprego.

Vostede deu aquí unhas cifras dos últimos anos que eu, señor Fraga, lle pido que repase, e dígolle á señora Besteiro que llas pase a vostede. Non son certas as cifras que vostede deu aquí, señor Fraga. Que llas dea, que llas autorice, a señora Besteiro, que é unha persoa seria.

Nos anos 1991-1998, xa que vostede falou dunha década, en Galicia tiñamos 1.013.000 empregos, señor Fraga, que me desmintan a señora conselleira. No ano 1998, finais de 1998, temos 918.000 empregos, señora Besteiro; si, señora Besteiro, son eses. Perdémolo 10% do emprego en Galicia desde o ano 1991, señor Fraga. ¿Pero esa foi a dinámica xeral da sociedade española? Non, no Estado nesa mesma data, ano 1991, tiñamos 12.609.000 empregos, e no ano 1998, 13.204.000, é dicir, 600.000 máis. É dicir, que en Galicia perdemos dez puntos de ocupación men-

tres que no resto do Estado aumentan en 600.000 empregos netos.

Vostede escolleu ese período, polo tanto, a relación entre Galicia e o Estado Español, en termos de emprego, é: no ano 1991, Galicia representaba o 8,46% do emprego español; a finais do ano 1998, representa o 6,9%. ¿A vostede parécelle que iso é avanzar na converxencia en termos de emprego? ¿Parécelle que é avanzar na converxencia e no avance na dinámica de creación do emprego que se está dando no conxunto de España, ou estamos retrocedendo e perdendo peso, polo tanto, na dinámica de diverxencia en termos de emprego con España e con Europa?

Vostede falou do período máis positivo para o seu Goberno, que eu non rexeito, do ano 1994 ó 1998, ou 1999, finais de 1998. Nese período Galicia medrou 14 puntos o seu PIB, pero perdemos cinco puntos de emprego. No mesmo período, o Estado español medrou de forma similar, 15,9 o PIB, pero medrou o seu emprego en 13,5 puntos. ¿Parécelle, de verdade, señor Fraga, en termos de rigor económico, que estas cifras representan a converxencia en termos de emprego coa media española e europea?, ¿ou camiñamos, pola contra, nunha perda de peso relativo, de riqueza relativa e diverxencia en termos reais de emprego?

O único dato positivo neste período —non se preocupe, señora Besteiro, que llo vou recoñecer— é o ano 1998, no que, cun crecemento do 4% do PIB, se medrou en emprego, por primeira vez, 1,5 puntos. Pero no mesmo período, este mesmo ano, en España, co mesmo crecemento económico, medrouse o 3,4%. Polo tanto, admítame —se non, rebata vostede as cifras— a seguinte conclusión en política económica e de emprego, fronte ó que vostede dicía. No período 1994 a 1999, que vostede trouxo a esta tribuna, en pleno ciclo alcista da economía española e europea, nun ciclo de longa duración e enorme intensidade do crecemento económico, nós perdemos cinco puntos mentres a media española medraba 13,5. Esta é a realidade do período que vostede trouxo aquí, non do que trouxen eu.

Dinos unha cousa que é tremenda nun Parlamento democrático, e ademais dío como positivo. Nós temos, nese período que acabo de describir, a seguinte estrutura: diminúe a ocupación e, ó mesmo tempo,

diminúe o paro. Diminúe en cinco puntos a ocupación e, sen embargo, diminúe o paro, algunha explicación ten que darlle a isto, porque é inaudito. Diminúe a ocupación en cinco puntos, cae o emprego en cinco puntos, e diminúe o paro. Só hai unha explicación posible, que é tremenda para o seu Goberno, e é que, aínda caendo o emprego en picado, diminúe fortemente a poboación activa do país. É dicir, vostedes manteñen e diminúen o paro pola xibarización progresiva da sociedade galega. Esa é a conclusión, señor Fraga, non hai outra, non hai outra posible explicación para simultanea-la caída do emprego e a diminución do paro.

Por certo, unha parte desa diminución da poboación activa de Galicia quero dicirle que está na emigración a Canarias, señor Fraga; segue habendo emigración neste país, non se equivoque vostede.

Respecto da calidade do emprego, señor presidente, vostede loou aquí —permítame que diga moi esaxeradamente, moi desproporcionadamente, coma sempre— que creceu, que diminúe a precariedade do emprego e aumentou a súa calidade, é verdade, en dous puntos, señor Fraga; gracias ós acordos estatais e a unha cantidade inxente de diñeiro que lles estamos dando ós empresarios. Habería que analizar se vai ó ritmo suficiente para o prezo que ten o que estamos investindo cos empresarios. Dous puntos, exclusivamente, diminuíu a precariedade. Pero velaquí o paradoxo, porque isto é na empresa privada; no emprego público que depende da Xunta de Galicia a precariedade aumentou tres puntos, señora conselleira.

¿Como teñen vostedes a cara dura de pedirlle á empresa privada que cre emprego estable ou transforme o precario en estable cando aumenta a precariedade no emprego que depende da Administración pública de Galicia? É dicir, a empresa pública, a Administración pública, incrementou a súa precariedade en tres puntos, señora conselleira de emprego, señor presidente do Goberno.

En 1995, señor Fraga —seguimos falando da década prodixiosa do seu Goberno—, Galicia representaba o 5,8% do PIB español; no ano 1997, o 5,69%; e agora, o 5,62%. É un proceso lento pero ineludible, irremediable, con este Goberno, de perda de riqueza

relativa, de perda de peso económico no conxunto da economía española.

A converxencia en termos de renda per cápita, señor Fraga, a penas se ten aproximado entre o ano 1985 e 1997 á media estatal. Tódolos estudos realizados pola banca privada e polas fundacións da banca privada póneno en 2,5 puntos. Tódalas proxeccións que se fan disto calculan que para dentro de quince anos converxeremos, en termos estacionarios, entre o 83% e o 85% da media española.

Eu creo que iso non se pode presentar como un avance de converxencia. E, sobre todo, porque vostede sabe que esa converxencia limitada de 2,5 puntos se produciu sobre todo pola variable poboacional, é dicir, diminuímo-lo denominador renda por habitante e aumenta a converxencia. Así se produce o paradoxo seguinte: quen máis corre na converxencia son as provincias de Lugo e Ourense. ¿Parécelles a vostedes que iso é a mostra da política de progreso e modernización, respecto á Coruña e Pontevedra? Non.

É dicir, estamos unha vez máis producindo unha debilísima converxencia —tardaremos máis de sesenta anos en converxer a este ritmo coa media española—, pero a base da variable poboacional, de diminución da poboación, e, polo tanto, unha vez máis xibarizando a sociedade galega, xibarizando este país. Polo tanto, eu creo que ata aquí estes son os datos, eu creo que non catastrofistas, baseados en cifras da realidade, produto da súa política económica e orzamentaria. Hai relación causa-efecto e, polo tanto, estes son os resultados da súa acción de goberno.

Isto foi o que houbo ata aquí, pero o que nos promete esta mañá é demoledor, señor Fraga. Preséntanos aquí as liñas básicas do PDG, e dinos que esa é a liña económica e estratéxica —e é do seu Goberno— de política económica e orzamentaria para os próximos anos. ¡Pois estamos aviados, señor Fraga! Eu tamén lle diría ó señor Orza que lle dera tódolos datos do PDG, porque no PDG —que vostede non o dixo aquí— hai as seguintes previsións e obxectivos; previsións, señor Orza

A economía galega medrará entre o 2000 e o 2003 o 0,15% por riba da española. O 0,15%, previsión anual, 0,15% anual, por riba da media española. E do 2004 ó 2007 igual cá media española. Esa é a previ-

sión do PDG, ¿como di vostede que non? ¿Pensa converxer pola vía da perda de poboación, é dicir, outra vez máis pola xibaráción ou polo crecemento da renda?

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Esa é a previsión en converxencia, pero mire a previsión en emprego, señor Fraga, e dígame se vostede pode subscribir isto. As previsións, tamén previsións, do PDG para o 2006 é que terémo-lo 14,5% de paro en Galicia. Esa é a previsión do señor Orza, non a miña. A do Goberno español é do 14% para o próximo ano e do 12,3% para o 2002; seguramente, sobre o 10% no 2006. É dicir, señor Orza, que vostede nas súas previsións, non nos seus resultados, condena a priori a Galicia a ter 4, 5, ou 5,5 puntos de paro por riba da media española, contradicindo toda a secuencia histórica deste país, onde o paro estaba sempre por baixo da media española. Iso que nos dicía vostede antes só é por culpa da poboación agraria. Antes era un dato positivo; cando se transforma en negativo, os gandeiros e labregos pasan a ser cidadáns separados de segunda, ¡estupendo!

Pero ben, o feito é que vostede prevé un paro do 14,5%, catro ou cinco puntos por riba do que está previsto na media española, dígame se esa é a converxencia real en termos de emprego coa media española. ¿4,8%? Ben, pois 4,8%...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...4,8%, señores, 4,8%, moi ben.

Esa é a política que fixeron e a que nos prometen, a diverxencia en termos de renda per cápita e, sobre todo, a diverxencia en termos de emprego coa media española e europea, punto.

Sobre autogoberno, señor Fraga, non deixa vostede de sorprendeme. Falou de aumenta-las cotas de autogoberno. Cada vez que vostede fala do autogoberno é, ben para recorta-la súa propia posición, ou a do seu Goberno, respecto do autogoberno de Galicia, ben para descualifica-los que, como a nosa forza polí-

tica, aspiran lexítima e constitucionalmente a desenvolver seriamente a nosa capacidade de autogoberno, porque entendemos e consecuentemente establecemos un nexo ou unha relación causa-efecto entre autogoberno e benestar ou prosperidade xeral. Pero vostede, cada vez que falamos diso, ou ben recorta as súas posicións, ou ben descualifícanos.

Esta mañá falou das grandes competencias conqueridas, do pacto local e do financiamento autonómico. ¿Podería dicirme, señor Fraga —a ver se somos capaces de arrincarllo logo, aínda que sexa retoricamente, na resposta— qué pasou e ónde quedaron polo camiño aquelas outras propostas doutros tempos —claro que exclusivamente retóricas—, que en todo caso aí estaban, tales como a reforma do Senado, e, polo tanto, o papel de Galicia nunha Cámara de representación territorial, ou das nacionalidades e rexións do Estado? ¿Que foi da proposta aprobada neste Parlamento, tantas veces dito por vostede, que reivindicaba facer un novo Consello Económico e Social, contemplado no artigo 131.2 da Constitución, que permitise a coparticipación de Galicia e das outras comunidades autónomas na definición e na codefinición da política económica do Estado, que, como se ve, tanto impacto ten na nosa economía, na nosa sociedade e no noso país?

¿Que se fixo das reivindicacións? ¿Onde quedaron as reivindicacións feitas retoricamente por vostede en documentos e mesmo nesta tribuna, para que Galicia participe activamente na conformación da vontade europea de España? ¿Onde está a súa proposta e promesa de que iamos participar nas delegacións españolas que tratan temas de enorme interese para o noso país? ¿Onde quedaron todas esas reivindicacións, que eran retóricas, pero aínda se mantiñan nese nivel de retórica nesta Cámara, nesta tribuna e en certos documentos? Agora xa desapareceron cando vostede fala do autogoberno.

Ben, non me estraña que dalgunhas non fale, como iso de conforma-la vontade europea do Estado, ou iso de participar na negociación dos temas vitais do país, despois do que pasou e do que está pasando co acordo pesqueiro con Marrocos, coa cota láctea ou co PDR, do que logo falaremos. Non me estraña que pase vostede de *puntillas* e poida evitar este tema. ¿Sabe o que queda do programa de mínimos, absolutamente insu-

ficiente? Queda drasticamente recortado e esquecido cando fala do autogoberno.

Eu no debate do pasado ano, debate similar a este, ofrecínlle a necesidade dun auténtico diálogo, non como o que promete vostede aquí, tamén retoricamente, para negalo tódolos días nesta Cámara —que era bo, necesario—, non que nos puxeramos de acordo, porque iso sería imposible, en torno a temas conceptuais sobre a nación ou o Estado. Seguramente que iso non sería posible, pero nin falta que faría, o problema era se eramos capaces de poñernos de acordo sobre un programa mínimo para desenvolver-lo noso autogoberno, e sobre todo para deseñar unha estratexia conxunta para que Galicia pesara e fose referente político e institucional nas negociacións que diariamente, e no próximo futuro de forma máis intensa, se van desenvolver no Estado español.

Pero vostede negouse a iso, quere vostede acaparar toda a representación, quere vostede substituí-las institucións, identifica-lo país coa súa persoa, non é capaz de concedernos ós demais, que representamos entre todos o 47% da poboación, a mínima aportación positiva a un debate destas características, que é plenamente institucional, que afecta á estabilidade do país, que afecta ó seu papel e á súa referencia, é á referencia vital como nación no conxunto do Estado español.

Xa lle digo, non se trata de que discutamos aquí conceptos nos que non nos poñeríamos de acordo, senón un programa. Pero mire, o mínimo programa seu foi abandonado polo camiño esta mañá. Era insuficiente, pero nin sequera ese foi capaz de seguir defendendo nesta tribuna esta mañá.

Sobre o Estado social, señor Fraga, vostede pode dicir aquí o que queira, o falar non ten cancelas, pero o seu Goberno traballa, ou mellor, conspira, contra a sanidade e a educación públicas. Estamos asistindo a un proceso xa denunciado moitas veces polo noso grupo e por outros grupos da oposición, a un proceso crecente de externalización e privatización dos recursos públicos sanitarios e da provisión dos mesmos servizos sanitarios. Estamos asistindo, a pesar de que vostede fale do 35%, que é verdade, do presuposto de sanidade respecto do presuposto xeral da Comunidade Autónoma, a unha desaceleración do in-

vestimento sanitario por debaixo do crecemento nominal da economía. Iso tamén hai que dicilo, porque os procesos non son de golpe. Xa non estamos naquelas épocas, señor Fraga, nas que se pode poñer todo patas para arriba, pero o proceso é inexorable: externalización, privatización e desaceleración do proceso sanitario.

É claro que o seu Goberno aposta decididamente polo ensino privado en detrimento do ensino público. Tamén estamos asistindo a un insuficiente financiamento universitario, malia o que vostede diga, que pon en entredito a eficiencia do noso sistema universitario, e mesmo se resisten a que se poida exercer-la plena autonomía universitaria. Son incapaces de acabar pactando un plan plurianual de catro ou cinco anos de financiamento universitario que dote de presuposto suficiente, e da autonomía política suficiente, o noso sistema universitario.

En definitiva, están impulsando un proceso, lento, é verdade, pero inequívoco, a través do cal queren converter en mercadorías dereitos inalienables dos galegos e das galegas, conquistados ó longo dun proceso histórico civilizador, señor Fraga, e que hoxe forma parte da nosa cultura profunda do país e impronta o noso estilo de vida.

Non quixera deixar desaproveitar este momento para falar do seu estilo de goberno, señor Fraga. O seu estilo de goberno tende á asfixia das liberdades e a deturpa-lo funcionamento das institucións públicas. Xa dixemos moitas veces a súa tendencia a monopolizar os medios públicos de comunicación, proceso que se intensifica. Se o Valedor do Pobo fixera o seu informe como fixo hai dous anos, aínda sería máis duro na denuncia da falta de pluralismo e de obxectividade informativa nos medios de comunicación públicos. Tamén nos últimos tempos deron pasos moi importantes para condiciona-los medios de comunicación privados, mesmo para establecer neles a autocensura. O outro día vostede deu un paso máis moi perigoso, señor Fraga, que é ameazar por unha información a un medio de comunicación escrita deste país. Así non se respecta a liberdade de expresión que vostede proclamou esta mañá nesta tribuna. Eu pediríalle que retirara as ameazas á prensa galega pola libre información, que non é calumnia o que viña nesa información. Era unha información, acertada ou equivocada,

contéstea vostede, pero non ameace os medios de comunicación deste país. E, se non, rectifique se hai que rectificar, aténase á capacidade de resposta e de rectificación, pero non ameace, non dea un paso máis de torca na asfixia da liberdade de expresión que di —insisto— proclamar e que, desde logo, deturpa sistematicamente.

É habitual pola nosa parte, non o nego, a acusación, creo que ben fundada, de clientelismo político na súa acción de goberno; na deturpación, polo tanto, do presuposto público, dos fondos públicos, do erario público. É un sistema ben artellado que a través de figuras como as fundación ou a SPI están practicamente creando unha rede clientelar, efectivamente, paralela á Administración pública democrática.

No último período, o alarmante non é o clientelismo xeneralizado que todo o mundo coñece, o problema é que no contexto dese clientelismo xeneralizado, señor Fraga, está gañando, a ollos vista, peso específico o puro nepotismo; non o clientelismo, o nepotismo, señor Fraga. Esa preferencia enfermiza, proverbial, polos seus amigos e parentes é realmente moi preocupante e é un fenómeno novo de extensión moi considerable. Non só clientelismo, hoxe xeneralizado, senón peso específico cada vez máis grande do nepotismo.

Pero se repugnante é o comercio político cos presupostos públicos, máis repugnante ou execrable empeza a se-lo comercio con institucións ou persoas que representan historicamente a nosa identidade e a nosa historia. Eu son dos que creo que os nosos antergos son de todos, os nosos sinais de identidade son de todos, pero utilízalos como mercadeo político é execrable, señor Fraga. É dicir, co comercio —na súa linguaxe— cos valores espirituais parece que queren vostedes reactualiza-lo delicto de simonía. Dá a impresión, señor Fraga, de que vostedes se fixeron todos borgianos, non de Jorge Luis Borges, senón de don Rodrigo Borgia, é dicir, o papa Alejandro VI, segundo papa dos Borgia, que, como sabe, era un mestre nisto do nepotismo e da simonía.

Este é o balance da súa acción de goberno segundo a nosa modesta e seguramente trabucada opinión. Esta é a opinión que nos merece a súa política, o seu

proxecto e os resultados no uso das súas competencias e dos seus orzamentos.

O segundo elemento ó que me refería antes é a defensa dos intereses de Galicia nos foros extragalégos. Señor Fraga, non vou repetir aquí —dixémolo tamén moitas veces, aínda que nun debate destes hai que repetilo— que vostedes claudicaron e abandonaron a defensa do noso interese durante estes dez anos nas negociacións importantes co Estado e con Europa. Houbo claudicación no financiamento autonómico, houbou no sanitario, incluso o señor Orza mostrou a súa grave discrepancia cos resultados da negociación sanitaria. Si, si, está nas hemerotecas, que eu sigo moi atentamente á súa señoría e as súas declaracións públicas. Foi absolutamente irrelevante a súa posición, non impedindo o que foi un desastre para a nosa economía, que é a privatización das empresas públicas galegas, etc. Pero eu quixera sinalar nesta ocasión e no último ano, xa que falamos tamén deste último ano, tres graves abandonos ou claudicacións.

Primeiro, os presupostos do Estado. Convirá vostede en que aínda algúns de nós non coñecemos a fondo os presupostos do Estado, pero recoñeza que a un lle estraña, estrañalle profundamente, que no seu ton triunfalista e esaxerado non falase aquí do gran éxito conseguido este ano nos presupostos do Estado. Xa o ano pasado se negaron a discutir este tema, porque mentres o investimento no Estado medrou o 11,5%, por tódolos conceptos, en Galicia foi o 0,40%; non me estraña que non quixeran comparecer aquí para explicalos seus logros nos presupostos do Estado.

Pero este ano eu non coñezo con exactitude, insisto, os presupostos do Estado; coñecereinos. Fíome, por exemplo, da posición dun político serio como o señor Touriño. É verdade que si é certa esa diminución de 80.000 a 56.000 millóns de pesetas, é un grave pao para este Goberno. Eu creo que é necesario que vostede explique cál vén sendo a nosa posición e os nosos logros nos presupostos do Estado, nos do ano pasado e nos deste, para falar deste proceso.

¿E o ferrocarril, señor Fraga? ¿Poderíanos dicir, nesta tribuna, canto está presupostado no ferrocarril nestes presupostos xerais do Estado? Quero recordarlles que o ano pasado era o 1,7% de todo o investimento do ferrocarril en España. De trescentos e pico

mil millóns, aquí 5.600. ¿Podería dicir se superamos esa cifra e nos achega ó presupostado no marco financeiro do plan decenal que vostede nomeou e que firmou o señor Cufiña? ¿Cantos miles de millóns están para o ferrocarril nestes presupostos do Estado?

O PDR, señor Fraga. É realmente esperpéntico presentar aquí como un éxito o PDR. É verdade que entre o 2000 e o 2006 a Unión Europea destina... Si, claro, cofinanciado co Estado, chegan a Galicia... Si, á parte do que pon a Xunta de Galicia, digo por parte do Estado, 1.680.000.000, 1,68 billóns de pesetas.

Señor Orza, vostede sabe que tódolos fondos de solidariedade, de reequilibrio territorial, se fan cuns criterios que están aceptados por todo o mundo e que están consolidados como técnica de fondos de redistribución, que son os do FCI. Ben, pois polo PDR actual vénnos do conxunto do Estado, deses fondos, o 11,9%, o 12%, cando o normal —e vostede sabe que así se lle vai reivindicar polos empresarios, polos sindicatos, por todo o mundo— é o 17,5%. É dicir, vostedes, nesa magnífica negociación sobre o Plan de desenvolvemento rexional, perderon neste período 800.000 millóns de pesetas; 115.000 millóns de pesetas ó ano cústanos a súa situación e a súa capacidade negociadora.

Ben, ¿por que ocorre isto? Porque mentres outros negocian, señor Fraga, e se ocupan de gobernar, negocian os presupostos e o PDR, vostedes están ausentes, enredados na súa crise política, abandonando a súa responsabilidade de goberno. É por iso que traio aquí o segundo factor da situación política nova en Galicia, que é a crise estrutural do partido do Goberno, lonxe de calquera tentación morbosa, senón pola incidencia que se acaba de manifestar na marcha do país, como acabamos de ver no punto anterior.

A súa crise é unha crise estrutural, insoluble, que xera inseguridade e é unha fonte de inestabilidade permanente moi negativa para Galicia. É verdade que os que levamos anos na vida pública sabemos que o PP en Galicia foi un sindicato de intereses, non é un auténtico partido político, certo. Xa entón condicionaba, con esa estrutura de poder, a marcha dos proxectos políticos e mesmo a acción do Goberno, non hai a menor dúbida. Pero funcionaba, ben que mal, porque, aglutinados polo poder e as prebendas que

del se derivan, naturalmente, como temos sinalado moitas veces, íase tirando mal que ben, condicionando a política do país, sendo negativa para poñer en marcha un proxecto crible e eficaz, pero mal que ben.

Pero ¿que pasa agora? Que se chega ó final, tanto pola sucesión —que xa está ante a opinión pública galega, non é que invente nada morbosamente, é un debate que está promovido por vostedes ante a opinión pública, non pola oposición—, como sobre todo polo resultado das últimas eleccións municipais. Ante o final desta etapa presidida polo señor Fraga, e ante o final, posiblemente, do apoio popular, ¿que está ocorrendo? Que todo o mundo se sitúa para mante-la súa cota de poder e de prebenda, ou, polo menos, para perde-lo menos posible. Polo tanto, estamos a asistir a un axuste de contas de carácter antropofáxico, que se tenta disfrazar —pero ¿por que me contradín os que mo recoñecen no bar? (*Risos.*) ¿Por que? (*Risos.*) ¡Oia, non me digan, non me fagan dicir qué deputado popular me deu esta palabra de antropofáxico, porque foi un deputado popular!— cunha cortina de fume da chamada renovación. ¿Pero que renovación? ¿Pódese falar dunha renovación sen renovar e reformular un proxecto político claro ante o país? ¿Pódese falar de modernizar un partido e un proxecto mantendo incólumes, como se ve, con enorme poder, mesmo desafiante, os señores Baltar e Cacharro, que son modelo de modernidade e de futuro? (*Risos.*) ¿Como se pode falar mesmo de renovación mantendo ó señor Fraga á fronte? Fraga pode se-lo que vostedes queiran, incluso marabillioso, pero renovador non.

Pero a verdade é que algúns que se chaman renovadores non crean que o son moito. Segundo as noticias que tanto alporizan o Goberno, resulta que fronte a estes, Baltar, Cacharro e Fraga propoñían a Diz Guedes como secretario xeral. ¡Fíxense vostedes cál é o debate da renovación no Partido Popular! Non é iso, claro está. Isto é o que comporta a crise do PP, que vai seguir despois do congreso, non se equivoque, señor Fraga, vostede sábeo ben. Esta crise apunta á parálise do Goberno, á inestabilidade, á incapacidade para definir calquera proxecto político, para dirixir mesmo o país, polo tanto é un dato moi importante da vida política galega. E neste contexto asistimos ó declive, á perda de autoridade do presidente da Xunta. Todo ten data de caducidade, mesmo o señor Fraga; falo en termos políticos, claro está. Perde esta capacidade e esta

autoridade tanto como gobernante canto como dirixente político. Cal aquel mito virtual, pero mito á fin e ó cabo, que puña orde, que dirixía o partido e o Goberno con man de ferro, aquel Fraga providencial que se facía respectar e facía respectar a Galicia ante o Estado e o mundo. Ese mito cae. Mire, señor Fraga, un paisano seu e meu, da zona de Vilalba, dicíame o outro día: “Pero Guerreiro, este xa non é o Fraga de sempre, este non é Fraga”. Era a persoa que mellor definiu a situación do señor presidente.

Remata, señorías, todo un estilo político, unha forma de facer política que vostede, señor presidente, representou coma ninguén. Unha forma de exercer-lo poder seguindo as recomendacións do famosísimo señor secretario da Señoría de Florencia, don Nicolás Maquiavelo, que dicía que debía utilizar todo gobernante, daquela príncipe, o método da raposa e do león. A raposa para tender trampas ó inimigo e enganalo pobo, e o león para espantar e escorrenta-los lobos. A raposa xa non funciona, mesmo as trampas que vostede tende, como a renovación, vólvense contra vostede, e os mesmos que pretenden renovar ou extraditar pídenlle a súa renovación. E, desde logo, o león xa non escorrenta ningún lobo, basta le-la prensa; nin os lobos de Madrid nin os de Ourense nin os de Lugo nin os doutros sitios. Polo tanto, empeza a rematar un período histórico: a falla de autoridade para endereitalo Goberno e o partido, para formar un proxecto político, para defender e coordina-los nosos intereses, desde as nosas competencias, e no exterior.

E remato, señor presidente, coa última clave política deste debate, desde o meu modesto punto de vista, claro está. Fai falta, e ademais agora é posible, unha nova política e un novo Goberno. Vostede sabe, señor Fraga, que —esta é unha teima miña que vostede ten recoñecido mesmo no debate—, como conclusión lóxica e natural da miña crítica —creo que argumentada, compártase ou non—, eu, desde o primeiro momento, desde o debate de investidura, e posteriormente no debate do ano pasado, pedín como conclusión que se empezara a artellar unha alternativa política sólida, crible, coherente, capaz de substituír democraticamente no seu día o actual Goberno. É dicir, deixar este baleiro de poder e de referencia que a súa crise crea, xerar esa referencia, esa seguridade, esa esperanza, para programar un cambio político, unha alternativa normal de goberno que poña en marcha outro

proxecto e outra política; isto é normal. Certamente este era un desexo que eu presentaba ante a Cámara, que eu, reiterada e teimudamente, repetía como conclusión lóxica política en democracia, non para substituí-lo Goberno nesta Cámara, que non podemos, senón para ir perfilando unha alternativa crible de goberno plural ó actual Goberno do señor Fraga.

O novo é que esa alternativa está en marcha, señor Fraga, ese é o produto natural das últimas eleccións municipais. Xa sei que as eleccións municipais non son o mesmo que as eleccións autonómicas ou que as xerais, evidentemente, pero tampouco hai cinco anos eran o mesmo e daquela gañaron, e agora perderon. É dicir, que o proceso político vai nunha dirección. Eu non son adiviño, eu non sei se culminará nos dous anos que quedan, ou menos, de lexislatura, pero parece lóxico colixir do resultado das eleccións que hai un declive dunha forza política, como é normal en democracia, e avanza cara a unha alternativa plural de goberno que acaba de ser cristalizada e visualizada nos concellos.

É verdade, dirán vostedes, que toda alternativa plural é complicada, pero eu dígolles con toda seriedade —eu, que reivindico nos grandes concellos ese acordo político de goberno, e que non teño interese partidista nel, porque non estamos, polo tanto, ten aínda máis valor, porque non é un problema de interese partidista esta defensa, ten máis credibilidade, creo eu— que si houbo algunhas tensións, como é normal, ¡faltaría máis!, pero eu asegúrolles unha cousa: que nos concellos de Santiago, Ferrol, Lugo e Pontevedra, e mesmo no de Vigo, hai menos tensión que en calquera goberno do Partido Popular; moita menos tensión e moita máis estabilidade. (*Murmurios.*) Ben, comparar o actual Goberno de Vigo co do señor Pérez, no que se lle sublevaban os concelleiros... Eu creo que xa non hai nada que discutir. Pero, en fin, en xeral iso é así.

Polo tanto, estamos ante un novo ciclo político, e vostedes deben saber, se son demócratas, que deben defende-la súa posición e que non deben atrincheirarse e sobrepasar algunhas canles democráticas para manterse no poder, deben dar no final dun período unha lección, como outros deron no seu día, para facer e preparar, se é o caso, un traspaso de poderes no país. Non pasa nada, non se atrincheiren, non tiren

pola borda o que conseguiron nestes últimos vinte anos de certa credibilidade. Non digo aquí, en xeral, quixeron lava-la cara. Moi ben, admitimos todos ese xogo, non se atrincheiren aquí ata o último minuto. Non utilicen métodos para conserva-lo poder que poden mancha-la credibilidade dun partido, dunha opción, que, de todas formas, será outra vez unha opción de futuro e unha alternativa de futuro.

Eu creo que hai a necesidade de crear esa alternativa. Avanza, ocupa cada vez máis espacio e máis referencia, creo que é unha necesidade obxectiva para mobiliza-las enerxías do país, para darlle unha esperanza a este país, para modernizar e poñer no seu sitio, despois de moitos anos de estancamento, o noso país, no lugar que lle corresponde en España e en Europa.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Coa venia, señor presidente. Señorías.

Señor Fraga, durante os últimos días o seu Goberno dedicouse a bombardearnos cunha intensa campaña a través dos medios de comunicación chea de anuncios realmente fantásticos para este país: o tren de alta velocidade, a autopista Santiago-Ourense, sómo-la comunidade onde máis se inviste, a máis beneficiada de España, a máis beneficiada polo financiamento autonómico.

Durante catro ou cinco días, diante deste debate da Autonomía, amosaron vostedes unha actitude realmente lamentable, unha actitude deplorable, unha auténtica farsa mediática, señor Fraga. E digo isto porque os presupostos do Estado, que acaban de entrar no Parlamento, no Congreso dos Deputados de España, derrumban con estrépito cada unha desas afirmacións, amosan que realmente estamos ante unha campaña literalmente de propaganda e simplemente mediática.

Eu quérolle dicir, señor Fraga, que veña aquí e que demostre que non é así, que diga o contrario, que diga que nos presupostos do Estado, para o ano 2000, non é certo que non exista un peso para alta velocidade. Exactamente 100 millóns de pesetas para accesos a Galicia, a esa alta velocidade á que se refería o seu conselleiro de Goberno, señor Cuíña; cero pesetas para a conexión de alta velocidade con Portugal; cero pesetas para a autovía do Cantábrico; 100 millóns de pesetas para a autopista Santiago-Ourense. A mesma autopista que o seu Goberno, vostede mesmo e o seu conselleiro, señor Cuíña, no ano 1997 prometeron publicamente que se licitaba e estaría rematada en 1999. E hoxe teñen a falta de responsabilidade política de vir aquí a este debate, ou días antes a través dos medios de comunicación, a dicirnos a todos que vai empezar agora, en 1999, e vai rematar proximamente, pasado o ano 2000. A realidade é que estamos diante do peor presuposto do Estado da década dos noventa. Un 40% menos de investimento que no ano 1995, no último goberno socialista; no ano 1995, 40% de investimento menos. Nunha fase de auxe, de crecemento económico, os presupostos do Estado dótannos cunha redución, cun decrecemento de 7 puntos, cando en toda España o investimento crece por riba do 7%.

En definitiva, estamos nunha situación na que a verdade presupostaria desmonta, un tras outro, os argumentos centrais da súa propaganda mediática e da súa intervención no discurso desta mañá. O que máis me preocupa e o que quero poñer de manifesto xa non son as cifras, señor Fraga, este é un exemplo, un paradigma auténtico, de cómo vostedes, e vostede en particular, entende a política, entende o debate parlamentario e a responsabilidade pública. Porque o ocorrido nestes días demostra a falta de respecto á entidade parlamentaria, á institución parlamentaria.

Vostedes impediron, secuestraron o debate do Plan de desenvolvemento estratéxico de Galicia, vostedes impediron e secuestraron a información e o debate sobre o PDR do Estado. Pedimos no mes de agosto, nunha deputación permanente, que en tempo e forma se puidera ter esa documentación, facer alegacións, buscar un consenso, o diálogo parlamentario, pero vostedes coa súa maioría impedírono. A través dos medios de comunicación enteirámonos do que supostamente plantexa o PDG ou o PDR. En definitiva, po-

lítica virtual e non política parlamentaria, política substantiva.

Mire, vostede converteu o debate nun debate nos medios de comunicación previo ó debate do estado da Autonomía, falseando literalmente a realidade, e ocultou, escondeu literalmente, as cifras do presuposto do Estado. Esa é unha posición gravemente irresponsable, porque este presuposto non dá resposta a ningunha das grandes necesidades do país, é unha actitude da que teño que dicir, señor Fraga, que é como mínimo de complicidade, de silencio, unha actitude de asentimento, que, en definitiva, é gravemente irresponsable con este país.

Señor Fraga, vostede fixo un discurso cheo de lugares comúns, rutineiro, continuísta respecto ó pasado, eu diría que pateticamente idéntico ó mesmo discurso que nos fixo vostede aquí hai un ano. Se quixera empregar, e quero empregar, palabras amables, vou utiliza-las palabras de Octavio Paz para dicir que é o discurso de alguén que está situado literalmente en la afueras de la realidad; pero nunha linguaxe máis directa, máis aberta, máis coloquial, pero tamén certo, é o discurso propio e típico de quen leva, practicamente sen interrupción, corenta anos da historia de España subido a un coche oficial, señor Fraga.

Porque ¿de que Galicia falou vostede? Hoxe a mañá aquí veunos repetir que se ía facer un plan de estradas. O seu conselleiro de Ordenación do Territorio xa anunciou que estabamos no segundo Plan de estradas hai dous anos nesta mesma Cámara; vostede plantéxao agora como un plan estrela. É certo que confesa de novo a súa preocupación pola demografía, por un país que está en declive, mais ¿que está facendo vostede?, ¿cal é a dinámica de fondo que permita alterar que este país deixe de ser hoxe, e no futuro, un país en declive, en recesión demográfica?

Fálanos vostede de 20.000 millóns de pesetas para un plan rural, pero, señor Fraga, vostede sabe, e os conselleiros deben saber, que hoxe en Galicia se está investindo entre os distintos plans europeos practicamente 26.000 millóns de pesetas, estanse executando en plans de acción no medio rural. ¿Que plan rural novo plantexa vostede?

Fala de novo dun plan de acción xuvenil. ¿Onde quedou aquel plan estrela de emprego xuvenil que no seu momento plantexaron?

Fala vostede de poñer en marcha o decreto para a xubilación das amas de casa; un ano para mover ese decreto, que non é tal xubilación. Nós plantexámolo no Congreso dos Deputados e instamos a vostedes a votar a favor para que realmente se atenda e se faga de verdade certa a xubilación das amas de casa.

Pero, mire, vou dar simplemente cinco ou seis elementos de datos, de palabras, de xentes, de sectores, dos que vostede, señor Fraga, non falou realmente neste debate do estado da Autonomía. Vostede non lles dedicou unha palabra, non dixo nada, non dixo ren, sobre os 40.000 fogares galegos, as 150.000 persoas, que viven en Galicia en condicións de extrema pobreza, por debaixo do límite legal de subsistencia. Vostede non dixo nada da súa posición política, durante todo o debate, arredor das pensións, dos 650.000 pensionistas que existen en Galicia. Sómo-lo país que en termos relativos temos máis pensionistas e as pensións máis baixas do Estado, señor Fraga. Vostede non di nada de por qué e en qué situación nos atopamos cando un de cada tres mozos de Galicia non atopa traballo. Vostede non dixo nada de por qué ano tras ano, e así ata dez anos de goberno que vostede vai levar, cada ano mandou ó paro 5.000 mulleres máis sobre o ano anterior. ¿Por que o paro feminino duplica hoxe, triplica hoxe, a media do paro feminino na Unión Europea? ¿Por que termina a década do seu Goberno situando a Galicia entre as cinco comunidades de España que están entre taxas de paro do 15% ó 20%, un récord sen precedentes, señor Fraga, porque isto non ocorrera nunca na historia recente democrática do noso país?

Mire, vostede no seu discurso nin falou dos pensionistas nin da xente que está por debaixo do nivel de subsistencia nin falou nada dos 125.000 funcionarios que teñen conxeladas as súas rendas desde hai moitos anos e non lles ofrece vostede tampouco ningunha perspectiva. Nin nos dixo nada de por qué as nais e os pais galegos contemplamos literalmente como cada ano, co seu Goberno, se van deteriorando as condicións do ensino; en definitiva, as condicións nas que as nosas fillas e fillos reciben a educación nas escolas e nos institutos públicos. Hoxe hai un fluxo per-

manente —e vostedes sábeno—, un goteo permanente, en dirección cara ó ensino privado, cara ó ensino de pago. Vostede non dixo nada —e remato— no seu debate de por qué seguimos literalmente sendo a Comunidade Autónoma de España que ten os niveis máis baixos de formación e cualificación profesional da súa man de obra; 15 puntos por debaixo da media española en canto á formación da xente ocupada, da xente que traballa. Vostede realmente no debate cansou con cifras, fixo rutina, contóuno-lo que sempre nos veu contar, pero non falou realmente dos problemas sociais, dos problemas de preparación, dos problemas básicos deste país, señor Fraga.

Finalmente, falounos no debate do PDG, converteu na estrela do debate un plan que —insisto— non coñece a oposición, e que se o coñecemos é porque tivemos que ir pedir de prestado e conseguir esa documentación. Nese PDG, ¿que horizonte de futuro lle plantexan vostedes a Galicia? Unha taxa de paro do 14,5% para dentro de sete anos, para o 2007, cando hoxe na Unión Europea xa están nunha media de paro a penas superior a un 9% e o consideran un grave problema.

Vostedes plantexan un escenario de crecemento económico no que imos seguir medrando levemente, nalgúns casos, no primeiro trienio, por riba de España; e despois, realmente na mesma tónica, o cal quere dicir, segundo tódolos analistas económicos serios —non aqueles a quen vostedes lles pagan e lles piden un informe, en fin, dicindo qué queren que diga— que Galicia está nunha situación literalmente de converxencia estacionaria. Quere dicir isto que tardaremos corenta ou cincuenta anos, de seguir co plan que plantexan vostedes, en achegarnos á media europea, e que realmente estaremos instalados permanentemente nun nivel de renda per cápita 15 puntos por debaixo da media española, arredor sempre do 84% ou 85%.

Plantexan no PDG que o gasto en educación por habitante, en relación co produto interior bruto, en relación co noso potencial productivo, diminúa á altura do ano 2006. E plantexan vostedes un gasto de investimento, en capitalización da economía, que vai facer que no ano 2006 aínda non esteamos dedicando o 5% do PIB á capitalización, ó investimento productivo. Ese é o escenario de futuro.

Mire, señor Fraga, vostede sabe —estou seguro de que sabe perfectamente, coñece a experiencia— que se queremos falar de países no plano internacional, podemos falar dun país periférico e atlántico como é Irlanda, que estaba no 60% da renda media comunitaria e que hoxe chegou a uns niveis comunitarios; se queremos falar no plano das rexións, vostede sabe o caso da Bretaña, que nunha década recuperou os mesmos niveis de crecemento e de renda; vostede sabe que foi posible que Bretaña ou Irlanda deseen ese salto. Pero se quere mirar cara a España, mire vostede as taxas de crecemento de Canarias, Extremadura, Castilla-León, Castilla-La Mancha, e todas elas están crecendo por riba da renda que é capaz de crear, de xerar, a comunidade autónoma que vostede preside. Polo tanto, hai un balance de futuro pobre, que non nos di nada, que non nos ofrece crenza no futuro desta comunidade no seu discurso desta mañá.

Pero mire, señor Fraga, eu diríalle brevemente que, en definitiva, gobernar non é saír, creo eu, tódolos días, e a ser posible varias veces, nos telexornais. Gobernar non é viaxar moito e moitas veces a todas partes, nun bule-bule —na maioría dos casos cun sentido, cando menos, que se pode poñer en dúbida, aínda que cada vez o faga menos— a Madrid e a Bruxelas, e obviamente, polo que se ve, con menor éxito. Considero que gobernar é ter prioridades claras, é ter un proxecto político para o país, deseñar e desenvolver ese proxecto político. Iso quere dicir ter obxectivos que sexan capaces de aglutina-los mellores recursos e as mellores enerxías; mobiliza-los factores endóxenos, que os hai e moitos, no noso tecido productivo, no noso tecido empresarial, social e económico; reforza-los consenso básicos do país; aumenta-la cohesión social e o equilibrio territorial, xerar confianza e ilusión, privada, individual e colectiva, no futuro do país. En definitiva, tiña que ternos vostede traído e plantexado unha proposta capaz de quebrar, de romper, de supera-los elementos básicos dunha economía que segue sendo subsidiada e dependente durante anos e anos co plantexamento que vostede fai, e tería que plantexar vostede as bases para lograr un desenvolvemento sostido, intenso e equilibrado, cousa que non está nese plan que tanto converteu en central na súa intervención.

Entremos no balance. Creo que hai que facer balance da situación política, social, económica e terri-

torial despois de dez anos de goberno, señor Fraga. Efectivamente, leva vostede dez anos practicamente á fronte do país. Señor Fraga, eu quéro lle dicir, con toda claridade e con todo respecto, creo sinceramente que vostede malgastou demasiada confianza, demasiado tempo e demasiados recursos para obter uns resultados tan pobres, que señor Fraga; para obter un país que aínda non despega nos elementos fundamentais. Vostede e vostedes representan un ciclo político esgotado, un tempo perdido na década dos noventa.

Miren, o modelo político que vostede, o modelo de Fraga, o modelo fraguín ou como queiramos chamarlle, o modelo do Partido Popular, que vostede lidera e encabeza —non me cabe dúbida de que vostede o encabeza—, é un modelo que ten entrado en crise despois das eleccións municipais do 13 de xuño. Porque vostedes, o Partido Popular, perderon a confianza maioritaria, e, consecuentemente, o goberno en sete das oito grandes cidades de Galicia, señor Fraga. Ese resultado, esa vontade democrática dos cidadáns, creba o modelo político e as formas de facer política do Partido Popular. Un modelo que eu lle digo que está baseado —segundo creo— en catro principios esenciais: ignora-lo valor do consenso, nega-la lexitimidade da oposición, instrumentalizar e subordina-la Administración local, e, de forma moi particular, as áreas urbanas e os grandes concellos deste país. En terceiro lugar, utiliza-los fondos públicos e o presuposto de forma opaca e discrecional, como instrumento xerador de dependencias da sociedade civil, señor Fraga. En cuarto e último lugar, dispoñer dunha poderosa maquinaria de propaganda mediática co control absoluto dos medios públicos e formas totalmente opacas de financiamento para os privados.

Sabe vostede que estamos nun sistema político, nun modelo, baseado na desigualdade de oportunidades no acceso á función pública, e un día si e outro tamén xorde o escándalo cada vez que algunha deputación deste país convoca prazas de acceso á función pública no seu eido concreto. Vostede creou, literalmente, non a Administración única, señor Fraga, senón unha Administración paralela, pesada, mastodónica, unha Administración pouco eficiente e pouco eficaz, que escapa ó control parlamentario e ó control público. Vostedes fan unha utilización masiva e discrecional dos fondos públicos. O 75%, que é moito dicir, dos fondos públicos destinados á Administra-

ción local, as tres cuartas partes, fanse a través de subvencións e investimentos discrecionais, non regrados, fóra do Fondo de Cooperación Local, fóra dos elementos pautados. E xa é a terceira ou cuarta vez que o Consello de Contas lle esixe e lle reclama, señor Fraga, que faga unha lei de subvencións que regule e regulamente as relacións entre a Administración pública e os privados, as empresas e administracións locais; en definitiva, a xestión transparente dos fondos públicos.

Sabemos ben do control omnímodo que vostede ten dos medios de comunicación oficiais e de cómo se financia de forma absolutamente opaca e falta de control público, con fondos públicos, o que son os medios de comunicación privados deste país. É un modelo que o problema e a importancia que ten é que ten bloqueadas as enerxías dos sectores máis dinámicos deste país. Pero, señor Fraga, despois desas eleccións que rachan e creban ese modelo, porque a oposición está no goberno municipal, porque non pode vostede seguir subordinando a Administración local, porque realmente esas bases xa non son posibles, sopran, efectivamente, ventos de cambio, dun cambio necesario neste país. Mire, non é crítica, eu fágolle catro propostas que me parecen importantes neste terreo, e concretoas.

Fai falta neste país, como auga de maio, unha reforma modernizadora da Administración pública, que a converta nun instrumento de eficiencia, máis transparente, que incentive os funcionarios no seu traballo. Fai falta unha lei de subvencións que garanta a transparencia, a concorrência, a publicidade e a obxectividade nos medios que van ós particulares, ós empresarios e ós medios de comunicación, como o solicita permanentemente o Consello de Contas. É necesario potenciar de verdade a autonomía política municipal. ¿Como é posible falar de autonomía política municipal en Galicia, cando témo-los concellos —exceptuando as oito grandes cidades— cos presupostos máis raquíuticos de toda España, cando temos uns presupostos dependentes totalmente do financiamento discrecional do seu Goberno? Señor Fraga, é necesario traspasar competencias e recursos, e en dez anos de goberno vostede non fixo nin unha cousa nin outra. Realmente é necesario, e é hora xa de que saia adiante unha lei galega de financiamento das facendas locais, é hora de que vostedes desenvolvan o regulamento da

Lei de réxime de Administración local que lle permita a Santiago te-lo estatuto de capitalidade, que permita crear e darlles contido ás áreas metropolitanas, que permita realmente estruturar e vertebrar este país no que son os seus eixos e compoñentes fundamentais. Por último, propóñolle neste terreo a conversión da Radio e da Televisión Galega nunha axencia independente —ó estilo alemán— dos medios do poder executivo. Unha Radio e Televisión Galega que deberían converterse no núcleo do impulso da industria audiovisual de Galicia e da potenciación dos seus propios profesionais.

Mire, señor Fraga, os resultados do 13 de xuño teñen literalmente aberta en canal a sucesión de vostede, teñen instalado o Partido Popular nunha guerra de posicións na que eu non desexo entrar en ningún caso, e vou eximirme de seguir por ese terreo, pero resulta demasiado evidente que está condicionando permanentemente desde hai anos, e agora con máis intensidade ca nunca, a acción do seu Goberno. Unha situación que vostede intenta tapar nunha fuga cara adiante, cunha gran manobra mediática, coa que nos alterou, por certo, a cronoloxía do debate do estado da Autonomía, adiantándoo sobre o que era a pauta tradicional á celebración do Congreso do Partido Popular.

En definitiva, esa é a súa resposta e esa é a súa responsabilidade, pero para todo o mundo é evidente e obvio que os resultados do 13 de xuño abren en canal un problema que vostedes deben solucionar polo ben deste país.

Pasemos ó terreo do balance. No terreo económico, no terreo social, no terreo territorial, Galicia desfrutou, indubidablemente, nun contexto favorable, nos últimos vinte anos, nun contexto extraordinariamente favorable a nivel europeo, unha importante aportación de fondos europeos para o equipamento de infraestruturas. Vostede debería dicir aquí e recoñecer que esa política de construción europea permitiu que entre o ano 1986 e o ano 1996 chegase a Galicia preto de medio billón de pesetas que permitiron ese equipamento infraestructural. E a política sanitaria, a política educativa, a política de pensións, son o resultado das políticas de benestar social do Estado e da sociedade de benestar, que co esforzo de tódolos españois, a contribución solidaria e as políticas dun go-

berno socialista, e a cooperación de tódolos demais, ocorreron neste país.

Claro que este país, Galicia, se transformou nos últimos anos, con elementos moi positivos. E eu recoñezolle, señor Fraga, que con iso ten vostede que ver, que, efectivamente, nese período, nos últimos dez anos, vostede estaba á fronte do desenvolvemento autonómico do país e que, polo tanto, se puido beneficiar, sen que a palabra sexa pexorativa, en termos políticos, deste esforzo europeo, español e tamén dos galegos para cambiar este país. Pero ese non é o debate que hai que facer aquí, o que hoxe hai que preguntarse é cál é o valor engadido, qué é o que aportou realmente, desde o autogoberno de Galicia, vostede, coa súa acción de goberno, ó cambio substantivo deste país na última década. Aí teño que dicirle que, mentres que en España no terreo económico, desde o ano 1994 para aquí, crece a ocupación de forma moi significativa e importante, creáronse 700.000 postos de traballo desde o ano 1994 a aquí en España, mentres en España vai baixando o paro, aínda que sexa con dificultade e segue crescendo a actividade, polo menos ata o ano pasado, en Galicia a marcha do mercado de traballo, nun tema que é o que máis preocupa á poboación galega, é simetricamente ó contrario: diminuíu a ocupación desde o ano 1990, sen trampa nin cartón, señor Fraga, desde o ano 1990 ó ano 1998, presuposto liquidado, ano contra ano, 1990-1998, practicamente os anos do seu goberno. En Galicia, neste período o que ocorreu é que se destruíron 111.000 postos de traballo, perdemos ocupación, subiu o nivel do paro do 12% ó 17%; hoxe estamos, que non o estabamos, entre as 25 comunidades ou rexións europeas máis afectadas polo problema do paro e entre as cinco comunidades españolas. Paralelamente hai 60.000 activos menos; en definitiva, un exponente do desalento, do desánimo da poboación en idade de traballar, que contribúe, sen embargo, a maquillar e palia-lo problema do paro; que, se non, sería máis grave.

No terreo social, temos medio millón de galegos, segundo o informe de FOESA, de Cáritas, do CES, segundo o informe do Valedor do Pobo —vostede negao— con ingresos non superiores ás 30.000 pesetas mensuais, e 150.000, a metade da poboación de Vigo, se a quixeramos tomar de referencia, en condicións de pobreza extrema, por debaixo do nivel legal de subsistencia. Témo-las pensións máis baixas de España,

salarios medios 16 puntos por debaixo da media española, e tan só 42 de cada 100 galegos ocupados teñen protección polo desemprego; e esa taxa de protección segue cada ano baixando sobre a anterior.

¿Que me pode dicir vostede realmente, diante da xente xove, da xente moza, do noso país, que como lle dicía antes ocorre que un de cada tres, que é unha cifra moi dura de dicir, non atopa emprego? ¿Onde quedou o seu emprego, o Plan de emprego xuvenil? Agora vénnos coa historia doutro plan de emprego que terá o mesmo resultado, e, sobre todo, do cal non se fixo ningunha avaliación nin seguimento coñecido, señor Fraga.

¿Por que o paro feminino duplica en Galicia o paro masculino? Temos en Galicia hoxe 108.000 mulleres paradas, 5.000 máis en cada ano do seu goberno como media, desde 1990 a 1998. Unha cidade enteira como Ourense está chea de mulleres que non teñen traballo aínda que o buscan. Vostedes proclaman que están satisfeitos coa incorporación da muller ó traballo e vostede fai unha política que —téño que dicir— é unha política literalmente farisaica, pouco eficiente, que non serve para nada, de prima-la natalidade. O problema do declive demográfico, o problema da falta de natalidade, é o problema desas 108.000 mulleres que non teñen traballo nin perspectiva de telo, e que cada vez sobe máis a taxa de paro feminino no noso país. Un de cada tres empregos é temporal; dous de cada tres parados en Galicia —dous de cada tres parados— leva máis dun ano sen traballo, sete puntos por riba da media española.

E, por último, consolídase un profundo desequilibrio territorial nestes anos; unha Galicia dual entre o mundo rural e o mundo urbano, entre o mundo da costa e o mundo do interior, que cada vez é máis acentuado, señor Fraga, e ese desequilibrio e esa dualidade é paralela ó declive demográfico do noso país, a unha Galicia que ten cada vez menos galegos. Durante o seu goberno, 40.000 galegos menos, e cada vez máis envellecidos. Un modelo que, en definitiva, consolida o empobrecemento de importantes zonas do país; a reprodución, porque esas son as bases, non o debe esquecer ninguén, dunha economía cada vez máis dependente e máis subsidiada. Porque hai que dicir en voz alta que para mante-lo nivel de prestacións de desemprego, aínda que é baixo, que para

mante-lo nivel de pensións que hoxe en día temos en Galicia, aínda que sexan as máis baixas do Estado, necesitamos recibir 250.000 millóns de pesetas máis cada ano das que aportamos, porque precisamente temos unha poboación en baixa e envellecida. O problema do decrecemento poboacional, o problema do declive demográfico, é o problema dun país que está literalmente pola pendente do desequilibrio.

Señor Fraga, remato coa parte do balance. Ó final, declive demográfico, un país que ten máis paro, con menos ocupación e con zonas moi importantes do país cada vez máis empobrecidas, que din os economistas e os sociólogos, desertizadas.

¿Cal é o escenario do futuro, señor Fraga? Cando avanzamos cara a un futuro no que tódolos analistas nos din que estamos nun escenario no cal se vai avanzando, onde a economía cada vez é máis mundial, máis globalizada, máis internacionalizada, o que quere dicir, entre outras cousas, fundamentalmente, que a competitividade e a concorrência é total e cada vez maior; cando estamos avanzando nun escenario onde o cambio tecnolóxico é continuo e dinámico, e que sabemos que imos contar, quizais, cada vez menos, coa axuda exterior, porque é dubidoso, tal e como marcha o país, que as correntes e fluxos de solidariedade se poidan manter no mesmo nivel no que hoxe estamos, sobre todo se vostedes seguen *hincando la rodilla* ante as presións dos nacionalismos; e cando realmente estamos nun escenario complicado e difícil, as preguntas que hai que facerse é se do seu discurso se deriva ou non se deriva, señor Fraga, que realmente se está apostando por unha rexión que queremos que sexa máis central na Unión Europea, que saque partida do seu escenario atlántico, da súa situación no fistera atlántico, unha rexión que cada vez ten que ter máis lazos interrexionais cara ó Cantábrico, cara a Asturias e cara a Portugal; se estamos facendo unha aposta a fondo, de verdade, por reforza-la apertura da nosa economía e o poder de atracción da nosa economía e da nosa sociedade; e se realmente vostedes fan unha aposta por mobiliza-los factores endóxenos de desenvolvemento propios da nosa sociedade.

Iso, señor Fraga, eu creo que hai que medilo, e vouno facer en función de catro ou cinco elementos básicos da súa proposta ou das súas propias limitacións e incapacidades cara a ese futuro: a educación,

os equipamentos, o tecido productivo, a marcha dos sectores da actividade económica e as incidencias da política de Estado en Galicia; velaí, nun repaso rápido, os factores fundamentais respecto dos cales hai que facer balance de futuro, para saber se estamos na dirección adecuada ou se realmente isto non é así.

Aí eu atopo que no nivel educativo, no que é a educación e a formación, o que é a xeración do I+D, non hai un auténtico compromiso por parte da política que vostede lidera e representa. Hai unha falla de prioridade no que é a educación e a formación do capital humano. Hai que dicir, porque non é un tópico, nunca me cansarei de dicilo suficientemente, que Galicia necesita dunha auténtica revolución da intelixencia, do saber facer como instrumento de competitividade; non temos outro, basicamente, aí é onde xógamo-lo noso futuro, a igualdade de oportunidades tamén se xoga nese terreo.

Dicíalle antes que os pais galegos o que realmente contemplamos é cómo a educación pública se vai deteriorando cada vez máis, cómo se produce ese fluxo permanente cara ó ensino de pago, que necesariamente non é sostible a medio e longo prazo. Vostede di que marcha ben a educación, pero acaban de dimitir 150 directores dos institutos de ensinanza media; estamos nun ensino no que cada ano se abre un proceso de conflictividade permanente; unha formación profesional literalmente tradicional, que é incapaz de abastecer e de dar aquelas titulacións e demandas que reclama o mercado de traballo; e temos un atraso máximo en relación cos países máis avanzados de España no ensino dos idiomas, no ensino da informática, na ensinanza de adultos. Seguimos no último lugar entre as comunidades autónomas, dicíao antes, nos estudos e na cualificación que ten a nosa man de obra. É realmente importante que en Galicia, da poboación ocupada, o 36% teña estudos medios ou superiores. No ano 1960 era o 7%, o 6%, o salto foi extraordinario. O problema é que no Estado a media está no 51%, e xa non digamos nas zonas máis avanzadas do Estado. Detrás dese problema escóndese o dunha formación ocupacional e o dunha estrutura de cualificación ocupacional non suficientemente adecuada, escóndese o problema das diferencias na retribución salarial; detrás diso está gran parte desa explicación. O gasto en formación e educación segue sendo bastante inferior á media española e realmente non somos capaces

de vencella-la educación e a formación co mundo do sistema productivo, co mundo da empresa. Ese é o desafío que temos que abordar e que non está presente nas súas propostas. O gasto en I+D, en innovación e desenvolvemento tecnolóxico, segue sendo, en porcentaxe, practicamente a metade do gasto en I+D español, e a cuarta parte do europeo.

Fala vostede de ensinanza universitaria. Mire, señor Fraga, vostede cando accede ó Goberno non pode negar que se acababa de promulgar polo Goberno anterior, o tripartito, a creación das tres universidades de Galicia, que se xerara un Plan de financiamento e se aprobara un Plan de financiamento plurianual, que é o Plan de financiamento que —é certo— vostede mantivo e aplicou ata o momento presente. Pero non é menos certo que, feitas as tres universidades e planteado un programa de financiamento, hoxe tódolos rectores lle piden que volva vostede a aprobar, porque non o fixo vostede anteriormente, un programa plurianual de financiamento; que existan contratos-programa coas universidades, que se persiga a excelencia e a calidade universitaria, e non o financiamento en función exclusivamente do número de alumnos. Todas esas perspectivas ó seu Goberno e ás súas prioridades lle quedan literalmente lonxe. Ou facemos este esforzo de prioridade, de coloca-la educación nun gasto equivalente ó 6% do PIB, que hoxe estamos moi lonxe diso, ou Galicia non estará en condicións de facelo mesmo que fixeron Bretaña e Irlanda, ou que fan outros países. É unha batalla decisiva a aposta pola educación, a formación e a transmisión da innovación e da tecnoloxía.

Os grandes investimentos, os grandes equipamentos por conquistar, están bloqueados, señor Fraga, desde 1996, diga vostede o que diga ou pónao como o poña. Desde que neste país goberna o señor Aznar, o Partido Popular, os grandes temas pendentes están bloqueados, están literalmente paralizados. Pero ese non é un problema, ó noso entender, ó meu entender, o problema é claro de diagnóstico. Non é un problema de falta de peso político de vostede, fundamentalmente; non é un problema de falta de negociación e de capacidade de impoñer, non é ese o problema clave; o problema é que a política da dereita é unha política que sacrificou durante estes anos o investimento en capital productivo e freou ese investimento, é unha política que inviste aí onde hai mercado. Nas infraes-

estructuras non hai mercado, e todos e cada un dos proxectos de acometer financiamento privado para face-las infraestructuras foron fracasando en toda España, e en Galicia tamén, señor Fraga. Por iso, coa política da dereita, os grandes equipamentos deste país están condenados ó bloqueio e ó fracaso. É necesario, realmente, un modelo de prioridades. O que máis lamento e sinto dos dez anos de goberno de vostede, a partir do ano 1993-1994, é que perdemos modelo, perdemos prioridade, non sabemos realmente cal é a política de desenvolvemento do territorio, a política de desencravamento deste país.

Este país necesita dun pacto de Estado, realmente, para dar ese salto que nos falta por dar, señor Fraga. Somos un país periférico e atlántico, temos que dar ese salto de forma urxente. Vostede declarou ó principio desta lexislatura —e van dous anos— que era a lexislatura do tren, e non vou cansa-las súas señorías coas cifras, pero hai cero pesetas, cen millóns de pesetas, para o tren de alta velocidade entre Galicia e Valladolid nos presupostos do ano 2000.

En definitiva, Galicia necesita colocarse dunha vez nas grandes redes europeas de transportes e comunicación. Galicia necesita potencia-los seus elementos interrexionais. A autovía do Cantábrico: cero pesetas no presuposto deste ano. Seguimos tendo bloqueada e paralizada a extensión da autovía do Cantábrico, non hai ren, non hai pesetas, no presuposto do Estado. Señor Fraga, ¿que explicación lle podemos dar a iso? Necesitamos ese elemento estrutural vertebrador da nosa economía cara a Asturias, salvar ese paso da provincia de Lugo, intercomunicar para crear riqueza e actividade nesa zona do país, e chegar tamén por aí cara a Francia.

Segue habendo cero pesetas, realmente, para o tren de alta velocidade ou de altas prestacións na conexión con Porto. Á mañá anunciaba vostede un estudio, xa o anunciaron vinte veces, é un estudio que figura con 64 millóns de pesetas. E que dá realmente noxo ve-lo presidente do Goberno dun país tendo que falar no debate do estado da Autonomía, señor Fraga, dun estudio de 64 millóns de pesetas. ¿Esa é a oferta que realmente vostede pode facer?

Mire, en materia de infraestructuras eu queredía empezar por algo do que vostedes non adoitan falar.

Galicia é un país que está na fistera atlántica, e a modernización empezou polo mar en Galicia tradicionalmente, e terá que ser así no futuro. Ocupamos un lugar que é a fistera, pero ocupamos un lugar privilegiado como plataforma atlántica. ¿Onde está a súa política, a súa definición? É aí onde se nota a acción dun goberno, en torno á creación dun gran porto exterior de Galicia, que permita que este país xogue realmente o papel de *interface*, de transmisión das mobilidades de transporte, nun transporte, o transporte marítimo, que cada vez está demostrando se-lo transporte máis competitivo e xerador de actividade no transporte de mercadorías nos grandes fluxos mundiais. ¿Onde está a súa definición e o seu impulso? ¿Colleron vostedes os portos? ¿Para que interesa o autogoberno se, realmente, a xestión dos portos para o que serve é para *politiquilla*, denomina-lo presidente, ter máis control, máis poder, tal ou cal barón do poder territorial que vostede lidera? Necesitamos dun gran aeroporto en Galicia que permita, de verdade, que os homes de empresa e a poboación galega se poñan en condicións operativas de viaxe diario a tiro de tódalas capitais europeas. Non podemos entrar no 2000 cun esquema básico de servizos, que está moi ben, que foi o froito da fase anterior —por certo, na fase anterior de tres aeroportos, que hai que continuar mellorando cada un dos tres—, pero necesitamos unha plataforma de aeroporto que nos permita competir con Porto, para que non se vaian desviando tódolos fluxos na relación con Porto. Está moi ben falar do eixo atlántico, pero temos que ver en qué condicións e cómo queremos potencia-las sinerxías e as complementaridades do eixo atlántico co norte de Portugal.

Eu, señor Fraga, vólvoa invitar de novo a face-lo que vostede fixo daquela, no ano 1990, porque o señor Cuñia dicíao o outro día na Cámara, nun debate. Dixo que non o ía repetir máis, repítooo hoxe eu aquí porque tivo o valor político, a honradez política, de dicir nesta Cámara que no ano 1990 el lle tiña que agradecer ó presidente do Goberno de España naquel momento o asinar un convenio que foi fundamental para que tivesemos hoxe, ou estivesemos a punto de poder ter, practicamente dez anos despois, as autovías.

A historia é simétrica. ¿Por que vostede se nega?, ¿por que non é posible? Tería todo o apoio meu, como portavoz e secretario xeral, tamén de todo o meu

partido, do Partido Socialista Obrero Español; tería o apoio en Madrid para conseguí-la firma dun conveio idéntico ou similar que permiña de verdade enganchar co tren de alta velocidade. ¿Que é o que ocorre agora para que o Goberno de Madrid non estea disposto a firmar ese convenio? Figura diñeiro para o tren de alta velocidade entre Córdoba e Málaga nos presupostos do que vostede non quere oír nin falar. Figura diñeiro para "Y grego" vasco. Onte reuniuse o ministro de Fomento cos tres presidentes das comunidades autónomas de Castilla-La Mancha, Valencia e Madrid para levar alá o tren de alta velocidade. Galicia segue sen aparecer de verdade, realmente, na historia da alta velocidade —a extensión desde Galicia a Valladolid—.

Son moitos os temas nos que non quero deixar de esquecer que hai que facer unha aposta dunha vez por mellora-las conexións das vías de alta capacidade entre as cidades. A chapuza é unha chapuza increíble; é un adxectivo feo, pero non atopo outro que mellor defina cómo é posible machuca-la conexión entre Santiago e Ourense, sacando adiante, por riba de todo, un concurso para facer unha autopista; que se vía vir, e dixémolo vinte veces, que non hai tráfico, de Chapa para alá, suficiente para que sexa negocio privado. Efectivamente, as empresas que se presentan teñen que dicir que ata o ano 2023 non o poden facer, a pesar de ter que poñer 20.000 millóns de pesetas de esforzo público, 10.000 da Comunidade Autónoma de Galicia e 10.000, no seu día, do Estado. Estaba claro que ese é un tema que non ten saída. Segue estando claro que, como autopista de peaxe, endexamais, nun prazo razoable, chegará a Ourense. Vostedes seguen erre que erre, nos pedímoslles que de verdade consigan que entre todos que se proclame como obra de interese xeral, e que o mesmo diñeiro que foi para Cataluña, en compensación polo mal resultado do financiamento autonómico, veña a Galicia e poñamos, de verdade, facer unha autovía que chegue algún día, e canto antes mellor, á cidade de Ourense.

A desfeita do tecido productivo, o desastre agrario e a condena da pesca.

Acabamos de sufrir e asistir á perda do control empresarial no sector estratéxico de transformación do leite con incapacidade total do conxunto do seu Goberno, empezando polo señor Orza, que participou

na negociación, non se entendeu, e ó final quedou calado. O pobre señor Gago, o conselleiro de Agricultura, tivo que da-la cara dicindo, unha vez tras outra, cousas literalmente incoherentes, e o presidente, que estaba de viaxe —creo recordar— en Australia, tampouco estaba moi claro qué opinaba, qué pensaba e qué facía en relación con este tema.

Non temos perspectivas de resolución do problema da cota do leite e do problema da carne de vacún. Ningunha medida, nin unha soa, para o atranco fundamental da mobilización da terra en Galicia. Ese é o problema básico que ten este país en materia agraria. Se hai que coller un, é a mobilización da terra. É imposible. Abandonan terras e terras e terras, cada vez máis improdutivas, déixanse a monte e sen cultivar, porque segue a propiedade parcelaria que hai, pequena, campesina; por esa gran virtude, por outra parte, da nosa historia, da nosa tradición, pero ante a que hai que actuar politicamente creando un fondo público de terras. Experiencias hai en Francia dunha modernización do agro gracias a ese tipo de medidas.

A falta dunha política eficiente no sector enerxético —paso por alto os demais problemas agrarios e pesqueiros—.

Eu quérolle reclama-la necesidade dun plan enerxético que poña coto e fin a esta desorde permanente na utilización de fontes de enerxía en Galicia. Unha política de prezos de enerxía que favoreza a localización industrial en Galicia, introducindo nos prezos as vantaxes derivadas do menor custo de transporte dos que producimos enerxía a pé de obra.

En medio ambiente está todo por facer.

O sector servizos, que é o sector creador de emprego en toda economía avanzada, é a gran *asignatura* pendente.

Miren, non quero deixar de falar do tema da sanidade, da realidade profunda, que se está esquivando no debate, neste debate sobre a marcha da sanidade. Cada vez temos menos servizos para os máis necesitados en Galicia.

O gasto público en sanidade descende entre o ano 1996 e o ano 1999. Incrementábase, iso si, o gasto farmacéutico. Tempo haberá despois, posiblemente, se

vostede o aclara, de falar do *lío* entre o señor Romay e o señor Hernández Cochón, entre o Goberno de España e o Goberno de Galicia, coa Lei de farmacia.

Non está mellorando a calidade, a eficiencia e a equidade territorial do servizo sanitario. Estanse creando novos entes de xestión que permiten unha política clientelar nesa materia, eluden a Lei de contratos do Estado, e son —aínda que vostedes digan que non— elementos de privatización descarados dese sistema.

Galicia necesita, señor Fraga, recupera-lo tempo perdido, e neste esforzo estará sempre o Partido Socialista de Galicia. Eu, desde logo, ofrézome, no nome do meu partido, porque naqueles proxectos de Estado, como na defensa do medio ambiente, na lei —que se necesita modificar— de residuos sólidos, na necesaria remodelación do plan Sogama, estamos, ¡como non!, postos ó día...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO: ... e dispostos a chegar ós acordos que sexan necesarios en beneficio do ben xeral do país.

Pero, señor Fraga —e vou rematando, señor presidente—, dicíalle antes que malgastou durante demasiado tempo o esforzo dos galegos na década dos noventa. Malgastou o principal depósito de confianza, da extraordinaria confianza política que puxeron os galegos en vostede, e malgastou unha cantidade inxente de recursos, de fondos galegos, españois e europeos. Déixanos vostede como herdanza un país aínda con grandes limitacións, con déficits moi importantes, que outras rexións, outros países, outros estados, foron capaces de superar a partir da mesma situación. Ten vostede, polo tanto, unha moi grave responsabilidade e unha gran débeda histórica.

Vostede hoxe representa o pasado, señor Fraga, un goberno esgotado, e o final dun ciclo político. Vostedes carecen de proxecto, de prioridades e de vontade política para levalo adiante.

Pero o cambio en Galicia é posible e necesario, e escomezan a agromar tempos e ventos de cambio, tempos de progreso en Galicia.

Señor Fraga, obrígame vostede a situarme como os personaxes de Marcel Proust, a traballar na busca *de un tiempo perdido*.

O meu compromiso persoal, o dos socialistas, é traballar arreo e sen descanso na busca e na recuperación dese tempo perdido para Galicia e para os galegos, pero cun novo rumbo e cuns novos horizontes. Sempre, agora e mañá.

Moitas gracias.

(Aplausos nos escanos do G.P. dos Socialistas de Galicia.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista ten a palabra o seu portavoz, o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Non vexo ben. Estou obnubilado.

A tensión arterial nos ollos seica empeza a subir de ton.

¿Chámase así, presbicia? Presbicia ou presbítero ou presbiterio.

Señor presidente, señorías, imaxinen que na barafunda do Xacobeo chegase de moi lonxe a Galiza un viaxeiro de excepcional intelixencia e coñecemento do universo. Imaxinen que aterrarse aquí un viaxeiro celeste, como dixera Federico de Prusia, ao xeito en que o xigantesco Micromegas de Voltaire, procedente de Sirius, aterrara na beira setentrional do mar Báltico en 1738, coincidindo co naufraxio de *Maupertuis* e dos seus colegas á volta da súa expedición científica para corroboraren a tese de Newton encol da forma esferoide da terra, achatada polos seus casquetes polares.

Lembren o episodio e a fulgurante conversa entre Micromegas e os sabios filósofos da expedición. O xigante de Sirius, asombrado de descubrir neste planeta seres tan diminutos dotados de intelixencia, expresáballes a súa convicción de que o verdadeiro mundo feliz debía ser este. Porque sendo os homes tan pouca materia, e, por tanto, case enteiramente espírito, debían pasar as súas vidas —dicía literalmen-

te— a amar e a cavilar, cousas que constitúen a verdadeira vida dos espíritos.

Máis desenganouno axiña un dos sabios expedicionarios, ao informalo francamente, a Mircromegas, de que aquí, agás un pequeno número de habitantes moi mal considerados, o resto era un remexido de tolos, de malandros e de pobres desgraciados. E sentenciara: “Os humanos temos máis materia da que cómpre para facermos moito mal, se o mal vén da materia, e inxenio de máis se o mal vén do espírito”.

Pois ben, imaxinen o Mircromegas de Voltaire hoxe, aquí, na Galiza de Fraga e do Xacobeo, neste Liliput bis. ¿Que vería? ¿Que atoparía? ¿Que pensaría de nós? Pois aventúrome a contestar que non se atoparía cun pobo de malandros, nin tolos, nin xente ruín e miserábel, senón pola contra, cunha cidadanía honesta e asisada, unha xente afábel e traballadora, un pobo creativo, hospitalario e con intenso sentido do humor. Unha forma de entende-la vida imaxinativa e á par profundamente realista e teimosamente optimista. Unha enerxía social inconmensurábel. Unha sociedade dinámica, debuzada cara ao porvir e cada vez máis progresista. Un vizoso tecido asociativo cidadán, mesmo nos sectores máis asediados e confinados en situacións límite. Un tecido empresarial en constante rexeneración e metamorfose anovadora. Unha insólita capacidade de autodefensa dos sectores económicos estratéxicos e colectivos laborais máis ameazados pola agresión de reconversións salvaxes diversas. Unha conciencia social e cidadá coa meirande capacidade de crítica e autocritica cada día, na que constantemente progresa a valoración da propia dignidade e autoestima, constantemente ascende o nivel de consciencia da propia identidade como galegos e galegas, como cidadáns dun pobo singular, e constantemente avanza a expresión da vontade de acadar un estatus e desenvolver un rol xenuíno, como tal pobo galego, no Estado español e na Unión Europea.

Estou certo de que Micromegas percibiría todo isto na realidade social e cidadá da Galiza actual. Mais tamén estou certo de que ao examinar o aparello do poder establecido toparíase co panorama inverso do que ofrece a realidade social e cidadá deste país. Toparíase con moita extensión de materia e inapreciábel dimensión do espírito; con doses micro de inxenio e doses mega de materia inerte. Toparíase —digámo-

lo de vez— cun goberno desalmado. Explícome: un goberno exánime, inanimado e inane. Ou sexa, un goberno igualiño a un corpo sen alma, como certeiramente expresa a metáfora popular que aínda me semella escoitar agora dos labios da miña avoa de San Roque.

Vostede, señor Fraga, encabeza un goberno desalmado, unha alta Administración exánime como un mangallón entalado. Un organismo politicamente morto que só falta saber canto, exactamente, tardará en apodrecer.

Velaí o abraiante contraste e a explosiva contradición.

No actual panorama político institucional de Galiza faise ostensíbel unha completa parálise do aparello do poder que contrasta abruptamente coa vivacidade social e anímica do país, ata o punto de mostrar unha imaxe escindida da realidade.

Ao xeito dun lenzo surrealista do xenial Magritte, se todo goberno ou todo poder político debера ser a cabeza e o cerebro dun corpo social ben estruturado e plenamente vivo, o retrato da Galiza actual móstrase como estampa dunha figura humana na que, en lugar da cabeza, que debера ser ese poder político, aparece aboiando no éter un sombreiro bombín con este elocuente rótulo: “Para uso externo”. Aviso normalmente superfluo ou ocioso para o común dos seres humanos dotados de razón, pero surrealistamente indicativo da irremediábel imbecilidade —política, claro— dun poder descerebrado como o que vostedes encarnan.

Esa parálise política atinxe ao país en só dous eidos ou chanzos da súa realidade, afortunadamente só en dous.

Primeiro. De xeito pleno e dereito no nivel do tecido ou armazón institucional, convertido por vostedes nun auténtico labirinto kafkiano de consellerías inoperantes, Administración autonómica rigorosamente “autoanémica”, administracións paralelas parasitarias, *tinglados* partidistas *regionales y locales*, fundacións sen fundamento e fóra de calquera control democrático e presupostario dos fondos públicos que manexan tribos, clans e familias de variada xinea e dimensión.

Segundo. Esa parálise política atinxe tamén, de xeito derivado, aos eidos da realidade nos que se proxecta a sombra do poder, aos espazos e fenómenos dependentes e enfeudados coa arbitraria acción dos resortes do seu poder autocrático, antidemocrático: caciquismo, redes clientelistas, tráfico de influencias e subvencións, se é o caso, suborno, censura na información, chantaxe aos medios e profesionais da comunicación, coerción á liberdade de voto, agresión política a sectores productivos e empresariais, e así seguído.

Por certo, dende a entrada en vigor da Constitución de 1978, coido que vostede é o primeiro presidente de goberno, que eu saiba, que desoe, desaira, agrede ou falta ao respecto publicamente a institucións independentes e arbitrais creadas polo marco xurídico, constitucional e estatutario, como o Consello Económico e Social, o Consello de Contas, ou nada menos que o Valedor do Pobo. Máis grave aínda. Vostede é o primeiro presidente do Executivo que incorre a mantenta, e con reincidencia, en desacato ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, como aconteceu hai meses, e volveu acontecer días pasados, co sórdido asunto das obras do encoro do Umia.

Nestas condicións resulta un milagre que a sociedade conserve e rexenere a vitalidade e a potencia dinámica da que está a dar mostras constantes. Sempre dixen que con Galiza non puideran acabar nin os pregameos terciarios ou alpinos, que só a fixeran bascular e formaran as nosas ricaces e fermosas rías. Non ían poder vostedes agora, 60 millóns de anos despois deses cataclismos oroxénicos.

Mais no nivel institucional paréceme especialmente grave e sintomática a súa actitude a respecto deste Parlamento, e, en singular, a do señor Fraga, que ao cabo é quen crea escola, pois que o talante, o nivel e a conducta parlamentaria da dereita deste país no decenio anterior á súa chegada era outra cousa.

Aquela dereita, a dereita dos Iglesias Corral, dos Barreiro Rivas, dos Mella Villar, dos Egerique e tantos outros, que lle imprimían carácter, respectaba, coidaba e mesmo agarimaba este Parlamento como peza clave de, cando menos, as formas e procesos democráticos necesarios para a vixencia efectiva dos principios inspiradores e vitalizadores do deseño institu-

cional configurado no Estatuto de Galiza e no edificio constitucional. E ademais, aquela dereita sabía falar, e falaba. E sabía argumentar, e argumentaba. E os debates eran tal cousa, en lugar de trámites encorsetados e cronometrados como a táboa de ximnasia dos reclutas neste ex cuartel no seu día.

Aqueles eran demócratas, demócratas conservadores, claro está, pero demócratas, e non o que é vostede, señor Fraga, o que sempre foi e nunca deixou de ser no seu cerne ideolóxico e ético. Por iso non lle valían aqueles homes a vostede e decidiu vir poñer orde na dereita manu militari.

Se o xefe ou patrón non cre nos parlamentos, e aínda menos no parlamentarismo, cando esa institución cae baixo o seu control con maioría absoluta acabando boqueadas por asfixia.

Señor Fraga, vostede e o seu partido ata poñen baixo sospeita a este Parlamento no exercicio das súas potestades, funcións e mesmo obrigas políticas máis consubstanciais. Sempre estiveron vostedes á defensiva nesta Cámara, o que resulta incomprensíbel tendo como teñen —e tiñan xa— maioría absoluta nela. Nunca foron capaces de levar a iniciativa, de utilizar a súa maioría para dinamizar esta Cámara de representantes do pobo galego a prol dunha estratexia positiva de solución dos problemas prioritarios dos cidadáns e de avance ordenado no desenvolvemento social, económico e cultural de Galiza. A súas actuacións primordiais nesta Cámara foron para desvalorizala, rebaixala, desactivala ou amordazala.

No seu primeiro mandato non dubidaron vostedes en dinamitar un dos piares básicos de todo sistema de convivencia democrática nun parlamento. A saber, o de que as regras de xogo, as regras de funcionamento interno de que se dota, se teñen que elaborar e aprobar por consenso das diversas forzas políticas e grupos parlamentarios que o integran.

Elaboraron vostedes sós e impuxeron a súa maioría para aprobaren vostedes sós unha reforma da lei reguladora desta Cámara para decapitala como institución de control do Goberno e para impedirle á oposición un debate en profundidade dos proxectos lexislativos. A miña defensa deste Parlamento fronte a ese atentado custárame a expulsión e a privación dos meus dereitos como deputado durante un mes, crucial

para a consumación da súa falcatuada intencionalmente anticonstitucional.

A súa arbitrariedade foi tan evidente que o Tribunal Constitucional sentenciou ao meu favor dous anos máis tarde. Coido que debe de ser o único caso na historia do actual réxime político en que o Constitucional lle dese un pao semellante a un parlamento por agresión aos dereitos dun portavoz. Mais a vostede, señor Fraga, importoulle pouco. Vostede carece de sensibilidade democrática e o pao levouno nas costas o daquela presidente Núñez, e un par de anos máis tarde decapitouno vostede a el mesmo sen contemplacións. Ao cabo, para iso o puxera á cabeza do Parlamento.

Mais, como aínda co novo Regulamento a oposición non se deixaba domesticar, decidiron recorrer a interpretacións abusivas das normas para exercer o veto ás comparecencias —é algo que aínda colea aí, como é lóxico— e a todo un repertorio de atrancos e prácticas disuasorias á actividade da oposición, incluída a metamorfose das respectivas portavocías do Goberno e do Grupo Parlamentario do Partido Popular nun só ente hermafrodita. E, finalmente, a reconversión salvaxe da figura do seu portavoz en ventador institucional. (*Risos.*)

Mais, dun tempo acá, ese novo estilo inzou no colectivo dos conselleiros da súa Xunta. Dun tempo acá, calquera iniciativa parlamentaria de control de actuación da Xunta ou de impulso orientado á acción do Goberno en temas vitais para o noso país, suscita nos seus conselleiros a seguinte reacción perversa: no canto de daren as explicacións requiridas ou argumentaren e posicionárense razoadamente verbo das propostas da oposición para accións de goberno, érñense en fiscais acusadores contra o exercicio das funcións para as que nos elixiron os nosos votantes. Incrimínannos como causantes dos problemas ou como axitadores demagogos que inventan ou suscitan artificiosamente problemas inexistentes para traelos a debate aquí. Ou, no culmen, fannos a chantaxe de responsabilizarnos do futuro fracaso das sempre impecábeis actuacións da Xunta por traermos os problemas a debate, non na rúa, senón nada menos que no Parlamento de Galiza.

Pasou na primavera coa nosa proposta constructiva e plasmada nun documento para a negociación do Acordo pesqueiro con Marrocos. A intervención do conselleiro de Pesca foi un dos episodios máis denigrantes para un parlamento que levo presenciado na miña xa prolongada xeira como deputado, e, por riba, ao final, cando había unha transacción practicamente feita, o señor Fraga reventouna no último momento. É dicir, ¿vostede que ofrecementos fai dende aquí, chegada esta hora, este debate, de diálogo coa oposición, se reventa vostede incluso transaccións operadas en beneficio dun sector pesqueiro-industrial, fundamental neste país, que vostede nin mencionou no discurso desta mañá, naturalmente, cando está consensuado polo portavoz temático do seu grupo e polo seu grupo enteiro? ¿É a maneira na que vostede entende o diálogo?

Pois pasou tamén hai meses, e volveu pasar hai quince días, cos temas do Grupo Lácteo Galego e da dramática situación global do sector agrario e do medio rural. Pasou co *affaire* Tabacalera, pasa sistematicamente, dun tempo acá, con todo canto problema serio dos cidadáns traemos a debate a esta Cámara.

Vostede non quere que se debata. Vostede non quere que haxa absolutamente ningún consenso. Vostede non quere que haxa diálogo. É mentira cando vostede vén aquí dicir cara aos cidadáns que o poidan estar escoitando agora, e non se enteiran máis do asunto, que ofrece diálogo. Vostede non entende máis diálogo que a adhesión incondicional, e nós non estamos aquí para adhesións incondicionais á desastrosa política que vostede leva.

E, por riba, o desprezo. O desprezo máis obstensíbel por esta Cámara, e xa non digo polos que somos membros dela. Nos últimos períodos de sesións xa resulta habitual que os escanos do Goberno estean desertos durante o debate de iniciativas da oposición, ás veces absolutamente desertos, é dicir, sen tan sequera a presenza do titular da consellería responsábel do tema debatido. Ou que o conselleiro portavoz do Grupo Popular e do Goberno se poña en pé, de costas ao orador que está na tribuna, e inicie un palique de taberna, perfectamente audíbel, sen a menor consideración a quen está no uso da palabra. Ou que nestas últimas sesións —a partir deste novo período non ocorre, pero ocorría arreo nos anteriores— os escanos do Goberno

se convertan nun casino de antano con deputados do PP sentados nos asentos dos conselleiros ausentes a latricar e rexoubar cos presentes. ¡Edificante espectáculo para un *corral nublado* que diría Valle! ¿Terase visto algunha vez semellantes aberracións nalgún parlamento democrático do planeta?

¿Para que está, logo, o Parlamento? ¿Onde está o rango institucional e o papel que lle corresponden, conforme a Constitución española e o Estatuto de Galiza? ¿Para que coidan vostedes que serve un parlamento coma este? Non me contesten, que xa o sei, e vóullelo dicir. Para vostedes o Parlamento non é máis que un mecanismo de reprodución —a poder ser perdurábel— do seu poder, da súa instalación no tecido do poder. Para vostedes o Parlamento só vale para seren maioría absoluta, elixir maquinalmente Presidente da Xunta, e logo desaparecer do mapa durante catro anos, converterse en simple aparencia, en realidade virtual, ficar excluído na práctica dos procesos de decisión e acción política en relación coa sociedade e a cidadanía, para que o electorado que non os vota a vostedes se sinta frustrado, impotente e mesmo ausente do proceso político, e pense que o seu voto foi inútil. E que o electorado que si que os votou descoñeza, a poder ser, a existencia dunha oposición e dunha alternativa parlamentaria. Ou coide que non fai, ou non pode facer ren, e, daquela, volva votalos a vostedes.

Ou sexa, vostedes tentan inutilizar o Parlamento en canto cámara de representación de todos os galegos e galegas para poderen monopolizar vostedes o poder efectivamente. É a actitude máis profundamente antidemocrática que se pode adoptar dentro dun sistema democrático sen pasar ao golpe de Estado. Actitude e comportamento venenosos que constitúen, ao meu ver, o perigo máis grave de todos os que ameazan a convivencia democrática da nosa nación. Un perigo que se incrementa cada ano que vostedes continúan onde están. Eis por qué me demorei en desenvolver esta análise e facer esta denuncia aquí e agora, no marco do debate do estado da nación galega.

E debера darlles vergoña que teña que ser quen faga a defensa da institución parlamentaria, e en concreto deste Parlamento simplemente autonómico, o portavoz dunha forza política que combate democraticamente a prol de que, no futuro, a nación galega dispoña de institucións políticas propias dotadas de so-

beranía e non só de autonomía. Dunha forza política, o BNG, que vostedes teimaron en retratar perante os cidadáns galegos como inimiga da democracia, sospeitosa de convivencia coa violencia, e dinamitadora da Constitución, a pouco que vostedes, e algúns outros como vostedes, llo permitisen.

Fora Aristóteles na *Política* —se non me falla a memoria— quen establecera que a dexeneración da democracia transforma en demagogía, a da aristocracia en oligarquía e a da monarquía en tiranía. Vostede e os seus domésticos, señor Fraga, descubriron e están percorrendo un orixinalísimo atallo: o que leva da democracia á tiranía directamente.

Mais, afortunadamente para Galiza, e desgraciadamente para vostedes, a súa manipulación deturpadora deste Parlamento e das demais institucións autonómicas que vostedes controlan, nomeadamente Xunta, Administración e medios de comunicación públicos, en lugar de transmitir o andazo da parálise á cidadanía, contribúe, por antítese, a potenciar a vizosa dinámica social á que me refería hai pouco. Vostedes levan camiño de acabar coa credulidade do máis inxenuo cidadán e coa paciencia de *tododiós*. A cada paso hai novos sectores sociais e segmentos cidadáns que abandonan o abeiro do paraugas de vostedes, aínda que chova, e aventúranse na intemperie para sumárense aos que apostan por mudar a traxectoria política deste país cunha alternativa que cre na maioría de idade do pobo galego, que non precisa de ningún gran patrón, padriño, pai putativo, nin *padre padrone* capador da personalidade colectiva dos cidadáns, senón que quere protagonizar el mesmo o proceso político e democrático da súa existencia. E iso tradúcese, tamén, pese a todos os filtros interpostos, en resposta electoral, como se fixo patente nos comicios do pasado xuño.

Mais hai outro elemento polar nesta dialéctica do panorama político actual. A absoluta carencia que vostedes exhiben, como Xunta e como partido, dunha estratexia política merecente de tal nome perante os problemas máis candentes plantexados no noso país e os temas cardinais que están a debate no propio seo da cidadanía: os grandes temas que ocupan e preocupan aos cidadáns, os problemas que padecen diversos conxuntos de cidadáns. E non se trata de que vostedes teñan unha estratexia máis ou menos acertada ou de-

sacertada, e unha acción de goberno máis ou menos eficiente ou deficiente. Non, non é iso o que perciben cada vez máis os cidadáns. Trátase de que visiblemente carecen vostedes de ningunha estratexia —como non sexa que asumisen vostedes agora de vellos aquela coñecida máxima de certa extrema esquerda revolucionaria de antano, de, “canto peor, mellor”, e ben sei que non—.

Eu non vou facer agora un relatorio de temas cruciais nos que vostedes ou deron a espantada ou demostraron unha ineficiencia absoluta ou unha falta total de compromiso con este país. Asumo e subscribo absolutamente todo o que nese sentido levan xa aportado aquí, e exposto perfectamente, tanto o portavoz de Esquerda de Galicia, señor Guerreiro, como o portavoz do Grupo Socialista, señor Pérez Touriño. Mais, ao cabo, tanto desnorte, tanta incongruencia, tanto caos e tanta pusilanimidade xa escaman á xente. E escámaa, sobre todo, a impasibilidade de Manuel Fraga, entalado e hierático como un tótem de pao que nin sente nin padece a vista dos desastres que choven sobre o país como un balón de meteoritos, e da grotesca situación inoperante dos seus conselleiros, talmente como monecos dun “tablado de marionetas” valleinclanesco —tal vez “los cuernos de don Friolera” no “martes de carnaval”—.

A xente sospeita que non é só inoperancia. Se así fora, don Manuel fulminaría ao cabo ao conselleiro de turno responsábel do fiasco, *¡menudo é el!* Mais non o fai, e cando remuda ao conselleiro é para pór a outro peor e máis inútil. Daquela, a xente empeza a intuír que a explicación do que pasa é outra, e así vai abrollando a revelación da auténtica natureza do poder do complexo Fraga-PP-Xunta, que debe de ser parecido a ese que agora resulta que é un complexo medioambiental, de Sogama, en Cerceda, que os desastres non acontecen por impotencia do partido, a Xunta e o patrón, senón por complicidade. Cada vez máis xente está chegando á conclusión de que Fraga veu aquí, e está entre nós, os mortais, para iso precisamente, para desmontar as vértebras do país peza por peza; para exterminar os seus sinais de identidade material e cultural; para extirpar os sectores productivos que colisionan coa uniformización globalizadora; para cauterizar os centros de decisión empresarial autóctonos, para baleirar, ao cabo, de contido a autonomía política de Galiza e convertela no oco sombreiro

bombín de Magritte a que me refería antes, co rótulo “para uso externo”. Rótulo que, deste xeito, cobra un significado directamente comprensíbel, sen metáfora surrealista; a saber, a autonomía galega está para que a usen os poderes públicos e privados de fóra, externos ao propio país: “Para uso externo”.

E a xente non quere iso. A *gens* galega, os cidadáns galegos, non queren iso, senón todo o contrario. Votárono a vostede porque creran o que vostede lles dixera, aquilo de: Eu son “galego coma ti”. Xa o lanzou antes de vir vostede a través do seu san Juan Bautista.

E os que descubren que vostede non veu aquí para defender o patrimonio e o benestar dos galegos, senón para entregarlles aos de fóra as terras e as empresas, as vacas e os barcos, as metalurxias, estaleiros, conservas e manufacturas diversas, os montes veciñais incluso —para parques eólicos, claro— e ata mesmo os cursos dos ríos, os que descubren iso, maldino e nunca máis volverán crer nin confiar en vostede. Lémbrese, non se pode enganar a toda a xente todo o tempo, e vostede leva tempo de máis a enganar a *to-dodiós*.

Os resultados das eleccións de xuño son exemplares a este respecto. A relevancia deses resultados radica no seu valor cualitativo máis que nas súas magnitudes. Vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ... si, vostedes e o común... Vostedes fóra da aritmética xa non progresan. E vóullelo dicir, fallo dicir. (*Murmurios.*) Vostedes e o común dos comentaristas, mal chamados politólogos, están afeitos a enforcar e ler as eleccións e os seus resultados en termos simplemente aritméticos e non alxebraicos, e non digo xa en termos de xeometría analítica, que é como se poden expresar en curvas as funcións, é dicir, os discursos mentais, non lineais. E o significado de cambio cualitativo que teñen as pasadas eleccións de xuño consiste en que a cidadanía galega máis informada e libre, a da Galiza urbana, e nomeadamente a das cidades, viroulles a vostedes as costas a prol dunha forza, o BNG, que os cidadáns sabían que en ningún caso pactaría despois con vostedes para que puidesen vostedes volver ás andadas. E apostou pola capacidade de entendemento entre BNG e PSOE para demostraren que pluralismo non implica inestabilidade, e menos aínda ingobernabilidade, senón madurez política

na diversidade e vixencia efectiva do auténtico espírito constitucional.

Foi unha cidadanía farta de que as maiorías absolutas de vostedes só os beneficiasen a vostedes precisamente, e non lles valera aos cidadáns para nada bo, só para perderen liberdade e sentírense inermes baixo o seu poder. Eses cidadáns que votaron así, por esas razóns, pensan o mesmo deste Parlamento e da súa maioría absoluta nel, non o dubide, señor Fraga. Mais ¿que lle vou dicir eu? Xa o sabe vostede tamén e mesmo os máis espelidos do seu partido, e por iso a vostede lle gustaría coller polo atallo na duración desta lexislatura, antes de que o espertar cidadán se difunda e atinxa aos sectores que, como dixen ao comezo, aínda están sometidos ao andazo da parálise que proxecta a sombra do poder.

Mais non lle hai atallo que valla, porque o seu partido está en crise, e non se trata dun arreuizo epidémico, senón dun proceso máis profundo. O detonante ou factor desencadeante da movida dos últimos meses foi, por suposto, o resultado das eleccións que acabo de comentar. Mais a crise do PP en Galiza é outra cousa, móvese a outros niveis e ten outra cadencia. Por certo, entre parénteses, duns anos para acá, cada vez que vostedes gañan unhas eleccións —pois conforme á aritmética das carreiras de cabalos vostedes disque gañan, aínda que a xeometría analítica poña de manifesto unha inflexión e ata cambio de signo na pendente da curva—, digo que, cada vez que gañan vostedes unhas eleccións, se desencadean no seu PP movementos sísmicos que orixinan incendios, e ten que andar vostede de bombeiro convocando simulacros de congresos para ver de sofocalos, dentro ou fóra de calendario, con ponencias ou sen elas, pola victoria de 1997 en xuño de 1998, e polo triunfo de xuño pasado agora a semana que vén ou agora esta fin de semana. ¡Curiosa idiosincrasia a do seu partido! ¡PP (pi-pi) *is different!*

Mais, voltando á crise do seu PP —antes dixen pi-pi polo inglés—, que non comento por rexoubar, senón pola relevancia que ten para a análise da situación política deste país, esa crise desenvólvese en dous niveis: con etioloxías e causacións diferentes, aínda que interrelacionadas. Se cadra, válelle algo do que lle digo para resolver o problema do congreso na fin de semana.

Hai unha crise de fondo e unha crise na superficie. A crise de fondo véñse xestando de atrás e ten varias causas xeneratrices. Unha, radica na carencia de proxecto político propiamente dito, ou sexa, dun proxecto en positivo e de longo alcance para Galiza, que vostedes substitúen por unha proliferación da maquinaria de poder, na que cada peza funciona pola súa conta, coa lóxica do seu proveito propio e non da utilidade pública da súa función, con tal de que non o moleste a vostede. Iso xera colisións múltiples, dado que nese terreo non hai man invisíbel de Adam Smith que o remedie, xa que non rexen prezos de mercado que transformen en harmonía do conxunto o egoísmo político dos seus diversos baróns.

Outra, consiste na colisión existente entre a índole do PP e as necesidades obxectivas do país. Unha cousa tan deforme, rancia, arcaica, orgánica e autocrática como o seu partido só pode funcionar en canto *kartel* de intereses dispares, nunca como instrumento político para a vertebración e desenvolvemento progresivo da sociedade galega.

Vostedes non saben dirixir nin encarreirar politicamente as enerxías actuais nin potenciais que acubilla e xera a cidadanía galega, senón soamente comprar vontades de cidadáns ou de grupos de cidadáns a cambio de cartos procedentes de fondos públicos ou de protección a respecto de vostedes mesmos. "Ou nos votades ou non haberá pista, farol, subvención, emprego dixital, etc." Candidatos seus, como o que optaba en xuño á alcaldía compostelá dicíano descarada ou candidamente, non sei, na campaña: "Se me facedes alcalde, haberá cartos da Xunta para a cidade". Seica non sabía que en Vigo xa aprenderan o conto e que os habitantes deste país viaxan dunha vila a outra e se falan polo invento da telefonía e do *man-coutro* que disque trouxo vostede.

Aínda outra máis das causas estriba na absoluta carencia de autonomía que padece o seu Goberno autónomo a respecto do seu Goberno central, e das súas razóns de Estado, e que padece así mesmo o seu partido, disque autónomo, con Galiza, verbo do PP español.

En fin, outro factor da crise de fondo reside no caudillismo. En efecto, o PP-G axústase a un modelo caudillista, e nese tipo de modelo o concepto de cam-

bio na dirección está substituído polo de sucesión no mando, que, chegado ao caso de ter que levalo á práctica, desencadea, loxicamente, guerras de sucesión, que por algo pasaron con esa denominación á historia dos vellos réximes absolutistas, fosen monarquía, autocracia, *reich* ou teocracia. Coa particularidade agravante de que, no seu caso, se trata dun caudillismo totémico, e é ben sabido que nas culturas totémicas o tótem encarna un mito e, como tal, non admite sucesión posíbel, pois o mito é, por natureza, intemporal e o tótem, por tanto, inmortal.

Mais, na superficie, que é onde máis doadamente se percibe e se fai ostensíbel a crise do PP-G ten outra causación e outra etiología política. A crise na superficie, escenificada nos movementos sísmicos dos últimos meses, tivo como detonante o impacto do fracaso electoral de xuño, tanto nas municipais como nas europeas, e tanto o fracaso doméstico en Galiza, como, doutro xeito, o fracaso do PP español no conxunto do ámbito estatal. En Galiza primordialmente nas municipais, coa perda de seis das sete meirandes cidades. Unha xa a tiñan perdida, efectivamente, perdérona aínda máis. Outra tentaban asaltala e non avanzaron nin unha vara. Dúas víase vir que as perderían, e así foi. E outra nunca imaxinaban perdela, pois aínda conservaba as murallas romanas, e non lles valeron de nada. Só conservaron unha, e calquera día esborralláraselles baixo os pés porque, nun frenesí de pánico electoral, a furaron toda por baixo con túneles, galerías, búnkers soterrados e refuxios antiaéreos que agora utilizan para vehículos, e non contaron coas correntes de augas caldas que transitan no noso chan, e, xa verán vostedes calquera día!...

Catro magnates do PP saíron maltreitos desta campaña napoleónica de Rusia. Messer Romay afociñou na Coruña e non lle valeron *jaculatorias* en Ferrol; por riba, nas Pontes pagou cara a súa conspiración. O seu escudeiro, Sire Cufiña, foi descabalgado en Vigo e Pontevedra. Escacharrouse o condestábel Cacharro en Lugo, caeu da muralla ao ceder o perpiño por mor das hedras, silvas e codesos que inzan nese patrimonio da humanidade. E fracasoulle a batalla da capital a vostede, señor Fraga, en Compostela, pois foi vostede o auténtico derrotado aquí. Sentoulle moi mal que eu dixera este verán que vostede pasara da súa maioría natural a unha maioría rural, e saíu con aquela mendacidade de que o Bloque e Beiras

desprezabamos os labregos. Nós xa defendiamos os labregos en Castrelo de Miño cando vostede era ministro de Propaganda de Franco, ¡non me veña con leirias!

Mais tamén nas europeas: Que o Bloque obtivese escano en Europa foi un triunfo para Galiza, mais foi un fracaso para vostedes, que se pitorrearan a oito da nosa esperanza de obtelo. Os cidadáns galegos demostraron que queren e son capaces de obter representación en Europa por si sós, sen padriños de fóra nin axuda de ninguén máis, para que Galiza poida estar presente por si mesma en Bruxelas e Estrasburgo e defender alí os seus dereitos e intereses sen hipotecas, sen supeditar esa defensa a razóns de Estado que ata agora puxeron sempre a Galiza no rabo da cola, confinada entre as 20 últimas das 203 rexións da Unión Europea durante todos os seus sucesivos mandatos en Galiza.

¿Por que non fixeron vostedes lista propia como PP-G, xa que disque son autónomos para facer congresos e gobernar na Xunta? Porque é mentira que sexan autónomos como partido. É mentira que exerzan a autonomía como Goberno galego. E é mentira que queiran defender Galiza das políticas agresivas da Unión Europea. E vese nesta Cámara cada vez que xorden eses problemas e que cómpre tomar posicións parlamentarias de consenso, a poder ser unánimes, para defender todos, sexan cales sexan as cores dos lentes ideolóxicos e políticos de cadaquén, os temas vitais que están en xogo coa maneira en que funciona a incidencia da política da Unión Europea neste país.

Por iso os galegos déronlle ao BNG aínda máis votos para estar Galiza en Europa que para estarmos nos concellos. Vostedes partiron de alcuñar e difamar o Bloque como antieuropeo, como *aislacionista*, que seica queriamos construír unha muralla china de Pedrafita ao Padornelo. ¡Vaia fracaso para vostedes que, con esa propaganda estupefaciente e borrándonos do mapa informativo durante a campaña, os galegos puxesen o BNG en Bruxelas como única fórmula posíbel para que Galiza mesma estea alí!

Se nós tivesemos os seus recursos financeiros e propagandísticos para facermos campaña, ou simplemente non tivesemos que romper a pulso o cerco de mentira, insidia e deturpación que vostedes nos po-

ñen, ¿cantos deputados galegos de nación e de conciencia estarían hoxe no Parlamento Europeo para impedir que a Unión Europea botase as nosas flotas pesqueiras dos caladoiros, esganase a nosa gandería, destruíse a nosa agroindustria, afogase a nosa conserva de peixe, ameazase a expansión do noso puxante sector vitivinícola —ameaza que está aí, señor Fraga—, condenase á morte aos nosos grandes estaleiros. Por certo, Alemaña, aínda que o seu sector vitivinícola non é nada, defende a chaptalización para defender os viños do Rhin. E incluso para que eucalptizase as nosas masas forestais e devorase os nosos grupos empresariais máis vizosos. Téñolle unha relación —feita polo meu compañeiro Pepe Díaz— das empresas e grupos empresariais devorados e engulidos por capital foráneo durante os dez anos do seu Goberno, que significan unha voracidade total e absoluta e unha perda de substancia, de compango, de celme, e sobre todo de centros de decisión no sector privado da economía galega que estean no ámbito mesmo en que están politicamente os centros de decisión da autonomía galega. ¿Ou é que non ten nada que ver iso? Pois, sempre, a través de *testaferros* que pasan en procesión pola Xunta, de paso que gañan indulxencias plenarias no Xacobeo fraguano.

Os galegos que votaron o compañeiro Camilo Nogueira para Europa teñen conciencia plena disto que estou a dicir eu, e por iso emitiron un voto rotundamente político. E foron case tres veces máis que nas eleccións precedentes. Prepárese, señor Fraga. Unha sondaxe publicada hai ben poucos días revela que xa ascenden ao 30% os cidadáns que se consideran só galegos e pasan de calquera outra identificación. Pasan, para empezar, do seu contumaz españolismo, chauvinista e reaccionario, señor Fraga. Ben axiña pasarán politicamente de vostede por completo.

Mais non só eses sectores cidadáns que medran en dimensión constantemente, tamén pasa cada vez máis de vostede o PP da rúa Génova e o Goberno de Aznar, que, por certo, mantén con vostede unha relación edípica, e xa sabe cál pode ser o pronóstico neste caso. Mellor dito, queren desfacerse xa de vostede, aínda que non saben moi ben cómo.

Aínda antonte, xusto en vésperas deste debate, fíxose pública a decisión de que “nanai, nanai, nanai” de vicepresidente. Iso non ousaban facerllo a vostede

hai simplemente tres anos, e menos a antevéspera do debate do estado da Nación galega.

Nas treboadas postelectorais deste verán na superestructura do PP-E, os lóstregos que caeron por aquí, no seu noroeste, non apuntaban soamente á cabeza do señor Cuíña, senón tamén, e por primeira vez, á súa propia cabeza, señor Fraga. Nesta crise, por arriba, na superficie, estamos a ver todo un mostrario de fenómenos ben coñecidos no teatro da política actual, en versión *pepegena* e ocórrese este neoloxismo porque é sabido que ao Papageno de Mozart na *Frauta máxica* lle puxeran un cadeado na lingua para mantelo calado, e ao Pepegeno de vostede tamén.

Así estamos a presenciar operacións de limpeza étnica, purgas de indíxenas sipaios a mans do exército colonial do PP-E. Así mesmo, “loitas de clases” que dan lugar a episodios tipo “noite dos coitelos longos”, masacre dos plebeos (Roehm-Cuíña) a mans dos aristocráticos corpos de elite (Himmler-Romay). Tremores de terra na Xunta co epicentro no PP-E. Cáenselle as fichas do seu amado dominó, señor Fraga. ¿Por que? Pois porque lle sacoden a mesa, e fican as fichas boca arriba e á vista de todos.

En fin, o esperpento da renovación. Lembro aquela tremenda estampa de Castelao, do culto ao deus Moloch que engole os seus adoradores. A renovación, ao seu estrambótico estilo, consiste no sacrificio, ou sexa, na remoción dos novos a prol do vello sistema, do vello patrón, do vello da montaña. Eu sonlle sensible e comprendo o compoñente fáustico da súa impenitente paixón por perdurar. Mais na política comprendo a todos os feitos curas de humildade de cando en vez, e tanto máis canto máis poder se acada. A soberbia élle o peor inimigo do ser humano. E non esqueza que Goethe, xa de vello, salvou ao cabo o Fausto que condenara nas anteriores versións, mais salvouno despois de someter a unha dura e longa cura de humildade e de escarmento o Fausto que levava dentro el mesmo cando novo, no tempo *Sturm und Drang*.

Fronte ao penoso espectáculo da descomposición do poder que vostedes ofrecen, emerxen, en constante ascenso no seo da cidadanía, o proxecto político e a alternativa de goberno do BNG. E emerxen elevados polo pulo dunha base electoral en constante ampliación e diversificación.

Dicía eu este verán que o BNG combate por un proxecto político e non por un espacio electoral. Dicía que o BNG loita a prol dun proxecto político para a nación galega, no que a obtención e exercicio de soberanía non é máis que a condición indispensable para que Galiza exista plenamente como pobo adulto na súa propia historia, como suxeito colectivo titular dos seus propios dereitos, recoñecido e respectado como tal na súa identidade xenuína, e para podermos así defender os seus intereses e transformar en clave progresista a súa propia realidade social.

Pois ben, por paradoxal que poida semellar, o ascenso electoral do BNG débese a que a finalidade do esforzo e o traballo político do Bloque non estriba en acadar votos como sexa, senón en facer avanzar un proxecto político, ideado para Galiza dende dentro de Galiza mesma. E o noso obxectivo non consiste en saca-los votos de debaixo das pedras, senón en ofrecer un proxecto que suscite esperanza, entusiasmo e autoestima dos cidadáns que, cos seus votos, dean un mandato inequívoco para levarmos ese proxecto á práctica.

Sabemos que un proxecto político non é viábel democraticamente sen base social e espacio electoral, mais é a percepción cidadá da adecuación do noso proxecto político á súa identidade galega, aos seus dereitos nacionais e ás súas diversas necesidades sociais o que xera unha base social consciente e un electorado ilusionado. E é a conversión do proxecto en alternativa de goberno con finalidade flexíbel aos seus postulados o que induce a constante ampliación desa base e dese espacio, e non ao revés.

Vostede carece de proxecto político elaborado a partir da xenuína realidade de Galiza. Vostede só tivo un proxecto de asalto ao poder que o levou a utilizar o poder adquirido como única razón de ser e de existir, e a manipular o electorado para manterse no poder e non para gobernar o país co poder que lle deran os cidadáns. É o drama de Fraga e do PP na Galiza, que se tornou —parcialmente cando menos— traxedia e —dixen eu— peste para este país.

Vostede ten unha moi mala opinión dos galegos, pese ao que diga aquí retoricamente, os que considera incapaces de gobernárense por si mesmos, por iso está vostede contra a autodeterminación. Vostede consi-

dérase indispensable só porque a vostede lle resulta indispensable mandar, detentar o poder “mentres Deus me dea azos”, como dixo vostede aquí mesmo. Mais vostede non goberna, e dende as eleccións de 1997 ata agora o seu desgobierno chegou ao paroxismo. A Xunta anda a deriva e entre os cidadáns esténdese a evidencia de que Goberno e partido andan enleados nun sarillo de conxuras, estocadas e traizóns recíprocas nas que consomen vostedes as enerxías que terían que destinarse a defender os intereses e a endereitar o rumbo dun país que, se dependese do seu pilotaxe, tería ido xa ao garete.

Afortunadamente hai alternativas, está o BNG, está mesmo unha alternativa plural neste país e nesta Cámara. O BNG non ten cobiza de poder, senón a arela de acceder á responsabilidade de pór en marcha un programa de goberno que os cidadáns empezaron a coñecer hai dous anos, que vai difundíndose máis cada día e que o Bloque continúa a arrefecer e máis tamén a desenvolver seguindo os fíos das súas liñas vertebrais nos diversos eidos temáticos, en relación de constante diálogo e traballo participativo cos diferentes sectores económicos, sociais e cidadáns da nosa nación. Porque nós non somos autócratas coma vostede, senón que estamos nas antípodas da súa concepción autocrática —remato, señor presidente—. Nós cremos no diálogo participativo e creativo e na negociación política seria, e practicámolo a nivel cidadán e institucional, tanto no seo da cidadanía como, cando nos deixan, no recinto das institucións nas que temos presenza. E así andamos a demostralo dende xuño nos novos gobernos municipais nos que estamos dende entón, tanto se detentamos neles as alcaldías coma se non, coas soas diferencias derivadas do diferente rango de responsabilidade que nos incumbe nun e noutro caso, nun e noutro deses dous supostos.

Remato xa, señor presidente.

Nun texto clásico do pensamento filosófico referido ao papel das causas internas e externas na dinámica dos procesos sociais, púñase o exemplo da galiña choca que, coa calor do seu corpo, incubaba un ovo. Se lle puxesen debaixo un pelouro de forma ovaloidal, nunca daría nacemento a un pito. Vostede é como a galiña choca que non distingue se incubaba ovos ou pelouros, e está a incubar pelouros. Os ovos incubaos a realidade social que denominamos Galiza. O BNG sá-

beo, e por iso respecta esa realidade, non a manipula, non cae na tentación de tentar suplantala, e consagra o seu traballo político a potenciar as enerxías existentes e operantes na realidade social do país e a elaborar e ofrecerlle unha estratexia política e unha alternativa programática de goberno que lle permita afrontar lúcida e eficazmente o presente e camiñar cara ao futuro con firme apouso nos tres piares que non cansarei de propugnar: o exercicio da propia dignidade, a revitalización da práctica democrática e a conquista do benestar económico, social e cultural dos cidadáns.

Mentres...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...vostede e os seus, como na narración de (...).

Dixen.

(Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías, o viaxeiro do que falaban aquí antes, aínda que viña mediatizado, aínda que viña desinformado e intoxicado, atopou outro país e atopou outro mundo, sobre todo sen zocos e sen lama.

A que ía ser unha terra queimada, está chea de bosques, e a penumbra e a negra sombra resultaron un país cheo de luz, de alegría e de progreso. Iso nunca o van aceptar, loxicamente, os rancorosos.

Supoño que aquí, cando se fala de consenso e se fai unha crítica á actitude do grupo maioritario, que ten a maioría absoluta polo apoio do pobo galego, cando se fala do consenso, tamén será para aplicar —digo tamén— nos concellos onde o Partido Popular ten a maioría absoluta e non goberna por acordos doutros, que parece ser que para poder gobernar hai que ser minorías.

(Murmurios.)

Eu viña aquí, falar dun debate do estado da Autonomía, pero á parte das descualificacións persoais e da intromisión antidemocrática no réxime interno e no funcionamento dun partido político, pois, ó que si chego é á conclusión de que non teñen qué dicir do Goberno do Partido Popular en Galicia. Iso si, que teñen moitas ganas de botarnos fóra, iso si o sabemos. Sábeno a maioría dos galegos tamén, pero non o entenderon aínda, así que terán que esperar.

E, indiscutiblemente, cando aquí se enche a boca para falar de democracia, non cabe dúbida de que a democracia é a que vemos tódolos días que practican aqueles que perden os concellos. E temos un exemplo estes días nunha zona que era emblemática dalgún partido político, e de cómo agora actúan nesa oposición, que non entende que os cidadáns os rexeitaron e os botaron de onde gobernaban. Saben, señorías, loxicamente, que me estou referindo ó Morrazo, esa comarca na que si gobernou o Bloque Nacionalista Galego, e precisamente por iso os botaron fóra de alí, en tódolos concellos.

Pero, respostando tamén ó señor Touriño, eu, a verdade, simplemente quero dicir unha cuestión antes de entrar de verdade no debate. Xa se esquece dos que deixaron a Seguridade Social en quebra cando veu falar aquí. Por outro lado, que veñan falar do paro, nun ano excepcional de creación de emprego, os que foron os creadores da fábrica de parados máis grande de Europa, é un sarcasmo, é unha falta de respecto a esta Cámara, ó grupo maioritario, ó grupo maioritario da oposición e a todo o pobo galego. Un pouco de respecto cando se vén falar aquí.

A verdade é que cando o sentín falar pensei se se confundiría e se lle pasarían algún discurso dos grupos da oposición cando o señor Touriño formaba parte do goberno que arruinou o Estado e que nos puxo ó borde do crack económico a tódolos españois (*Risos.*) e ademais pasou o que pasou. Difícil é falsear máis os datos. Tanto se pasou o señor Touriño que a pouco máis di que hai máis mulleres paradas que tódolos parados xuntos de Galicia. Retome e revise as cifras. Vostede na súa vehemencia a pouco máis contou os de todo o Estado. Faga o favor, sexa algo demagogo, pero non manipule tanto as cifras porque, se non, aínda que nós non lle creamos, non lle vai crer absolutamente ningún.

Eu saio, loxicamente, aquí hoxe no nome do Grupo Parlamentario Popular. En primeiro lugar, para mostrarlle ó noso presidente o noso apoio incondicional, a nosa felicitación por todo o traballo feito, polo que se está facendo e por todos eses proxectos que anunciou e que practicamente ninguén rebateu, e que son espléndidos e ilusionantes.

Supoño —non sendo mal pensado, simplemente realista— que ninguén esperaría que por parte doutros grupos, que non fose o noso, habería un só recoñecemento ó traballo feito nestes anos. Sempre foi así, o ano pasado, hai dous anos, sempre o mesmo. Dende logo, o premio á orixinalidade non o van levar os grupos da oposición. Sempre foi así, e xa se sabe que hai uns que teñen o piñón fixo e que non son reciclables absolutamente para nada. O que está claro é que, por riba de todo e como sexa, nos queren botar fóra cando gañan, gobernan cando gañan, e cando perden tamén queren gobernar. Loxicamente, iso é unha democracia a un estilo determinado.

Despois do que dixo esta mañá o presidente da Xunta, practicamente o máis importante xa está dito, e a miña intervención debería ser exclusivamente para manifesta-la nosa adhesión e o noso apoio. Pero, aínda máis, a defensa en tódolos eidos, en primeiro lugar aquí no Parlamento, do programa que o Partido Popular está desenvolvendo dende principios do ano 1990: o que se fixo, o que se está facendo, e os proxectos en marcha que con tanta ilusión defende o noso presidente con tanta enerxía e intelixencia, con esa honestidade excepcional ó servizo do pobo galego. Iso é natural que amole os membros da oposición.

Señorías, teñen que perdoarme a dúbida, pero non creo, eu non creo, que os grupos da oposición non atopen en moitas das actuacións do Goberno galego, recoñecidas incluso en foros moi esixentes, como son, por exemplo, a patronal ou os sindicatos —por poñerlles un exemplo—, que non atopen absolutamente nada que lles compraza. Eu dubido, porque que se diga non, non é malo, pero dicir non a todo si o é; é moito máis que malo.

Se o que hoxe ollamos, a diferenza do que planteaba o líder do "Benege" (*Risos.*), se o que hoxe ollamos a cotío en tódalas direccións, en tódolos eidos, ó noso arredor, nos rueiros, nas vilas, na costa, no inte-

rior, se todo iso observa unha persoa que hai anos que non vén por Galicia, non cabe ningunha dúbida de que a súa sorpresa ía ser excepcional, xusto ó contrario do que se dixo aquí. En primeiro lugar, pola percepción visual, especialmente nas infraestruturas, nas estradas, nas autoestradas, nos portos, na telefonía, nas autopistas da información, nas instalacións turísticas, nas estruturas industriais e ofimáticas. Por outra banda, observaría unha Administración moderna que ten asumidas practicamente tódalas competencias que pode ter un Estado autonómico, é dicir, as que pode ter un Estado moderno e descentralizado, cuns servizos punteiros, especialmente no que son os servizos fundamentais: na sanidade, na educación, nos servizos sociais, na cultura, etc. Da evolución, da transformación destes anos, xorde unha Galicia nova, próxima no tempo pero moi distante daquela outra que tanto chorou pola traxedia do esquecemento e do abandono.

Da man firme e responsable do noso presidente, Galicia avanzou nesta década o que non se avanzara en moitos lustros. Con atrancos, indubidablemente, ¡faltaría máis!, e sempre o recoñecemos —falábase hai un pouco de verbas dalgún conselleiro—, somos realistas, pero superándoos todos, que é do que se trata. E sobre todo nun clima de solidariedade, porque o noso pensamento, que non é hipócrita, ademais de dicilo, poñémolo en práctica. E aí están as medidas do Goberno cara ó ano 2000, máis solidarias cos desfavorecidos e cos economicamente máis débiles, e que —repito— aplica o Goberno galego co apoio, lóxico, do Grupo Parlamentario Popular.

Hoxe, entre os anuncios que fixo o noso presidente, dos que loxicamente aquí non se fala —terán que explica-los señores voceiros da oposición por qué non queren falar dos proxectos e do que fixo o Goberno galego—, hai dous que son especiais, non vou dicir excepcionais, pola súa transcendencia e repercusión social. Un é ese Plano especial de desenvolvemento para o medio rural, incluído no PDG e que din que é unha utopía —ata que se faga realidade—. Nós non temos utopías, as utopías deixámolas para que as prediquen outros que viven da utopía dende hai moitos anos. (*Murmurios.*)

Por outra banda, outro gran anuncio que fixo hoxe o noso gran presidente, (*Murmurios.*) é o sistema de

xubilación para as amas de casa e outros colectivos que o poden aplicar... (*Murmurios.*) Indiscutiblemente, si, un ano elaborándoo, ten moita razón, para pasar precisamente os controis que ten que exercer un goberno responsable. Primeiro, os consellos das mutualidades que teñen que emitilo xuízo; por outra banda, o estudio que se fai dende o propio Goberno e as comisións de tódolos secretarios de tódalas consellerías; o informe da Asesoría Xurídica, para despois pasar ó Consello Consultivo. Ese é o proceso que ten que ter, si, dende que se fixo o anuncio. Pero díxose naquel momento que ó longo deste ano 1999 se poñería en marcha, e aí está, ó longo deste ano, para poñerse en marcha pasado ese Consello Consultivo.

Vostedes, non crentes, porque participaron de gobernos —especialmente algúns— nos que todo o que dixeron o incumpriron, empezando polo traballo, vostedes non poden crer en algo no que nunca foron capaces de realizar, pola súa actitude, pola súa falta de competencia e polo seu descoñecemento para poder gobernar un país.

Accións de goberno como esas que acabo de subliñar son as que fan que o Grupo do Partido Popular non só as apoiemos, senón que son as que nos enchen de orgullo de pertencer a un grupo político que tanto mira e actúa para favorecer aínda máis a quen se sentiu máis desamparado, porque é a solidariedade un dos principios básicos das nosas actuacións políticas. Porque sen quitarlle a ninguén ningún dereito, nós, aínda que non o repitamos tanto, somos progresistas no exercicio real dos nosos proxectos.

Gústenos ou non —que o falamos moitas veces— nós somos periféricos pola nosa situación xeográfica, e seguirémolo sendo. Pero xa non somos periféricos por non participar de pleno dereito en tódolos foros de decisión, nos que xa compartimos obrigas e dereitos. Hai pouco dicíase: Galicia estase abrindo ó exterior. Hoxe dicimos: Galicia xa é unha realidade cara ó exterior. E nunca mellor que neste ano 1999 para comprobalo, ano de consolidación das nosas comunicacións co resto de España e con Europa. Os atrancos físicos están vencidos. As nosas relacións cos gobernos, co de España, coa Unión Europea, cos outros gobernos autonómicos, perseguen, con carácter xeral, acada-las respostas ás complexas e crecentes implicacións entre estados e rexións, nesa globalización ac-

tual e imparabile, á que algúns —polos seus propios principios— lle pretenden pór cancelas con posturas insolidarias e illacionistas; aínda que, iso si, cando toca o reparto das axudas e dos beneficios pretenden apuntarse.

A economía española e galega medra, como saben as súas señorías, por riba da media europea. Fai que o camiño da converxencia sexa unha realidade cunha tendencia ininterrompida especialmente durante os tres últimos anos. Rompeuse o prognóstico que fixo —non excesivamente alegre— o Fondo Monetario, e que prevía para o ano 1999 un 17,7% no desemprego para a nosa comunidade. E xa prevé o 15,7%, e cunhas perspectivas mellores aínda para o ano 2000, no que as previsións eran dun desemprego do 17,1% e agora, á vista da evolución positiva, calcúlase no 14%.

É natural, señor presidente, que algúns se atopen desconcertados, pois, por unha banda, os que foron fabricantes de desemprego, incapaces de pactos cos seus propios sindicatos, e outros, que teñen propostas inviables e utópicas, non entenden as políticas económicas que nós poñemos en práctica.

Eu podería estar aquí facendo un relatorio, consellería a consellería, de todo o que fixemos, ampliando con datos o que hoxe manifestou aquí o meu presidente, presidente do grupo parlamentario e presidente do Goberno galego. Non o vou facer. Si vou dicir, señorías, que unha das grandes satisfaccións nos tempos actuais é que, respecto daqueles grandes retos que significaron o illamento da nosa comunidade, que significaban que nos sentíramos distintos ós demais, neste momento, sen perder un ápice do que é o noso, das nosas peculiaridades, do que defendemos sempre —penso que todos—, de forma distinta, pero sen perder —repite— absolutamente nada diso, conseguimos entrar de pleno dereito en tódolos foros do mundo coa cabeza ergueita, competindo con todos e convertendo a Galicia nun referente. E seguindo a pauta destes anos e deste goberno, converterase Galicia... non vou dicir, señor Guerreiro, “na mellor do mundo”, pero claro que ás veces, vendo a outros, comprenderá que nos sintamos no mellor do mundo. E xa sabe a quen me refiro, que non llo vou estar recordando permanentemente, ós de acolá, aqueles que xa nos gustaría que puideran te-los problemas que temos nós. Con

moitos deles imos ser tamén solidarios, como outros foron antes con nós. Porque —repito— se algún pobo é solidario é o pobo galego, e iso enténdoo moi ben. E entende moi ben, precisamente, ese principio de solidariedade do Goberno galego e do noso presidente, por iso apoiaremos a eses países.

Hoxe nós necesitamos aínda unha axuda importante, e non é unha utopía un plan para o 2000-2006, coa axuda que imos recibir, co noso propio esforzo, coa axuda do Estado e da Unión Europea. Pero o día de mañá, cando xa non a necesitamos, si seremos solidarios. Pero aqueles outros que foron por un camiño equivocado... Algúns foron por camiños equivocados, señor Guerreiro, recórdolle que algún vello compañeiro seu, por exemplo, aquí, nas eleccións de 1981, polo menos fixo un amago e cambiou para outro grupo máis maioritario; recórdollo perfectamente, non fai falta que eu lle diga ónde estaba vostede, lóxicamente, no ano 1981 e ónde se atopaba o seu compañeiro, o señor Touriño. Claro que, daquela, vostede era o líder e outros ían detrás.

Pero quérolle recorda-lo esforzo que fixemos, o sacrificio que fixo Galicia en responsabilidade, en traballo, buscando a eficacia, para situarnos ó nivel dos demais. Non queremos sobresaír por riba, pero si ser igual cós demais, e iso si o estamos conseguindo. Lamenta o Grupo Parlamentario Popular, que representa a maioría do pobo galego, ás veces a insolidariedade dos grupos da oposición en moitas das actuacións que terían que ter un carácter institucional para a defensa dos nosos intereses. Por exemplo, no que estamos falando agora. Fan crítica destructiva e sistemática, camiño a ningures. Pódelles dar resultado en determinado foro ou en determinado eido; dende logo, o fracaso téñeno permanentemente porque nunca ninguén na historia co negativismo conduciu a ningún pobo a ningún triunfo. Absolutamente nunca. E vostedes non van se-la excepción neste caso.

Moi pouco máis, señor presidente, pero si vou dicir neste momento que dende a maioría que representa o Partido Popular, mentres o 82% dos galegos se declaran, como fixeron recentemente, conformes coa actual organización territorial de España —e somos unha das comunidades (preguntados tamén) máis satisfeitas co Estado autonómico, a pesar de que, como tamén é normal, poida haber algún augafestas polo

medio— (*Risos.*), tamén é normal que a maioría estea satisfeita, pois sómo-la comunidade, neste momento, do artigo 151 con máis investimentos per cápita dende o ano 1985 ata este ano 1999, por diante, incluso, de Cataluña, de Valencia ou de Andalucía.

Falouse aquí antes do paro. A verdade é que se reduciu en oito anos practicamente case á metade o número de parados nesta comunidade. E veñen criticálos que multiplicaron case por tres o número de parados do conxunto do Estado e da nosa comunidade, sen darlle unha oportunidade, os que inventaron o que era o emprego basura. Nós estamos construíndo de forma racional, sensata e permanente o emprego estable. Nestes últimos anos creouse no conxunto do Estado e na nosa comunidade máis emprego estable que nos últimos vinte. Polo tanto, señores da oposición, non veñan practicamente a manipular cifras, a nega-lo que é a realidade e a tratar de poñer atrancos onde é imposible poñelos.

Por certo, nós, nalgunhas cuestións, non nos enteiramos da opinión sobre cuestións como a do paro ou como a do emprego de grupos como é neste caso o que representa a maioría da oposición nesta Cámara. Gustaríanos que deran a súa opinión sobre estas cuestións, á parte desa crítica ó réxime interno dun partido —debe ser porque pouco hai que dicir, ou porque moi de acordo deben estar, porque quen cala das accións, neste caso, do Goberno, está outorgando que o que se fai se fai correctamente—.

Indiscutiblemente, o pobo galego non está plenamente satisfeito. Non estamos nós, os primeiros, plenamente satisfeitos. Pero cómo non imos estar medianamente contentos nun país onde —e non antes e si agora— un préstamo para calquera cidadán está barato e pode acadalo, cando os nosos cidadáns, cando a xente nova, cando os que acceden a un primeiro emprego, teñen a capacidade para poder mercar un piso, para facer unha casa ou para cambia-lo automóbil. E aí está: este ano, España foi a cuarta potencia do mundo no sector do automóbil; e Galicia, coa fábrica que pasou, precisamente nese sector, de se-la última a se-la primeira. ¿Como se pode plantexar aquí un descontento xeral? ¿De que país e de que cidadáns están vostedes a falar, cando por primeira vez se baixa o prezo da electricidade, a da casa e, aínda máis, a do negocio, a do negocio pequeno, a do pequeno empresario,

o 95% do sector do traballo autónomo en Galicia, cando se paga menos de tarifa telefónica porque por fin hai competencia, baixan os impostos, cando quen ingresa menos de dous millóns ó ano non ten que facela declaración da renda e cando as pensións nunca estiveron tan estabilizadas? Supoño que non quererá ninguén que nos botemos a chorar. Iso si, aspirando a mellorar esa situación, que é o camiño polo que imos. Pero que quede claro que o pobo galego non quere viaxar a experimentos raros. O pobo galego, en primeiro lugar, sabe que temos un gran presidente, que temos un Goberno serio, un Goberno responsable e traballador.

Hai unha cuestión que nós consideramos moi importante e que eu quixera aclarar hoxe aquí, porque, como houbo unha crítica dura respecto incluso do que significa o Partido Popular como grupo neste Parlamento, e que se estivo intoxicando sistematicamente pola nosa actitude ante os grupos da oposición, e a pesar de que case todo esta escrito nos documentos que o Goberno puxo á disposición dos señores deputados e de que precisamente se dixo algo diso aquí hoxe, non é de recibo que se fale dun Goberno sistematicamente afastado do Parlamento. Quero recordar que o número de contestacións escritas deste Goberno foi aumentando en progresión xeométrica. No ano 1998 contestáronse por escrito 1.237 iniciativas. Chega con recordar que o número de contestacións foi de 149 no ano 1990, 354 en 1992, 670 no ano 1995, etc., polo cal non penso que sexa axeitado ese tipo de acusación.

Pero, abundando un pouco máis, durante o presente ano lévase camiño de bater novamente o récord de iniciativas. E da mesma maneira baterase o récord de contestacións. Como exemplo, pódese citar que en 1990 houbo 230 iniciativas da oposición. O ano pasado esta cifra multiplicárase por oito. Non esquezamos que, ademais, había naquela lexislatura máis grupos na oposición. O mesmo podemos dicir respecto de algo tan debatido como son as comparecencias en Pleno e comisións. Durante os tres últimos períodos de sesións da anterior lexislatura producíronse 97 comparecencias, das que 20 foron en Pleno. Nos tres períodos de sesións que levamos na presente lexislatura producíronse xa 223 comparecencias, das que 44 foron en Pleno, máis do dobre que en calquera outro tempo. Polo tanto, eu quero manifestar aquí, no nome

do meu grupo, que son falsas acusacións sen base e sen rigor.

Señor presidente do Goberno de Galicia, vostede fixo aquí unha oferta que o honra, de xenerosidade, de adicación, pero moi especialmente, por riba de todo, de cariño cara a Galicia, cara a nosa terra, ó noso pobo, a todos. Por iso eu quero dicirlle, no nome do Grupo Parlamentario Popular, que representamos a maioría do pobo galego: gracias, e saiba que para todos os membros do noso grupo é unha honra apoialo no desenvolvemento dun programa que, se no ano 1989 nos encheu de ilusión e feito xa un longo e fructífero camiño, agora nos empuxa a continuar a adicarnos máis, a cumprilo, como estamos facendo, e a que nos sintamos por riba de todo orgullosos de defende-lo interese de Galicia, como fai precisamente o noso presidente.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pita.

Antes da resposta do presidente da Xunta ós distintos grupos parlamentarios, e como é tradicional, procederemos a unha suspensión como mínimo de 15 minutos.

Suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás oito e doce minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión coa resposta do señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, respondendo, en primeiro lugar, ó voceiro do Grupo Mixto, que fixo evidentemente honra ó seu nome de Guerreiro. Pero, evidentemente, é un guerreiro virtual, porque todos sabémo-la importancia das forzas que comanda e a escasa posibilidade de que exista e de que se volva plantar en Galicia unha oliveira nesta

terra de carballos e de castiñeiros. E, polo tanto, imos deixa-las cousas como están.

Eu creo que os balances dun ano, principalmente, ou de dez anos —o conxunto que representan— non son optimistas nin pesimistas. É o conto do vaso medio baleiro ou medio cheo; que, por certo, recordo, nese ferrocarril que sobe hoxe o Guadarrama e que pronto pasará por un túnel —cousa que, por certo, xa está licitada— que alí está a estación máis alta de Europa, que é El Herradón-La Cañada. E alí, cando era eu estudante e viña en terceira clase a Lugo nun tren que non chegaba nunca, pois vendían leite, uns botiños de leite. E había un bromista que lle dixo ó home: *“Leche de La Cañada, la mitad es agua”*. E o home, enfadado, dixo: *“La mitad es leche”*, iso é o que digo eu ¿verdade? Pero, evidentemente, os datos son os datos, os meus están aí. Veñen de fontes oficiais, e naturalmente para discutilos fai falla ter outros máis cumpridos.

O que é evidente é que é moi fácil falar da ausencia de proxecto político. Mire, cando nós chegamos en 1989 —entonces non estabamos no poder, tivemos que derrota-lo Goberno tripartito— presentamos vinetantos libros brancos, que creo que é o único estudio serio ata o de agora, non de falar, senón de poñer cifras sobre a mesa, de facer estudos e proxectos, aínda non emulado por ninguén. E polo tanto é evidente que ese proxecto si existe, e como é natural nós ben quixeramos chegar a ese consenso que todos mencionan, desde as minorías naturalmente. Pero o que é certo é que eu non recordo unha soa vez que ninguén me propuxera unha entrevista e que non se celebrara.

En emprego teño que contarlle outro conto, que vostede coñece, seguramente, porque é da miña terra —que, por certo, nos debería aproximar moito pero non é o caso, naturalmente—. Había alí unha muller que era cartomántica e algo meiga, ou, polo menos, iso pretendía. E un cura que eu tiven e teño por santo, señor Pita Veiga, foi vela e dicirlle que estaba a facer moito mal, que enganaba os paisanos. E deixoulle dous libros. E ela dixo: *“Leve os libros, señor cura. Vostede ten os seus libros, eu teño os meus”*. Eu creo que as cifras que dei son absolutamente exactas, volvei sobre algunhas delas despois na resposta —para non repetirme— ó señor Touriño. Pero o que si lle

podo dicir é que espero que non lle pareza mal... *“E o pouco que se fixo foi polas axudas das empresas”*. Supoño que non lle parece mal iso, polo menos.

Puxo en dúbida o que eu dixen, que é certo, e hónrome en ser fillo de emigrantes. Creo que a emigración é unha das grandes páxinas da historia da nosa Galicia, pero hoxe a emigración é un feito histórico, que temos que coidar. E agora non é momento de volver sobre iso. Pero neste momento as estatísticas falan —haberá algúns que vaian a Canarias e a outros sitios—, son os datos oficiais, de que en Galicia se estableceron case 4.000 persoas máis das que emigraron. Estes son datos feitos polo Instituto Galego de Estatística no ano 1998 e que indican que o movemento migratorio dos últimos anos é totalmente negativo, e que son máis os que veñen a Galicia que os que saen dela. Estes son os feitos e non os imos discutir.

Sobre o que di do autogoberno eu pregunto: ¿que rexión ten máis transferencias? É certo (...), nós non pedimos autonomía nin autodeterminación, porque non serían boas para Galicia. Pero este Parlamento coñeceu as propostas —alguén as recordou, despois volvei sobre isto— que mantemos sobre o Senado. Creouse unha comisión e está a traballar. Non somos nós os que a torpedeamos, son determinados grupos aleanos a nós.

É certo que en canto ó Consello Económico e Social aínda non conseguimos nada, pero en canto a Europa temo que está mal informado. Pasado o 21 de setembro aprobouse en Barcelona, na reunión mantida por responsables de Asuntos Europeos das comunidades autónomas, unha posición común autonómica sobre as bases de participación de representantes das comunidades autónomas do Consello da Unión Europea, no cal —teño aquí os datos, precisamente aprobado por Cataluña, País Vasco, Andalucía, Asturias, Castilla-La Mancha, Extremadura, Castilla-León, Madrid, La Rioja e Galicia— neste momento estamos moi adiantados nese camiño.

En materia de saúde, que se están a facer avances realmente extraordinarios, que van desde o gran hospital de Santiago ós novos hospitais comarcais, (...) fálase de externalización, de privatización... Todo iso é absolutamente falso. Nunca se investiu tanto en sa-

nidade, como é natural, desde que conseguímo-la transferencia. As fundacións nada teñen que ver coa privatización, si coa forma de administración, para facela máis eficaz e máis económica. E, polo tanto, non hai ningunha externalización, salvo que, cando non chegamos cos medios públicos, usamos tamén os privados; que, por certo, é o que se fai en tódolos países do mundo.

Non lle gusta o noso estilo de goberno. Eu comprendoo, porque a vostede gustaríalle máis o seu, se fora o caso. Pero teño que dicir que en materia de medios públicos de comunicación nunca houbo tan boa administración nin tan boa orde. Pero nunca houbo tantos medios de comunicación privados. E nós poñémo-los nosos repetidores para as televisións privadas.

Falou de ameazas. Eu trouxen a liberdade de prensa a este país. Xa sei que a moitos lles parece que foi pouca, pero foi un bo comezo. Falou de ameazas, e eu pídlle que poña un exemplo; máis aínda, se o coñece debe levalo ó fiscal.

Falou de nepotismo, mesmo de simonía, que, como el sabe moi ben, é a venda de bens relixiosos contra metálico. Home, eu polo de agora non vendín ningunha confesión nin teño facultades para iso. Despois volveremos sobre o tema do Xacobeo, pero creo que habería que falar un pouco en serio.

Precisamente foi o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, o noso Goberno, na terceira lexislatura, o que converteu Galicia na primeira comunidade —durante moito tempo a única— que precisamente, para maior transparencia, para maior claridade, para que non houbera ningunha dúbida nos procesos selectivos, nas oposicións que se realizan desde a Administración galega, autonómica, e hoxe son moi poucas as comunidades que así o fan, nos tribunais se integra un representante dos sindicatos para participar como membro destes tribunais. E iso (...) penso que é un motivo de orgullo, e, desde logo, non se ven reclamacións nas nosas oposicións.

Defensa dos intereses de Galicia. Pois mire vostede, farémolo mellor ou peor, pero non faremos outra cousa. E quero facerlle observar —e volverei sobre iso— que nos gustaría estar máis no Parlamento pero é que temos que gobernar e chamar a Madrid e estar

aquí e acolá e, naturalmente, pois creo que non o estamos facendo de todo mal.

En canto ó resultado das eleccións municipais, que foi mencionado, pois eu considero que non foi tan malo. Desde logo, non o dirá polos resultados que tivo vostede. Pero teño que dicir que seguimos sendo de tal maneira maioritarios nos concellos, que conservámo-las catro deputacións, que temos máis concellos. Xa se mencionaron zonas como a do Morrazo, que probablemente non corresponde a certas interpretacións. Pero, por exemplo, ¿quen dubida de que nos últimos vinte anos o partido do señor Pujol gobernou cunha razoable maioría en Cataluña e nunca tivo o goberno de Barcelona nin de Lleida nin de Girona? Algunha vez tivo o de Tarragona. Polo tanto, creo que a algúns se lles fan os dedos (...) e están indo máis de présa na (...) do mesmo. Pero en todo caso, como houbo en tódalas intervencións —e quero dicilo dunha vez para todas, aínda que volte un pouco ó final sobre o tema— un interese extraordinario por asuntos internos do noso partido, eu supoño que iso quere dicir que teñen interese por participar nel, porque por algo é maioritario e natural da nosa Galicia. Pero en todo caso, ós que nos compadecen dígolles o que lles respostou non menos que o Señor ás mulleres de Xerusalén que choraban por el: “Chorade por vós e polos vosos fillos”, porque, como é natural, vir darnos leccións de cómo se organiza un partido despois do que pasou coas eleccións primarias do señor Borrell, da súa ben sonada, e non suficientemente comentada, dimisión, ou do congreso de Valencia... Xa non falo de partidos que non celebran congresos porque probablemente non teñen xente para celebralos. Pois é absolutamente evidente que, despois diso, falar do declive político do presidente é perfectamente posible, pero resulta que parecería que algúns teñen interese en non telo diante nas próximas eleccións.

Por certo, para citar a Nicolás Maquiavelo hai que citalo ben. El non falou do raposo e do león, falou da donicela e do león; a donicela por lista e o león para acabar cos raposos, que é o que naturalmente os leóns —mesmo os de Vilalba— sabemos facer. (*Risos e aplausos.*)

En todo caso, é interesante a idea da alternativa plural. Ninguén parece que se atreve a facelo en solitario, paréceme perfectamente natural. Do que dubido

moito é do que poidan algúns aportar a calquera alternativa plural.

Paso ó Grupo Socialista, ó seu voceiro o señor Touriño. Sobre o que se dixo, cunha certa malevolencia, desta reunión, que se fai no tempo normal, como é natural, durante moitos anos se dicía que canto antes, e este ano, agora, quere dicirse que sería mellor despois; pois ben, sempre como di a lei, que nos manda, que será a comezos do segundo período de sesións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non?, pois entón diga vostede qué é o que di. *(Risos.)*

A campaña de información que fan os medios sobre o que cren oportuno non contén ningún dato falso. Vou poñer un exemplo, que foi citado varias veces hoxe: o tema da autoestrada Santiago-Ourense. “Só 100 millóns nos presupostos do Estado para o 2000.” Para executar esta nova autoestrada, os presupostos do Estado de 1999 contemplaban 2.500 millóns de pesetas, e figuraba xa en documento contable unha partida, como retención de crédito, para o 2000, de 7.500 millóns de pesetas. Certamente no capítulo VI dos presupostos para o ano 2000 aparecen 100 millóns de pesetas, pero as retencións para exercicios futuros van incluídas no capítulo VIII baixo o epígrafe de “aportación das privatizacións”. Teño os datos a disposición do señor Touriño.

“Falta de respecto ó Parlamento”. ¿Onde está o secuestro? ¿Onde a falsificación? ¿Onde a ocultación? Os datos deunos o noso portavoz, a quen, por certo, quero dar moi especiais grazas e parabéns pola súa brillante e xenerosa intervención, que moito llo agradezo, como é natural —non estivo en contra como os demais, iso compréndese facilmente—.

Pois ben, teño que dicir que a min se me acusa de continuísmo, e de que o discurso é o mesmo. Si, soamente que cada ano hai máis feito do que dicimos que imos facer. E calquera que o negue, nega a evidencia. E eses galegos que veñen nos veráns, eses peregrinos do señor Santiago pois están realmente impresionados do que se fixo. É certo que son o decano dos políticos españois, pois morreu o meu amigo Arellza e, en fin, o señor Carrillo retirouse como tantos outros dese sector, ou foi retirado, do servizo público. Non teño nada de que avergonzarme destes co-

renta anos de servizo público, e naturalmente por iso creo que a experiencia tamén vale algo.

Galicia, señor Touriño, creceu máis ca España entre 1990 e 1998 en PIB en termos reais. O crecemento total foi de 2,3 puntos, o crecemento non agrario —que é aí onde temos certamente o problema— foi de catro puntos. *(Murmurios.)* Pero en todo caso creceu en total 2,3 puntos, que quere dicir 0,4 puntos máis có promedio da nosa nación, España.

Parece que non lle pareceu suficiente a referencia do Plan de acción no medio rural. Pois, efectivamente, todos estivemos de acordo en que pode haber un risco de demasiado desprazamento cara a zonas urbanas da costa. E teño que dicir que vai haber 250.000 millóns para agricultura, 132.000 millóns para medio ambiente; en total, 400.000 millóns. E coas novas dotacións, que aumentan en 20.000 millóns, fan un total do plan de 420.000 millóns.

Di que non falei de pensións. Ben, evidentemente, o noso criterio —e aquí foi confirmado— é que Galicia non ten ningún interese en que se rompa a caixa das pensións. Nós aprobámo-la acción decidida do Goberno, non como o Goberno socialista, que no su día reduciu as pensións en vez de aumentalas, todas xuntas, prudentemente. Non nos parece ben que ningún ameace con retirarse do pacto de Toledo. Esas son manobras electoralistas. O que si digo é que nós niso, como en todo o demais, estamos precisamente a defende-los intereses de Galicia como deben defenderse. Outra cousa sería cun sistema foral ou con algo semellante.

En canto á creación de emprego, teño que dicir con toda claridade que entre 1989 e 1999 creceu a ocupación nos sectores non primarios (...) traballadores, e baixou o paro rexistrado en 45.500, que representa o 30,6%. Desde a reforma laboral do ano 1997, a taxa de estabilidade no emprego en Galicia creceu 4 puntos, mellor que no conxunto de España, onde creceu 1,3 puntos. No momento da reforma, Galicia atopábase 2,3 puntos por debaixo do conxunto de España en taxa de estabilidade e hoxe estamos xa case medio punto por encima. Pero, en fin, xa llo recordaron.

Pero eu teño moi precisa memoria. O ano 1982, cando o Partido Socialista gañou as eleccións, dicía: “Esta é a cuestión fundamental, a prioritaria: creación

de 800.000 postos netos de traballo". ¿Que pasou? Que se crearon case 2 millóns de parados máis.

En canto ó fomento do emprego, o presuposto global destinado a políticas activas en Galicia multiplícase por dúas veces e media desde a transferencia de competencias. O conxunto de incentivos á contratación vixente en Galicia constitúe o abano, no ámbito autonómico, máis completo de España. E na actualidade concédense anualmente cerca de 15.000 axudas a empresas que contratan desempregados con dificultades de inserción laboral.

Plan de emprego xuvenil, PEX. Houbo 314.000 menores de 30 anos beneficiarios das medidas do PEX, dos cales 118.000 atoparon ou melloraron emprego. Segundo a EPA publicada, a taxa de paro xuvenil baixou ata o 33,5%; é dicir, 9 puntos por debaixo da que existía ó comezo do PEX.

Taxa de paro feminino. No conxunto de España foi crecendo nos últimos vinte anos de forma continua ata os anos 1995 e 1996, en que se situou do 30% ó 31%, baixando despois —xa baixo o Goberno popular— ata o 26%, no que se sitúa a media en 1998. En Galicia, nembargantes, a taxa de paro feminino creceu menos que a española naquel período, chegando como máximo ó 25% ou ó 26% nos peores anos, e en 1998 situouse no 23%; é dicir, tres puntos por debaixo da española. Segundo o dato máis recente da última EPA, hai 4.200 paradas menos que hai un ano.

Formación ocupacional. Pois cando cheguei ó Goberno convertín a Subdirección de Formación Profesional en dirección xeral. Algúns me dicían que non había clientela para tanto. Despois conquerímo-la formación ocupacional, e, evidentemente, os investimentos anuais, despois da transferencia de 1993, multiplicáronse por dous, de pouco máis de 4.000 millóns en 1994 a máis de 8.000 millóns en 1999. Incorporamos oito centros de formación; 6 deles en 1993, 2 máis en 1998.

¿Quen pode dicir que hai unha deterioración no ensino? Hai tres anos, de cada 100 pesetas do presuposto xeral da Xunta, destinábase á Consellería de Educación sobre 23 pesetas; no presuposto do presente ano son 33,92 pesetas, case o 34% do que temos nos nosos orzamentos. E en canto ó investimento en I+D, creouse recentemente a Secretaría Xeral e neste

momento os datos non son os que nós quixeramos pero son realmente importantes. Neste momento invéstense cerca de 800 millóns de pesetas en formación en I+D. Investimento moi forte, dos máis fortes, mesmo envexado por outras comunidades; investimento que inclúe formación básica, prioridades tecnolóxicas, sectoriais... O investimento de I+D é de máis de 7.000 millóns, importante e razoable comparado co das comunidades autónomas máis desenvolvidas. E está atopando unha boa colaboración nas empresas galegas.

"Irlanda, Bretaña...". Pois mire, nós temos postas as bases neste momento, e vostede sabe moi ben o que se ten feito en infraestruturas. Volverei sobre iso, pero, evidentemente, o que xa me fai un pouco de risa é que lle pareza mal que viaxemos. Eu viaxo constantemente porque quero estar en contacto coa xente e cos seus problemas, e naturalmente de aí se aprende o que non sempre está, como é natural, nos informes burocráticos ou nas visións máis ou menos parciais de tal ou cal medio de información.

En todo caso, respecto das autovías, eu teño un amigo que vive cerca de onde vivo eu, na rúa Ferraz —fomos veciños do pobre Tierno, que en paz descanse—, que di: "Teño unha luz que pode estar vermella ou verde cando paso ó lado de (...), e desde aí ata Baiona non teño un só semáforo máis, e chego en pouco máis de catro horas e media". Xa sei que iso se empezou antes. Pero estaban licitados os cinco tramos de Pedrafita. ¿Hai ou non hai aquí quen primeiro di, un día si e outro non, "autovía xa" e outro día "autopista non"? Ou como agora mesmo pasa en Pedrafita, onde hai quen descobre calzadas romanas —perfectamente estudadas, por suposto— ou descobre que un cambio de trazado para melloralo e para facelo de menor impacto ambiental pois pode dar lugar á paralización da obra. Pois diso que respondan outros, non nós.

Sobre os investimentos e accións para o ferrocarril, o tronco Madrid-Valladolid xa está licitado. E no tronco Valladolid-Galicia estase a realiza-lo estudio informativo. Respecto do enlace con Portugal no corredor do Atlántico, eu estiven persoalmente co señor ministro, e está integrado no proxecto prioritario europeo número 8, aprobado en Cardiff. E naturalmente estamos neste momento no estudio de viabilidade para o enlace Vigo-Porto, que ascende non a 66 millóns

senón a 166 —ese 1 escapoulle ó señor Touriño, parece ser—. Os investimentos van permiti-lo cumprimento escrupuloso dos convenios entre o ministerio e Renfe por máis de 60.000 millóns de pesetas.

Naturalmente, volveu falar das eleccións municipais. Tampouco me parece que o avance do Partido Socialista fose extraordinario. Pero recordemos que en tódalas cidades, menos na Coruña, a forza máis votada foi o noso partido. E esperamos que naturalmente —véxase o caso de Vigo— pois o día que haxa verdadeiro diálogo as situacións poidan cambiar.

Fálase de que non facemos caso dos órganos de control. Primeiro, ¿quen os creou?, ¿quen os puxo en marcha? ¿Había Consello de Contas cando chegamos? Non.

“Lei de subvencións”, pois xa se estudiará, como é natural. Nós estudiamos todo o que se nos propón.

¿Había naquel momento Valedor do pobo? Non. Estaba creado mesmo no Estatuto pero nunca se puxera en marcha. E poderíamos continuar. ¿Había entón un Consello Consultivo? Non. ¿Había entón un Consello Económico e Social? Non. Todo iso puxémolo en marcha nós. Nós queremos unha Administración seria. E, por certo, cando se fala de reforma da Administración pública, nós xa a temos feita, e, por certo, modélica. Temos firmados convenios para transferi-las nosas fórmulas de informatización, de absoluta transparencia —que calquera pode ve-lo seu expediente—.

E falando dos concellos. ¿É que nós somos responsables de cómo os atopamos, de cómo os deixaron? Pero a Lei de Administración local si está feita.

E dei resposta para tódolos problemas mencionados; para as áreas metropolitanas, para as mancomunidades, para todo o demais. E, como digo, os acordos neste momento estanse tomando por unanimidade na Fegamp, que neste momento, gracias a Deus, está integrada nun só. Quero dicir que, polo tanto, neste momento estamos preparados para (...)

“¿Escenario de futuro?” Pois eu atrévome a dicir que é razoablemente optimista. Aquí falouse de *hincar la rodilla* ante a presión dos nacionalismos. Supoño que iso se refire tamén ós pactos políticos.

Pero, en todo caso, cando se fala, por exemplo, de permanente conflictividade en educación, comezou o curso, ¿onde está a conflictividade? O outro día inauguráronse os cursos de primaria e de secundaria en Ourense. Eu creo que está todo funcionando. Algunhas obras só van con algún atraso porque houbo que facelas sen ningún financiamento, como dixeran esta mañá.

En canto ós equipamentos, non se pode falar en serio de que non melloraron en Galicia. Non se pode falar en serio.

Galicia está hoxe noutro sitio: o sistema de autovías, de autopistas, a rede interior, os teléfonos en máis de trinta mil unidades de poboación, a gasificación, todo o que se ten feito son equipamentos que antes nin se podían soñar. Falar de enerxía... ¡Pero se é un sector punteiro!

E, si señor, é verdade que nós aprobamos unha Lei de farmacia que foi obxectada polo Goberno. Pois ben, mantemos esa lei, que é unha lei verdadeiramente de centro, que é unha lei que responde á petición constante da Unión Europea e dos organismos máis competentes no noso país de reduci-lo prezo dos servizos e de reduci-los monopolios, e que é unha lei en favor da colocación de moitos farmacéuticos que non atopan traballo. O que estea en contra diso tivo ocasión de dicilo aquí, por certo. Pero, en definitiva, quero terminar agradecendo esa vontade de acordo que se ofreceu o outro día. E evidentemente o diálogo, pola nosa parte, está aberto sempre, pero que se saiba que o ofrecemos non para o final dun ciclo político. Teño que dicir que neste momento nós pensamos que non foi o tempo perdido o destes dez anos e que o ofrecemos para o futuro.

Señor presidente, paso a facer algúns comentarios á intervención do voceiro do grupo do BNG. Ó principio, con humor, desde logo declarou atoparse obnubilado. Parécemeque foi a única cousa seria que dixo. (*Risos.*) Falou despois da barafunda do Xacobeo. Que Deus nos conserve esa barafunda moitos séculos máis. E cando se fala de cousas da importancia do Xacobeo, unha das grandes realizacións en torno ás cales se formou Europa, sen a cal Galicia non sería o que é, porque Santiago é o alicerce do seu coñecemento do mundo, e cando podemos citar a cregos in-

telixentes e críticos como o padre Feixoo, que saía aquí o nome de Voltaire, verdadeiramente non me pareceu especialmente acertado. Claro é que o campión da adxectivación neste Parlamento, e penso que probablemente en calquera olimpiada, é o profesor Beiras: “Un Goberno desalmado, descerebrado, imbécil, sometido a parálise... o seu presidente esta mañá sometido a paranoia”. Hai que andar con moito coidado ó falar das enfermidades mentais, salvo que un teña experiencia delas. Pero, en definitiva, volvo dici-lo que dixen: respecto absoluto ás institucións, ó Consello Económico e Social, ó Consello de Contas, ó Valedor do Pobo, que nós puxemos a andar, e non digamos ó Tribunal Superior de Xustiza. Aí si que teño que dicir que me remito á opinión dos señores maxistrados que consideran a cooperación da Xunta de Galicia exemplar. Dixérono publicamente en varias ocasións, o cal non quere dicir que, de vez en cando, non haxa tamén discusións sobre a aplicación das sentencias ou recursos respecto delas.

Falouse do Parlamento como unha institución que antes era o paraíso terrenal, de grandes personalidades, que, por desgracia, varias delas non están entre nós; outras mellor é que non estean, porque se extinguiron, especialmente pola súa falta de seriedade, e mesmo algún estivo condenado por prevaricación.

Despois de dicir isto, o que lle pasa a este Parlamento é que segue a evolución de tódolos grandes parlamentos, e naturalmente do que se adoita chamar “a nai dos parlamentos”, *mother of parlaments*, o Parlamento británico, que se supoñerá que coñezo razoablemente ben —escribín un libro sobre el e estiven alí dous anos de embaixador—, todos van cara á organización do parlamento como un lugar no cal se reflicte, como é natural, a opinión pública e as maiorías. Pero estas maiorías non están aí para desfacerlo labor dos gobernos senón basicamente para apoialo, coas críticas que correspondan na oposición, que naturalmente ten dereito a facelas pero non a obstruír. E resulta que este Parlamento, como pasa neses parlamentos que estou mencionando, por primeira vez na súa historia ten unha maioría creada pola vontade do pobo, a pesar de que o sistema proporcional electoral non a favorece. Esa maioría impide ás minorías facer obstruccionismo ou face-lo que lles dá a gana, non lles impide, como é natural, facer amplo uso da liberdade de palabra, que nalgúns casos, coma hoxe, como

digo, superou na miña opinión os límites da cortesía parlamentaria.

Eu, modestamente, fun letrado das Cortes Españolas, fun membro do Parlamento español, na constituínte, fun ponente da Constitución, fun membro do Parlamento Europeo, son membro, e hónrome moito, do Parlamento galego, teño escrito tres libros —sobre o Parlamento inglés, sobre o Congreso dos Estados Unidos e sobre o Parlamento español—, e comprenderase que neste punto me custa traballo recibir leccións, aínda que son un home humilde.

A reforma do Regulamento foi como as que se fixeron en Inglaterra a finais do século pasado, e que son moito máis estrictas cás nosas, contra o obstruccionismo. E naturalmente, se calquera de vostedes se asoma —despois falarei un pouco do seu representante, tan louvado, no Parlamento Europeo—, pois teño que dicir que efectivamente o Parlamento Europeo e o Parlamento británico teñen regulamentos moito máis estrictos có noso. En todo caso, non cabe dúbida de que hoxe tivemos un exemplo de cortesía e moderación parlamentaria no discurso devandito e, como é natural, pois iso non favorece tampouco o interese doutros por falar.

Di que non falei de pesca. ¡Vaia se falei! Outra cousa é que algúns non escoitaran. Pero naturalmente pódolle responder que deste asunto hai que falar en serio, porque resulta que estamos falando de convenios internacionais; que cando había no mundo vinte ou trinta estados independentes non era como agora, que hai máis de cento noventa. Cando se fala de ir con contundencia a Marrrocos, ¿que se quere dicir? ¿Enviar unha flota de guerra ou negociar nas condicións que sexa posible e coas mellores condicións e coas axudas económicas do Goberno nacional e outros investimentos alí, e co correspondente da Unión Europea? Pero polo demais, con esas contundencias que algúns converten en ocupación ilegal, naturalmente, de concellos, ou en folgas xerais que facilitan as posicións de resistencia en Rabat e non as nosas, pois evidentemente estamos falando linguaxes diferentes.

En todo caso, respecto das nosas presencias aquí, as miñas son frecuentísimas, pero teño que recordar máis unha vez que o Goberno, ademais de atende-lo

Parlamento, que é unha honra para el, ten que gobernar e administrar (...) Se algún día —por desgracia para Galicia— lle toca a vostede esa responsabilidade, verá que non é cousa pequena.

En todo caso, nós non recibimos leccións dun grupo que non practica o respecto constitucional e estatutario. Agora mesmo falouse aquí de soberanía, de autodeterminación. Evidentemente, eses non son termos constitucionais nin estatutarios. Non teñen nada que ver cos pactos constitucionais. Pero se eu o digo é polo ben de Galicia, porque nun mundo no cal hai grandes unidades económicas, sociais, militares, como Estados Unidos, como China, como a India, ou, falando dos niveis europeos, como Francia, como Alemaña, os países pequenos non integrados, como está, desde sempre e pola súa vontade, Galicia, pois evidentemente teñen moitas dificultades para funcionar.

En canto á famosa referencia —a vostede gústanlle moito as citas eruditas— ó de tanto peor tanto mellor, é do seu mestre Marx. Vostede sempre se declarou practicante da doutrina marxista. E o seu admirado mestre foi quen o dixo, non nós. Nós tanto mellor (...)

En canto á afirmación de que Manuel Fraga está aquí para destruír Galicia, que foi enviado para iso como un anxo exterminador, eu penso que non se pode dicir en serio. E creo que, efectivamente, moitas máis cousas que escoitamos aquí non se poden dicir en serio. Por exemplo, entre as cousas que se mencionaron foi que se rouban os montes para poñer parques eólicos. Señoritas e señores deputados, a enerxía máis limpa e autorrexenerable é a dos parques eólicos. Nós conseguimos aproveita-lo noso vento, que non valía nada máis que para tumbar algún castiñeiro de vez en cando, para producir enerxía. E din que estamos roubando os montes, pois moi ben.

Eu quero dicir que en todo caso pode estar tranquilo, parece que lle preocupa unha rápida disolución. Sigo o criterio que segue o presidente do Goberno de España. Gústame, e así o teño demostrado, esgotar as lexislaturas. Entendo que a disolución é un privilexio —mellor dito, unha prerrogativa— do presidente para casos extraordinarios. Non haberá atallos, nós si somos xente seria.

E de novo o noso congreso. Agradezo moito os consellos para celebralo mellor. A nosa forza “rancia”, etc., pois eu teño a sensación de que está forte, e que os volverán poñer no seu sitio, como é natural, onde menos mal poidan facer a Galicia.

Viaxar, telefonar... Pois, si señor, a xente agora pódoo facer, pero a unha velocidade que antes non podía. Telefonar era un soño, ter algo máis, en cada unha das máis de trinta mil aldeas que temos, que poñer un teléfono público. Hoxe pódeno ter nas súas casas ó mesmo prezo que na Coruña ou en Santiago. ¿Gracias a quen? Non penso que fose gracias ó BNG.

Comprendo o seu desexo de que eu me vaia. Eu non son un tótem. Eu son un galego no cal se recoñecen os galegos, que saben que son coma eles, que veñen dunha casa rural, que o meu pai foi emigrante a Cuba, que alí coñeceu a miña nai, que traballou, que foi un bo alcalde da vila, que lle pedían consello ata para as vodas das fillas. E iso é o que eu creo que ven en min. E, efectivamente, contrapoñer unha maioría urbana a unha maioría rural non é certamente apreciarlos grupos rurais, supoñer que son máis ignorantes ou menos capaces, como as frases de desprezo que se usaron noutras ocasións. A min dáme noxo pensar que alguén foi capaz de proferilas sobre o voto exterior, cando respecto dos galegos que están fóra tiñamos que ter todos gran orgullo de facer todo o posible para que votasen.

Como se falou moito das eleccións, teño que dicir que, efectivamente, o señor Camilo Nogueira, antigo membro deste Parlamento, é hoxe membro do Parlamento Europeo. Está nun grupo de 16 persoas que se chaman representantes de nacións sen Estado, e da unha ou dúas conferencias de prensa cada semana aquí. Eu quero que o ano que vén, se Deus nos dá vida e saúde, nos poida dicir o voceiro do seu grupo cuántas resolucións propostas por el se aprobaron no Parlamento Europeo. E estou disposto a pagalas a bo prezo. (*Risos.*)

Despois dixeróñse cousas, mesturando unhas con outras. ¡Que dúbida cabe de que hai problemas coa cota láctea! Pero nunca se fixo tanto por aumentala como fixemos nós. O sector vitivinícola o único problema que ten é a chuvia porque, desde logo, nunca a calidade, o prestixio e o prezo dos viños foi o que é

agora. As conservas nunca estiveron tan fortes. E neste momento fornécense no océano Índico. E agora van establecer, algunhas delas, pesqueiras en Centroamérica; polo tanto, hai que escoller.

En canto á chaptalización, eu loitei contra ela, xustamente no Comité das Rexións, porque botarlle azucre ó viño, evidentemente, á parte de estropealo, pois é impedir que os nosos caldos poidan chegar a certo sitio. Eu non sei qué quixo dicir con iso. Pero eu podo dicirlle que a min me regalou unha vez un embaixador alemán unhas garrafas de viño do Rihn. Eu deixei alí e un día acordeime delas, viña un amigo e había un pouco de peixe na casa. Saqueinas e precipitara o azucre. Iso é a chaptalización. Nós non a queremos.

En fin, sobre as enquisas, cada un pode citar delas a parte que lle caía mellor. Pero que tódolos galegos, a inmensa maioría, se declaran entusiastas de ser galegos, pero ó mesmo tempo españois, europeos e partidarios das relacións específicas cos países iberoamericanos ós que tanto debemos, iso é un feito evidente. Polo tanto, non se pode falar dese xeito, tomando unha parte minoritaria dunha delas.

Pódolle dicir, señor voceiro do BNG, que en todo caso o Partido Popular é unha cousa seria, que hai que tratalo seriamente, que el fará o seu congreso e de aí sairá o que debe saír, como é natural nun congreso democrático. E precisamente por iso dará lugar alí e fóra de alí a discusións.

En todo caso, nós non fixemos ningún asalto ó poder. Gañámolo e revalidámolo democraticamente tódalas veces. E, por certo, a primeira estando no poder un goberno tripartito. Naturalmente, non é asalto ó poder. Simplemente o poder é un instrumento. Hoxe o poder está naturalmente vencellado a toda clase de limitacións, de controis, de recursos contencioso-administrativos, etc., pero sen el non se fan as pontes e, como dixo un gran romanista xermánico, o poder e o dereito son cousas tan importantes para face-lo pan como a fariña e como a auga.

Respecto desa historia, desas parábolas que lle gustan sobre os pitos e as galiñas, etc., dígolle que de pitos entendemos bastante en Vilalba. E despois de dicir isto, fago súa —pero permítame que lle diga que

iso nos afecta a todos— a idea dunha cura de humildade.

Fausto, que, efectivamente, como dixo Spengler, é o poema máis representativo da alma que chamou fáustica, referíndose ó mundo moderno, é un home que busca a felicidade. Atópase vello, pasou todo o tempo entre estudos, e quere desfrutar da vida. E véndelle a alma ó demo. E dille: O día que eu diga “agora son feliz” a miña alma é túa. Foi por alí, por alá, unhas amantes, unhas viaxes, etc. E só foi feliz cando puido amañar o saneamento dunha zona, quitarlle as humidades, facer que alí non podrecesen as patacas, etc. Cando el dixo, neste momento, a frase do pacto “*Detente momento fugaz, cuan bello eres*”, o demo foi por el. Pero como di Fausto, naturalmente o que vale, o que el deixou como bo, foi o eterno feminino que baixa do ceo (...). Iso é o que eu espero, que o eterno feminino, que para nós son tantas virxes que hai por tódalas terras de Galicia, e o señor Santiago nos van levar tamén a bo porto.

Moitas gracias.

(*Grandes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señor presidente do Goberno, eu comprendo que cando se din algunhas cousas irrefutables, vostede, con dereito e con licencia parlamentaria, prefira a descualificación a responder ás afirmacións que se fixeron. As afirmacións son afirmacións, téñanse tres detrás ou vintecinco. E, polo tanto, vostede está máis cómodo, claro está, coa descualificación e con afastala resposta e soste-los seus argumentos baseados en datos, cousa que non fixo.

Tamén é verdade que, cando sobe a esta tribuna, eu comprendo que se encontre loxicamente, co seu carácter e coa súa cultura política, moito máis cómodo coas palabras do señor Pita que falan da “adhesión incondicional ó noso gran timonel”, presidente, neste

caso. Claro, vostede tamén comprenderá, non só por ser oposición —aínda que non fose oposición e fose membro desa maioría—, que deste portavoz que lle fala non podería esperar vostede nunca esas palabras; porque eu son un home comprometido, crítico coas formacións políticas nas que militei. Non teño adhesións incondicionais a ningún gran timonel.

Pero mire, señor Fraga, sexa vostede prudente. Eu voulle dicir unha cousa: eu non sei o que eu podo aportar a unha alternativa política ó seu Goberno, non o sei, seguramente pouco; algo seguramente tamén. Pero do que pode estar vostede seguro é de que, pouco ou moito, farei todo o esforzo posible, nesta Cámara e fóra dela, con ou sen escano, para que naza, creza e se implante e triunfe esa alternativa, por interese xeral do país. E dígolle que non se confíe, señor Fraga, que non desprece a ninguén. Non está en condicións diso, porque mire, este portavoz xa contribuíu modestamente a cambia-lo réxime autoritario do que vostede formaba parte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro que é un mérito, porque vostedes estarían aínda asentados nel se fose a súa vontade; polo tanto, non desprece a ninguén.

Sobre as cifras que vostede manexou aquí... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, o cambio non se produciu por impulso do señor Fraga, ¡ata aí poderíamos chegar! Fíxense que aínda reivindicamos liberdade de prensa a súa lei de prensa, aínda a reivindica hoxe, ou as reformas do século pasado en Inglaterra, como produto de modernidade e de renovación. ¡Como estaríamos, se dependese del!

Señor Fraga, eu digo unha cifras que repito aquí que son collidas das cifras oficiais, do IGE, da Xunta de Galicia, que nos manda a señora conselleira —agora ausente—, non outras. Esas son as cifras da conselleira do ramo, non as miñas. Eu non teño outra fonte que a Xunta de Galicia e a enquisa de poboación activa. E esas cifras din literalmente, señor Fraga, que no período que vostede escolleu, entre o ano 1994 e 1999, cun crecemento de 14 puntos no PIB galego, perdemos cinco puntos e medio de emprego. Dío a señora conselleira de Familia e de Emprego, non Anxo Guerreiro. E nese mesmo período a economía española medrou un 16% do PIB —similar— pero medrou o emprego 13,5 puntos. A diferenza é cualitativa, señor Fraga. Non son cifras que

eu invente nin que saque de ningún anuario do meu partido. Sácoas das cifras do Instituto Galego de Estatística.

¿Que é evidente que perdemos peso na economía española? Claro que si. No ano 1991 tiñámo-lo 8,4% do emprego español e agora témo-lo 6,9% ¡Como pode dicir vostede que iso é unha converxencia coa media española en termos de emprego! E pasamos do 5,75% do PIB español, ó actual 5,62%. Hai un empobrecemento relativo de Galicia e perdemos peso no conxunto da economía española; cifras de dona Manuela Besteiro, non deste deputado.

Señor Fraga, sobre o autogoberno, simplemente constatee que vostede, no seu discurso, a diferenza doutras veces, esqueceuse, ó falar do autogoberno, da necesaria reforma do Senado, de dicir qué pretenden facer vostedes para impulsala. Non digo que dependa de vostedes sós, non dixen iso; pregunto qué está facendo vostede para impulsalo nesta Cámara e fóra desta Cámara, noutras instancias. ¿Que está facendo para que se cumpra a súa reivindicación, que, ademais, é unha resolución aprobada hai un ano neste Parlamento, para transforma-lo Consello Económico e Social, con peso das autonomías, para coxestionar e codecidi-la política económica do Estado español, que tanto impacta a economía galega? Iso é o que lle preguntei. ¿Por que se esqueceu diso? Vostede non adoita esquecerse das cousas, señor Fraga; simplemente, iso ten un valor político.

Pois claro, señor Fraga, que o seu estilo de goberno eu creo que rematará con vostede. É un estilo de goberno irrepitible, afortunadamente irrepitible, para os valores da democracia. Baseouse no nepotismo na última etapa, como é evidente. Pero vostede mesmo intentou legalizar non o clientelismo —que iso xa aceptan que está xeneralizado— senón o nepotismo, dicindo que os familiares, os fillos dos militantes do seu partido tiñan loxicamente maiores méritos que os demais. Iso é nepotismo puro e duro. E permítame —é unha licencia parlamentaria— que lle diga que a simonía exactamente, no diccionario, é a compravenda de valores espirituais ou materiais que teñan relación cos mesmos, claro está; pero comerciar politicamente con iso, non plantexalo como un valor colectivo, senón comerciar electoralmente con iso, convirá comigo que na licencia parlamentaria máis estricta se pode

cualificar de neosimonía. E, polo tanto, vostedes practican o nepotismo e a simonía; non faltó á verdade nin deturpo o significado destas palabras cando o planteo.

Señor Fraga, vostede nesta lexislatura leva falando do consenso, do diálogo e do consenso. Vostede é consciente de que iso é un valor político democrático, e de que a cidadanía acolle positivamente aquelas iniciativas sinceras de diálogo e de acordo político. Polo tanto, vostede repíteo aquí mecanicamente de forma retórica porque sabe que é un valor positivo e democrático e ademais ben recibido pola cidadanía, como non podería ser doutra maneira. Pero vostede negou sistematicamente —e o seu Goberno— calquera intento de diálogo serio que non sexa, efectivamente, un contrato de adhesión incondicional ó gran timonel, e negou no Parlamento calquera intento de acordo político. Non é que logo finalmente non se chegara ó acordo —que iso pode ser, e, polo tanto, mandan as maiorías—, é que se negou á posibilidade sequera de que iso se producira. Pódolle poñer algúns exemplos.

Sobre o modelo de Estado, negouse a discutilo, e intentou substituír un debate sobre propostas concretas por un debate conceptual, e vostede sabía que era imposible que chegamos a un acordo de tipo cultural ou conceptual sobre eses temas. No mes de agosto plantexouse a necesidade de discuti-lo PDR e as posibles alegacións que desde Galicia deberamos de facer a ese plan tan importante, a ese documento estratéxico para a nosa economía e para o noso futuro. Non sabemos se foi posible ou non, é que vostedes negaron esa posibilidade a esta Cámara. Non é que non se chegara a un acordo tralo diálogo, que é posible sempre en democracia, ¿por que non?, é que negaron esa posibilidade. E incluso neste momento, cando podería ser —habería que constatar se as propostas da oposición eran serias—, vostedes queren reducinos á simple contestación crítica porque nos negan a posibilidade de plantexar en tempo operativamente político as nosas propostas de goberno e o noso afán de consenso. Non é que non houbera acordo, non é que fracasara o diálogo, é que vostedes negan sistematicamente o diálogo e o consenso que proclaman aquí porque é un valor democrático e ben recibido pola cidadanía. Iso é a trampa da raposa, señor Fraga.

E quero dicirlle, xa que vostede quere sempre poñer os puntos sobre os is, nas citas, que Nicolás Maquiavelo dixo moi claro o seguinte: que un gobernante, un príncipe —que é vostede—, debe traballar coas leis e coa besta, e a besta é a raposa e é o león. Iso é o que dixo Nicolás Maquiavelo, pero iso é igual. De tódalas maneiras, a raposa está fallando, xa non enganan vostedes a ninguén, a pesar das trampas que tenden, vólvense contra vostedes e non escorren tan vostedes os lobos, e non os lobos da oposición, os lobos que están aí detrás, nese grupo parlamentario, que de todas formas é a prolongación dos xefes do partido, dese conglomerado do partido.

E voulle dicir unha cousa, señor Fraga. Non ten vostede que molestarse de que falemos aquí da crise do partido do Goberno, non para meternos nas solucións, que só a vostedes lles corresponden, senón en canto inciden na gobernabilidade e na estabilidade do país. Vostede mesmo, señor Fraga, na campaña de 1982 cansouse de dicir que a UCD xa non garantía a estabilidade política, e iso que tiña maioría. Eu dígo-lle que, de tódalas maneiras, que se acabe un ciclo político en democracia, do seu partido —como partido gobernante, non é que desapareza o Partido Popular nin é desexable— e do seu presidente, como líder político, é a normalidade democrática. Eu comprendo que o señor Fraga se resista a iso, democraticamente; pero os que propoñémo-lo cambio, ou anunciámo-lo cambio de ciclo, en todo caso estamos falando da alternancia normal despois de moitos anos de exercicio de poder. Non estamos falando de nada de extraterrestres nin de nada antidemocrático. E que o declive de liderado político do señor Fraga incide sobre a gober nación do país é evidente. Eu sígoo moi atentamente, porque é a miña obrigación, e por respecto institucional, e vexo que ultimamente fai máis declaracións para contesta-las declaracións dos membros do PP —para desmentilas, para afirmalas, para renegalas...— e perde máis tempo niso que gobernando no país.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, señor deputado.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Iso é o que lle dicimos, señor Fraga. Esta é a realidade. Sinceramente, menos mal que isto é unha sesión do debate do estado da Autonomía. Xa creceu a expectativa, polo que dicía eu á mañá. Pero se esta sesión, en

vez dunha sesión do debate do estado da Autonomía chega a se-la sesión de investidura, a expectativa no voto sería máxima, veríamos se tería esta maioría nesta Cámara, señor Fraga. (*Risos.*) Non rían, non digan aquí unha cousa e fóra outra. Seguramente isto sería outra cousa, e seguramente, se fora a sesión de investidura, o congreso do PP resultaría doutra maneira; porque habería que votar nesta Cámara a investidura do señor Fraga, que eu dubido que nesas condicións tivera maioría no conxunto da Cámara e no seu partido. Polo tanto, estime vostede que nos preocupe, pola estabilidade do país, a situación do seu liderado e a crise do partido gobernante, que non é o meu. Iso sería moito máis irrelevante. Estamos falando da crise do partido gobernante.

Remato, señor presidente, dicindo dúas cousas. Se o pasado foi negativo, o futuro que nos anuncia non este portavoz, señor presidente, senón o conselleiro de Facenda do Goberno do PP e do señor Fraga, o señor Orza, no seu Plan estratéxico galego, no PDG, dicíndonos que ó final do 2006 vai habelo 14,5% de paro en Galicia, é a renuncia a gobernar este país. É a renuncia de obxectivos políticos para converxer en termos de renda e en termos, sobre todo, de emprego. Non o digo eu, son os obxectivos que marca o seu Goberno.

E remato dicindo que a defensa dos intereses de Galicia está moi ben proclamala, señor Fraga. É raro —xa falaremos diso outro día—, é bastante estraño, que vostede non falara dos grandes éxitos nestes presupostos do Estado. É raro, pero aínda está a tempo na última intervención para dicírmo-los grandes logros nos presupostos deste ano, nos do ano pasado e nestes. E sobre todo debiera de explicarlle a esta Cámara por qué no PDR, que vostedes proclaman como un gran éxito, perdemos cerca de 800.000 millóns no período 2000-2006, segundo os criterios e técnicas consolidadas e admitidas por todo o mundo, como son as do FCI. Vostedes están privando a Galicia, con toda a boa intención que vostede di ter, de 115.000 millóns anuais de financiamento adicional para mobilizar e acabar cos estrangulamentos históricos da nosa economía e do noso país.

Polo tanto, non se estrañe vostede de que, desde a nosa extraordinaria modestia, pulemos e nos empeñemos aquí e fóra de aquí por impulsar unha alternativa

de goberno con outra política, con outro proxecto, que acabe implantando o principio da alternativa, ou da alternancia, para abordar unha nova etapa política tendo en conta os resultados deste e a crise estrutural, política, de proxecto, de partido e de liderado que amosa o Partido Popular neste momento. Esa é a nosa posición. Todo o demais son ganas de evadir, de evitar da-la cara no debate de verdade, porque é máis fácil caer baixo e falar ou despreza-lo contrario, cando non falar dunha forma realmente inaceptable neste Parlamento democrático das enfermidades mentais.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, no comezo da miña rolda de réplica, simplemente quero mencionar unha cuestión, que parece anecdótica pero que ten valor de categoría —cando as anécdotas teñen valor de categoría—. O portavoz, o voceiro do seu grupo, acusoume de demagogia, de inflar cifras, de confundirme conscientemente cando falaba, e falaba do emprego da muller en Galicia e das taxas de paro. Mire, vouno clarexar con toda nitidez. Este documento editado pola Xunta de Galicia, señor Pita, que parece vostede as veces un auténtico indocumentado, o problema é que o señor Fraga o teña nesa posición—, que ten por título “Medidas activas de emprego para as mulleres galegas”, editado pola consellería da señora Besteiro —espero que isto non lle plantexe problemas á señora Besteiro—, respecto do paro feminino en Galicia, di literalmente: “A cifra de mulleres paradas no ano 1998 era de 108.200.” Eu o dixen nesta tribuna 108.000. O documento di 108.200. “A taxa de paro da poboación feminina sitúase en 1998 nun 23,4%. É moi superior á dos homes, que se situou no 13%.” Duplícaa. Isto foi o que dixo este portavoz, e vostede transmutouno en demagogia e en acusacións de que “non saben o que din”.

Mire, señor Fraga, eu vin aquí facer un discurso coa responsabilidade de ser un portavoz dun partido

político que asumiu a responsabilidade —nas últimas eleccións municipais, no último test democrático que houbo neste país— de gobernar en 64 concellos do noso país, e que se consolidou, polo voto democrático dos cidadáns, como a segunda forza política nas eleccións locais neste país. E por iso fixen unha intervención falando dos cidadáns, dos problemas do país, desde o rigor e a seriedade, plantexando alternativas e falando realmente dos problemas dos cidadáns. E quero volver a ese ton, aclarado o anterior.

Mire, eu dicía na intervención inicial que Galicia nestes vinte anos —cómo o vou negar, señor Fraga, non o neguei, díxeno claramente porque non me doen prendas, todo o contrario—, este país, mellorou moito e de forma moi profunda, co esforzo solidario de fondos europeos, de fondos españois e galegos, en políticas educativas, sanitarias, en equipamento infraestructural... É evidente que quen tivo e ten a responsabilidade de goberna-la autonomía, nestes últimos dez anos, que é vostede, politicamente, dicía eu, se beneficiara con tódolos galegos tamén desas transformacións positivas.

Pero o problema do debate non é ese, o problema do debate —e a iso non respondeu, señor Fraga— é qué engadiu, qué valor engadido, cáles son os elementos centrais que, dende o exercicio do autogoberno, que esa é a súa función e responsabilidade, lle conferiu á autonomía de Galicia, ó benestar dos galegos.

Mire, acusábao e acúsoo de novo, con toda claridade, de que vostedes bombardearon mediaticamente este debate nos catro últimos días a través dos medios de comunicación con logros e promesas, con titulares de periódicos. Pero a realidade pura, dura e crúa dos presupostos de 1999, señor Fraga, é que resulta que, para o tren de alta velocidade —que para vostede e con toda razón debería se-la materia fundamental, unha das consecucións desta lexislatura—, dende Valladolid a Galicia, dende Galicia a Valladolid, hai exactamente presupostados 100 millóns de pesetas; unha cantidade ridícula que bota por terra todo o crédito que poidan te-los titulares e as declaracións do señor Cuña cando chega de Madrid dicindo que imos te-lo tren no ano 2006. E a realidade é que na autovía do Cantábrico, unha conexión fundamental para o noso país, os presupostos do ano 2000, que acaban de

entrar no Parlamento, conteñen unha dotación de cero pesetas. E o fundamental é dicir que en obras de saneamento hidráulico, que estaban comprometidas no ano 1997 por valor de 35.000 millóns de pesetas, a penas se executou nada, e nos presupostos deste ano figuran 913 millóns de pesetas.

Señor Fraga, vostede non ten elementos para poder contestar a que os presupostos que acaba de face-lo Goberno de Madrid o Goberno do señor Aznar, son os presupostos peores da década dos noventa, que supoñen un descenso do 40% en recursos fundamentais para Galicia respecto do presuposto de 1995 e un 7% de caída respecto dos últimos do ano 1999. Vostede non pode face-lo debate neses termos. No nivel de crecemento di: “Non, señor Touriño; creceu, e creceu de forma importante no último ciclo”. A verdade é que Galicia creceu practicamente na media do Estado, un ano arriba, un ano abaixo, un punto arriba, un punto abaixo. Pero entre 1990 e 1998 —están aí os datos— practicamente mantemos un nivel de crecemento na mesma tónica. Se ese nivel de crecemento o mantiveramos máis alá, na próxima década, é cando ocorrería iso que eu lle estou dicindo —que as súas propostas políticas son incapaces de afrontar, de romper e de superar—, que tardaremos corenta ou cincuenta anos en achegarnos á renda media española. Ese é realmente o problema co que nos atopamos.

Eu dicíalle na intervención que vostede empezou no ano 1990 e remata agora o seu período —estamos, no debate, á altura de oito ou nove anos despois, practicamente xa é unha década— cunha destrución importante de postos de traballo, 111.000. É certo, están aí os datos: subindo o paro e baixando a actividade, e cunha situación en Galicia claramente de declive demográfico e de desequilibrio territorial cada vez máis acentuado. Eses son os problemas dos que hai que falar nesta tribuna e ós que hai que dar resposta, e vostede elúdeos, non é capaz, porque non ten alternativa e non ten capacidade para afrontalos. Dicíalle que un de cada tres mozos non atopan traballo. E se un fai unha conta ben sinxela, se en Galicia había 60.000 mulleres paradas cando vostede ten a responsabilidade de goberno, no seu inicio, e agora hai 108.000, efectivamente, tantas como mulleres e homes viven nunha cidade como Ourense, que ten 112.000 habitantes, iso quere dicir que cada ano de goberno vostede botaron fóra do mercado de traballo, levaron ó pa-

ro, 5.000 mulleres deste país. E eses son os temas dos que hai que falar cando un fai as contas en termos medios.

Mire, señor Fraga, preocúpame de forma extraordinaria, e non tiven tempo na intervención anterior, a lesividade, a negatividade das políticas que dende España se están desenvolvendo en relación cos intereses de Galicia e co benestar xeral dos galegos. Hai que falar das privatizacións, hai que falar da política fiscal, hai que falar do financiamento da Autonomía. Unha política fiscal, señor Fraga, que para os pensionistas, os 650.000 pensionistas que viven neste país, para os 125.000 funcionarios e os 450.000 asalariados, que son todas xentes que viven, moran e traballan neste país, ou que viven da súa pensión, a política fiscal consiste en desmonta-lo único imposto progresivo, o imposto progresivo máis importante, que é o IRPF. Subir e iguala-la desgravación das rendas do capital, igualándoas nun 20%, e subi-lo que é a presión fiscal sobre o gasto, sobre os impostos indirectos, é un elemento de regresividade social que prexudica a maioría dos cidadáns galegos. Emprenderon vostedes unha política de privatizacións que non está significando mellora dos servizos ós usuarios nin melloras tarifarias, nin na telefonía nin na electricidade nin no gas. Realmente emprenderon vostedes unha política de privatizacións que en Galicia quere dicir finalmente desfeita na localización da actividade productiva e perda de postos de traballo, como é no caso de Tabacalera; quere dicir situar nunha circunstancia que realmente non ten saída, coa privatización de Ence, a defensa do medio ambiente e a defensa e o futuro dunha ría como a de Pontevedra; ou quere dicir, se se chega a privatizar Autopistas do Atlántico, e sei que vostede, presidente, coñece perfectamente ese tema, plantexará serios problemas, porque, se se privatiza Autopistas do Atlántico e se permite esa privatización sen impoñerlle antes, en todo caso, condicións concretas, non haberá forma de baixa-las peaxes na área urbana da Coruña, nin no Morrazo nin na relación entre Vigo e Pontevedra. O esforzo de xeracións de galegos por sacar adiante unha empresa que estaba quebrada, como é Autopistas do Atlántico, finalmente o imos tirar pola borda se realmente segue esa posición de pasividade e silencio diante dunha política de privatizacións indiscriminada e xeneralizada.

E qué dicir do financiamento autonómico. Non ten ningún sentido plantexar en termos de comparación consigo mesmo o financiamento autonómico dicindo que Galicia ganou 10.000 millóns respecto do que ganaría de proseguir-lo sistema anterior. Tódalas reformas que se fixeron no financiamento autonómico plantexaron máis recursos e, polo tanto, sempre as comunidades saíron beneficiadas. Esa non é a clave do tema. A clave do tema do financiamento autonómico é, primeiro, que estamos diante dun sistema que hoxe en día non defende ninguén, salvo o propio Partido Popular. Pujol, o seu máximo avalista, quen impulsou esa reforma no pacto de goberno co Partido Popular no Estado, é hoxe o máis feroz crítico e quen a pon en cuestión precisamente. É algo totalmente sen apoio e sen viabilidade política.

O sistema de financiamento autonómico é un sistema que se perverteu, porque ó cae-la recadación do IRPF, que era o pivote central da reforma, resulta que houbo que modificalo de maneira inmediata e facer compensacións extrapresupostarias —54.000 millóns de pesetas para Cataluña para compensala da caída dos ingresos derivados do financiamento autonómico—.

A comparación, señor Orza, señor Fraga, hai que facela en termos relativos, e unha vez máis non foi Galicia a que saíu beneficiada do sistema de financiamento. Hoxe é necesaria a revisión do sistema, e temos que falar para revisar ese sistema de financiamento autonómico; e señor Fraga, estamos en condicións de falar.

Vou rematando, señor presidente.

Políticas lesivas pola caída do investimento público dende España, políticas lesivas polas privatizacións, políticas lesivas pola crise do sistema de financiamento autonómico, que é, en definitiva, un dos elementos fundamentais do futuro do noso país.

E hai que falar de alternativas. E eu quero falar de alternativas, e remato dicíndolle que nós estamos dispostos —porque cremos que o diálogo é necesario— a dialogar co Goberno maioritario, coa opción maioritaria de Galicia. Claro que é necesario o diálogo, pero ten que facerse posible o diálogo. E para iso, vostede, señor Fraga, sabe perfectamente que debера cambiar e que ten que cambiar boa parte das formas de facer po-

lítica do Partido Popular. E por iso eu lle falaba dunha lei de subvencións transparente, dunha reforma da Administración pública, de poñer cunto final ó clientelismo, a esa forma de facer política, sen a cal é moi difícil que poidamos realmente establece-lo máis mínimo consenso e o máis mínimo diálogo, que é necesario e é imprescindible para sacar este país adiante. E é necesario de verdade apostar pola reforma educativa, pola extensión do I+D, pola potenciación, en definitiva, dos actores sociais e actores económicos que hai neste país.

Eu sigo pensando, señor Fraga, que vostede tivo o depósito de confianza máis grande que nunca tivo un gobernante en Galicia, maioría absoluta dende o ano 1990, que vostede tivo recursos como nunca tivo ningún, e que vostede leva dez anos, demasiado tempo, que malgastou. En Galicia perdemos tempo, perdemos oportunidades e perdemos recursos na dirección correcta. Creo que é necesario ese cambio, que ese cambio se pode producir cambiando de rumbo, cambiando de norte.

E aí está o traballo e o esforzo do Partido Socialista por ser capaz de nuclear, de liderar, ese cambio necesario para o benestar de Galicia e para o benestar dos galegos.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos nos escanos do G.P. dos Socialistas de Galicia.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Touriño.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Volvo estar obnubilado, señor Fraga, visualmente. E dende logo, despois das súas dúas intervencións, a desta mañá e a de hai un pouco, sería para estar obnubilado non só visualmente senón intelectualmente, se un non mantivese un pouco a referencia do que debe ser un debate de política xeral. Porque mesmamente eu fixen hoxe unha intervención política, porque tiña entendido que se trataba dun debate político, dun de-

bate de política xeral e, polo tanto, para tentar contribuír a que houbo un debate político. O que non houbo foi discurso do presidente neste debate, e por iso non puiden nin facer mención a el. E o que non houbo tampouco foi unha rendición de contas dunha actividade política dun poder executivo, e tampouco puiden facer mención a ela. Eu, cando preparo estes debates —que os tomo en serio, evidentemente—, sempre deixo aberto ata última hora o trazado final da miña primeira intervención, a expensas do que vostede diga. Poucas veces o que vostede di aquí —nos últimos anos sobre todo— pois ten a relevancia de debate político suficiente como para que eu recolla e retome e faga unha especie de comentario ou de réplica. Pero é que hoxe, en absoluto. A intervención de vostede de hoxe parecía o relatorio do inventario dunha mercería —e agora vai dicir que tamén desprezo os merceiros, e as miñas tías e a miña avoa tiñan unha mercería, e non vai pensar que desprezo as miñas tías—. *Tres botones, cuatro hilos de color azul, cuatro encarnados*, e non sei qué máis. Ou sexa, que o resto que queda case parezca un saldo de liquidación, despois de levar tres meses para traspasar o local.

A min daríame vergonza ser un presidente da Xunta que fixese un debate ou unha intervención como a de vostede esta mañá. Daríame vergonza. Eu pensei, cando saíu o seu portavoz —a intervención do seu portavoz, por chamala dalgunha maneira—, pois que era algo así como a clase práctica para corroborar o que eu dixera antes, na teórica, porque corroborou absolutamente todo, coa súa actitude, co seu talento, coa súa linguaxe, coas cousas que seica dixo. Pero non, o grave é que a súa intervención, na súa réplica, señor Fraga, corrobora —dende logo, moito mellor feita, por suposto, faltaba máis— as miñas aseveracións, incluso a respecto do seu talento.

Agora resulta que Voltaire aínda está no *Índice*, estaría no *Índice* se dependese de vostede. Vir aquí mencionar a Voltaire facer unha referencia a Voltaire e como mentar (...). Está no *Índice*, claro, seica está no *Índice*, ¿verdade? E polo que vostede dixo aquí, estaba claro que se traducía en dicir que a min me censuraría nesta Cámara por excederme no que dixer, por excederme na linguaxe, por excederme nas críticas ou no que sexa se vostede fose presidente desta Cámara. Afortunadamente non é o presidente, é o señor García Leira, que resulta que é bastante máis tole-

rante ca vostede ou ten máis sentido do que é un Parlamento. Vostede censuraríame. Vostede chegou a dicir que falar aquí da soberanía é faltar ó respecto institucional. ¿Quéreme explicar isto? Claro, nas Cortes franquistas, das que vostede presumiu de formar parte no seu día, non era respecto institucional falar diso, ou falar de calquera cousa que non fose *la adhesión incondicional al Duce*. Daquela non se chamaba *Duce*, o Caudillo; *Duce* era en Italia pero moito antes. É o que fan os seus, polo menos o portavoz, que ademais reiterou. Eu falei de adhesións incondicionais, de que vostede non quere saber nada de diálogo, só de adhesións incondicionais. A palabra adhesión menciónaa referíndose a vostede con reverencia incluída —se cadra facendo así, ao musulmán— o seu portavoz; que xa se virou de costas porque ten moitas cousas importantes das que falar aí, cousa que eu non fixen en toda a duración deste debate aínda que escoitase auténticas atrocidades dende o meu punto de vista, aínda non o fixen ata o de agora. Máximo respecto, e máxima delicadeza cando vostede se conmove, porque xa llo dixen: eu son unha persoa moi sensible, e teño un respecto absoluto á persoa, a quen sexa, na súa condición humana. Curiosamente, a referencia que eu fixen —logo, antes de rematar, se cadra volvo mencionalo doutro xeito— case ao remate do meu discurso foi que “a pura humildade”, dixen, “cómprenos a todos”.

E cando falei do compoñente fáustico da súa personalidade, eu coído que case, case o fixen con tenrura. Non o entendeu. Foi con tenrura, porque é entendedor. É unha constante do ser humano. E o que está claro é que un *gilipollas* calquera non ten ningún compoñente fáustico na súa personalidade, ¿non o entende? É imposible, claro.

“Falar de soberanía é faltar ó respecto institucional”, ¡manda truco! Aquí hai que falar en serio. E ¿quen fala en serio? Manuel Fraga Iribarne. Os demais nunca falamos en serio. De acordos pesqueiros hai que falar en serio, o Bloque non fala en serio de acordos pesqueiros, o Bloque nunca falou en serio de acordos pesqueiros, só para armala. Eu non sei se hai denosiñas por aí, detrás de vostedes.

O único estudio serio, ¡manda truco!, o único estudio que existe foi o dos non sei cuántos volumes do libro branco para as eleccións de 1989 que fixo o

Partido Popular. E claro, era tan serio que logo non o puido aplicar. Pasou dez anos sen aplicar absolutamente nada do que alí puña.

¿Vostede fixo algunha vez a proba de ler o programa do Partido Galeguista de 1931? Non de 1936 para as eleccións do Frente Popular, nas que se conseguiu polo Partido Galeguista que se vehiculizase dunha vez a tramitación final do plebiscito do Estatuto. ¿Leuno algunha vez? Pois hai cantidade de cousas, varias cousas alí, que están aínda plenamente vixentes e que brillan pola súa máis absoluta ausencia nos “x” volumes eses do seu Partido Popular. E das cousas que escribiu Bóveda —e que lle custaron a vida, por certo— vostedes pasaron por riba delas cincuenta anos despois nesta Cámara, cando nós fixemos propostas que estaban literalmente inspiradas nos diagnósticos e nas propostas institucionais de Alexandre Bóveda para unha facenda pública neste país e para un banco público neste país. Orza, si señor, si que o sabe, que coa boca pequena viña dicir que iso estaba moi ben pensado pero non se daban as circunstancias para que se aprobase.

Falar en serio só fala vostede. ¿Que pensa vostede? ¿Non é iso soberbia, señor Fraga? ¿Non é iso soberbia? Contumaz.

Di vostede que viaxa constantemente para contrastar o que din os informes burocráticos. Isto ten gracia. Recórdame unha anécdota que se contaba cando vostede era ministro de Información, daquel viaxante de comercio que viaxaba, lía os periódicos, vía que a realidade non correspondía co que dicían os periódicos e foi visítalo a vostede —é inventada, claro—. E a resposta de vostede foi dicirlle: “*Menos viajar y más leer los periódicos*”. Alégrome de que vostede non se aplique a si mesmo esa máxima na actualidade, a respecto do labor da Xunta. Pero non viaxe moi acompañado, a ser posible sen comitiva oficial, sen demasiada escolta e máis dentro do país; non para inaugurar peuloriños. E non tanto fóra, porque fóra non goberna vostede. O problema é que cando Margaret Thatcher se entrevistaba en Bruxelas con quen fose, ou na Arxentina co presidente da República, co presidente do goberno que corresponda en calquera país, era Margaret Thacher, que era *la premier* do Goberno británico. E vostede é presidente da Xunta de Galicia, moi honroso se se fai ben, se se fai

lealmente, se se fai cun proxecto político absolutamente positivo para un país coma este. Pero nada máis, nin sequera é vostede agora embaixador en Londres, aínda non o botaron outra vez os do Opus Dei co asunto Matesa para que tivese que ir fóra.

Os asuntos internos do seu partido aos que eu me referín son bastante pouco internos. Primeiro, os seus propios colegas e compañeiros encárganse sistematicamente de airealos por todas partes. E se o señor Arenas está dicindo: “Diso da vicepresidencia nada”, o que comentei antes, será un asunto interno; pero entón ¿por que ao señor Arenas non lle di vostede que eses son asuntos internos e que non se falan para o público, e menos para deixalo a vostede en evidencia dous días antes deste debate? ¿Por que non lle fai esa recomendación vostede ao señor Arenas, en vez de facerme a min, de que non fale do PP porque son asuntos internos? Eu dixen que non o facía para rexoubar, fágoo porque son consciente... Non pensen, nós non somos soberbios. A forza política hexemónica electoralmente e institucionalmente en Galiza hoxe é o PPG, son vostedes. Teñen maioría neste Parlamento, maioría do conxunto dos concellos do país, nas catro deputacións, etc., por suposto. Paréceme que entón, un debate político sobre o estado da Nación galega neste momento, dada a situación pola que atravesamos ou parece que atravesamos o Partido Popular “G” —e non “gagá”, “G” só, e non o repito— pois ten relevancia política, ¿verdade? ¿Ou é que a vostede lle preocupa o que pasa e que se atope vostede nunha situación na que neste debate, no discurso desta mañá, non puido vostede abordar determinados temas que habitualmente abordaba porque non se sente seguro de que, se os aborda, apareza publicamente un desmentido desde Madrid, e que o poñan en evidencia como hai dous días. ¿Non será algo diso? Pois mire se é importante.

Vou ir rematando, señor presidente. Teña un pouquiño, se fai o favor, de flexibilidade, dado que me axusteí ata o de agora ao tempo estrictamente.

Mire, no PDG e no PDR incumpriron vostedes incluso as promesas do señor Orza e do señor Pita formuladas no Parlamento. O señor Orza en setembro de 1998 dixo que se debatería o PDG nos primeiros meses deste ano. O señor Pita dixo en agosto deste ano que se debatería na primeira quincena de setembro.

Non solicitaron comparecer, *motu proprio*, rexeitaron peticións de comparecencia, e nin sequera repiten agora o que fixeran, por exemplo, nos anos 1992 e 1993 co anterior PDR. E menten. *Cinco días*, do 27 de setembro de 1999, onte: “Fomento invertirá 2,3 billones en siete años en la red AVE, de 1.700 quilómetros”. Mapa: de Valladolid para o noroeste, nada de nada. Outra do mesmo día, a prensa di: “La Xunta prevé que Galicia tenga tren de alta velocidad en el 2006”.

A min faime moita gracia, porque sempre cando no PNV Arzallus di unha cousa e o lehendakari di outra xa din que é un fiasco. Aquí vostedes andan así e seica non pasa nada.

Houbo dúas frases de desprezo miñas para os labregos. ¡Xa está ben! Porque este que lle fala, cando tiña vintetantos anos, encerrouse durante tres anos e medio nos edificios públicos da Administración central en Madrid, pasando tres anos e medio para intentar atopar os datos estatísticos que permisen facer unha diagnose do agro galego daquela, que non existía aquí e que andaba con rolos de máquina de calcular desas de meu pai, do almacén, mecánica, metidos nunha bolsa, para andalos procesando por alí. E de aí saíu o primeiro libro sobre o problema da Galiza rural con series históricas e estatísticas —por certo, moito mellor as anteriores á Guerra Civil, ata a República, que as posteriores— que se chamaba *El problema del salario en la Galicia rural*. ¡Non me fale vostede dos labregos! E non lle vou repetir o que facía vostede naquela época.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Só unha cousa, que tamén é soberbia. Fala do grupo parlamentario no que está o señor Nogueira. E ¿onde están os seus en Europa? ¿Que fai ese grupo? ¿Que voz teñen eses seus deputados no Grupo Popular Europeo cando se tratan problemas de Galicia? Non me diga o que van facer no futuro. Está á vista o que fixeron durante esta pasada lexislatura e cáles foron as decisións da Unión Europea.

“Veremos dentro dun ano cántas resolucións e propostas do señor Nogueira se aproban no Parlamento Europeo.” Se é como este, serán moi poucas ou ningunha, evidentemente. E iso significaría que o BNG

tampouco está neste Parlamento ou que vostedes funcionan como funcionan; e o Parlamento Europeo xa veremos cómo. Pero pódolle dicir que nos próximos días, sobre o 10, 11 e 12 de outubro, unha delegación galega do sector pesqueiro, de armadores, mariñeiros, etc., convidada polo BNG, vai estar en Bruxelas a manter contactos coa Dirección Xeral de Pesca, coa Comisión, etc., polo asunto do banco canario sahariano, un contacto directo que vai propiciar o BNG cun só deputado e que nunca fixo a Xunta. É unha das cousas que nos dicían clamorosamente os armadores dos diversos portos galegos cando falabamos con eles esta primavera, que nunca dispuxeran da acción vehicular da Xunta nin do PP para ir plantexar os seus problemas directamente, porque tiñan que ir pola súa conta. Remato

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, moitas grazas pola súa flexibilidade. Remato só volendo dicirlle que a cura de humildade nos cómpre a todos. O que pasa é que eu, son moi orgulloso, moi orgulloso, ¡pero moi orgulloso!, podo dicirllo catro veces, non o nego nin o rebaixo, son moi orgulloso. Pero non son soberbio. E levo tantos anos a facer esa cura de humildade que sigo na oposición á miña idade, ¡fíxese! (*Risos.*) Non se rían, ¿ou é que pensan vostedes que, desde o ano 1963 ata hoxe, non tiveron ocasións de face-la miña carreira no poder xa no réxime anterior, ou no 1977, na transición? O que pasa é que ata agora nunca quixen vende-la miña alma, e non ao demo, que non creo nel, senón vende-la miña alma a mercenarios do poder fáctico e da política, que son os máis perigosos. E vostede sábeo moi ben, pero é asunto seu se a vende ou non. O balance non llo vou facer eu, estao a facer vostede polas noites, todas as noites, seguro, na súa soidade do poder.

Máis nada, moitas grazas.

(*Aplausos nos escanos so G.P. so Bloque Nacionalista Galego.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Pita Varela, polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, fundamentalmente, loxicamente, como dende o grupo maioritario da oposición non se fixo unha intervención política relacionada co debate que estamos a falar neste momento, senón que unha vez máis, con esa fixación obsesiva cara ó noso presidente de descualificacións e, loxicamente, dentro do talante democrático que exerce o señor Beiras con carácter continuo, porque unha vez máis —e van infinitas— abandona o hemicycle cando non lle interesa escoita-lo que din os demais (*Protestas.*), porque soamente se escoita a el mesmo, esa é unha das claves do talante democrático do señor Beiras e do grupo que representa neste momento. Repito que ese é o talante democrático.

(*Protestas.*) (*Un señor deputado: Hai que chamarlle a atención.*)

O señor PRESIDENTE: Eu creo que non, igual que dixeron outras cousas outros señores, de se estaba dando a volta de costas e tal, e ninguén lle dixo nada, pois aquí pasa o mesmo.

O señor PITA VARELA: Aquí soamente poden face-la crítica os grupos da oposición, e especialmente o BNG. Iso é o que poden facer vostedes.

O señor PRESIDENTE: Vaia ó tema.

O señor PITA VARELA: Pero dáse a circunstancia de que iso o poden facer tamén entre vostedes. Dende logo, dende o grupo maioritario non lle facemos caso a ese talante que demostran sistemática e regularmente. Esa é a súa democracia, a súa, exclusivamente a súa, a de vostedes.

O señor PRESIDENTE: Vaia ó tema, señor Pita.

O señor PITA VARELA: E inclusive a de vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dá aparencia do que non é, que é o que se fai permanentemente, a hipocrisía política que exercen sistematicamente, ese é o exercicio sistemático da hipocrisía.

Vou falar fundamentalmente, presidente, da intervención de quen si fixo afirmacións respecto da política do Partido Popular, que é o Grupo Socialista. Puxo en dúbida o que eu dixen respecto das cifras que el manexou, e precisamente co mesmo libro que el utilizou. Vostede colle, na páxina 44, e fala de

108.000 mulleres paradas. Vostede non mirou a data, porque iso é de primeiros do ano 1998 (*Risos.*) ¡Claro! Pero a evolución aquí está no mesmo libro: a finais de 1998 había na nosa comunidade 68.940 homes parados e 87.602 mulleres, total 156.541. Por certo, neste momento está rebaixada esa cifra a 122.000 en total.

Pero, en fin, ese é o dato que vostede manexou, e o meu o que estaba manexando. Pero a min non me pode facer esa acusación, porque está faltando unha vez máis á verdade. (*Murmurios.*)

Por outra banda, que aquí vostede, ademais vostede, que aínda que é voceiro do Grupo Socialista tivo responsabilidades nas tarefas de gobernar neste país, veña falar do tren de alta velocidade, cando foi o seu partido e o seu goberno os que cuestionaron a alta velocidade non só para Galicia senón para todo o norte de España... Porque xa non quixeron nin entrar a facelo estudio, porque dixeron que a variante do Guadarrama era inviable para o futuro do ferrocarril e consecuentemente para a alta velocidade; polo tanto, excluíron do Plan director de infraestruturas o tren de alta velocidade para Galicia. Pero, ademais, señor Touriño, con esa memoria tan fraca que ten vostede —e especialmente o conxunto do seu grupo—, do ano 1980 ó ano 1991 vostede aprobaron un plan de duplicación de vía e electrificación. Vostedes comprometéronse a facelo en Galicia, e vostedes dentro dese adicáronlle 0 pesetas, pero é que vostedes, como ben sabe —seguramente que os seus compañeiros non o saben, porque nunca se preocuparon, coitados e calados, agochados, termaron de todo o que vostedes nos botaron enriba—, quérolles recordar que no ano 1993 e cun novo plan vostedes volveron adicar cero pesetas ó ferrocarril galego. E recórdolle máis, no ano 1986 atópase o proxecto do tren Marín-Pontevedra, que tamén contou con cero pesetas. E ademais hai aquí alguén que tivo responsabilidades naquel momento, ou que participou nese proxecto. Consecuentemente, señor Touriño, non é de recibo que vostede veña criticar algo que se está a facer neste momento, algo que é unha realidade, que está aí, para o que empeza a haber eses orzamentos, que é o tren de alta velocidade. Mal que lle pese inclusive ó outro grupo maioritario, que manifestou publicamente que había que facerlle o boicot ó tren de alta velocidade porque era a liña Galicia-Madrid, e que se opoñen a que o tren de alta velocidade pase por Madrid —iso manifestaron e

consta en tódolos documentos públicos—; consecuentemente, a pesar da oposición do BNG, a pesar da oposición do Partido Socialista, da insolidariedade dos grupos da oposición, o tren de alta velocidade, como tódolos proxectos e tódalas realidades que se están levando a cabo neste momento, chegará á súa fin, repito, a pesar desa insolidariedade que tiveron sistematicamente vostedes a calquera proxecto que emanara do Partido Popular.

Máis nada e moitas gracias.

(*Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pita.

(*O señor Beiras Torrado pide a palabra.*)

Señor Beiras, ¿para que quere a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Unha brevísima cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é a cuestión de orde?

O señor BEIRAS TORRADO: É unha aclaración, porque resulta que cando retornei aquí, despois da miña brevísima ausencia, informáronme de certas aseveracións do señor Pita respecto da miña ausencia. E quero aclarar que foi polo que xa dixeron unha vez, o que Ortega chamaba “unha líquida urxencia”. (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Dámonos conta, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Pois se se dan conta, entón, o señor Pita non se deu conta. É máis curto ca vostede, si.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Contrarréplica do señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e señores deputados, moi brevemente, en consideración á hora e ás posibles outras urxencias líquidas, sólidas

e gasosas (*Risos.*), pois vou facer breve a intervención.

O señor Guerreiro estará de acordo comigo en que acusarme a min de descualificación, cando tódolos discursos da oposición, o del o primeiro, foron adicados a descualifica-lo presidente e o grupo maioritario, pois paréceme unha inxenuidade. Pero xa me parece máis grave que dúas veces, non unha, senón dúas, usara a expresión “gran timonel”. El sabe moi ben que esa expresión non naceu nas nosas filas, na nosa orientación política; gran timonel foi usado nun grupo político co cal as orixes políticas do señor Guerreiro teñen moito máis que ver.

Pero, en fin, despois de dicir isto, paréceme moi ben que, como tódolos toureiros, intente toma-la alternativa. O caso é poder. Eu non desprezo a ninguén. Quero dicir simplemente que hai cuestións de proporción e que, dende logo, en cambia-lo sistema todos tivemos unha parte. Eu creo que tiven algunha e non pequena. En canto á Lei de prensa, que vostede despreza, saiba que aínda está en vigor, agás dous artigos; por algo será.

En canto ás cifras, non vou volver sobre elas. Xa se veu aquí con qué facilidade se poden manipular. Manteño todas. E por suposto quero tranquilizalo en canto a que a señora Besteiro ten toda a miña confianza, porque pon sempre as cifras verdadeiras, sexan as mellores ou non para nós.

No Senado conseguimos que houbera unha comisión especial. Traballou toda a lexislatura. Foron outros os que a torpedearon. A Administración única é hoxe doutrina, unhas veces utilizada coa palabra “Administración única”, outras veces “Administración común”, do presente Goberno, que se vai aplicando sucesivamente.

E en canto ó famoso nepotismo, eu creo que habería que recoñecer que é moi difícil atopalo na Xunta, pero o que si é verdade é que, efectivamente, a quen Deus non lle dá fillos o demo dálle sobriños, e algunha relación ten que haber. Pero eu nunca dixen que os fillos dos nosos representantes nas distintas administracións fosen mellor ca outros. Dixen que algunha vantaxe levaba o fillo dun notario se quere ser notario, o dun médico se quere ser médico e así sucesivamente, cousa que, por certo, é verdade.

O consenso todos o temos na boca. Pero, evidentemente, é claro que pedir consenso sobre o modelo de Estado é plantexar unha asemblea constituínte, o cal, por certo, paréceme a min que non é o momento nin o lugar para plantexalo.

Respecto da rectificación que fixen sobre o texto de Maquiavelo, pois agora chamoume a min “o príncipe”. Eu o que coñezo é un ilustre concelleiro de Vigo, que, por certo, deu moito que falar nos días últimos.

Partido e goberno claro que teñen que ver. Pero eu podo asegurar que se me teño que ocupar do partido, como é natural, non deixo de ocuparme do goberno. Hoxe, penso eu que moitos non sospeitarán, eu saín de aquí para recibir unha delegación presidida pola Cruz Vermella de dezasete organizacións de accións non gobernamentais, logo dei (...) ós dous novos cargos, conselleiro de Industria e secretario xeral para as Relacións Internacionais, e despois almorcei co embaixador de Israel. Pois, miren, aquí, se naturalmente vostedes pensan que eu me dedico ós problemas do partido e que non me ocupo de gobernar, fareino mellor ou peor, pero parar, a verdade é que non paro.

E despois diso, está a súa referencia a determinadas cuestións. Se a min se me pode chamar paranoico, non vexo por qué non podo dicir que esas expresións se usen con máis coidado.

Ó señor Touriño, do Grupo Socialista, pois teño que dicirlle que o felicito polos triunfos onde goberna o Partido Socialista e sabe a boa relación coa que conto eu cos seus alcaldes; aí non hai problema ningún, o problema é saber se neste momento a súa oposición —que, efectivamente, nas municipais foi a segunda forza, xa non o foi nas autonómicas— se compromete ou non con certos pactos que a min non me toca xulgar, porque eu nunca falo en casa allea, pero na miña, polo visto, fala todo o mundo.

En canto a que nós nos beneficiamos de axudas europeas, nacionais, etc., quérolle dicir unha cousa. Non basta te-los cartos, hai que saber usalos, administrar, superar localismos, saca-las obras adiante. Eu fun compañeiro na fundación da facultade de Ciencias —que antes estaba unida— Políticas e Económicas dun grande economista, o profesor Torres Martínez, e díxome unha vez: Facer unha presa non é te-los millóns

aí e que os poñan os bancos ou quen sexa. Ti colles eses billetes, tíralos a un aval e a presa non se fai. Hai que ter organización, hai que vencer moitos obstáculos e aínda non sabemos estes días os que se poden plantexar, máis ben de mala fe en moitos casos, pero non é o momento de xulgar isto. Saca-las obras adiante non é só dicir: “puidéronse facer”, non, é que se fixeron.

En canto ás cifras, non entro en novos debates, xa foron replicadas certas observacións, manteño as datas. Como é natural, volvendo o tema das obras, pois teño que dicir que aínda anda por aí un libro recentemente saído que se chama *A farsa das autovías*. Non é do seu grupo, é dunha editorial máis ben conectada con outros dos aquí presentes. Si, pero están feitas, quedan uns quilómetros en Pedrafita, que atopan xente que se opón á súa terminación, pero están feitas, de farsa nada.

E despois vén, señor Touriño, unha discusión que, naturalmente, merecería máis tempo do que temos hoxe, pero, efectivamente, vostede é socialista e eu non. Naturalmente que vostede, en materia de privatizacións, é contrario, cre máis no sector público do que creo eu. Eu non teño a sensación nin de que vaian tan mal para Galicia nin de que en ningún caso deixáramos de ocuparnos do tema para defende-los lexítimos intereses de Galicia e dos seus traballadores.

En política fiscal pasa a mesma cousa. Pois, efectivamente, a visión que temos nós do papel dos impostos non é a mesma que a que teñen no Grupo dos Socialistas. Hoxe, a dicir verdade, no socialismo puro e duro que máis ben coñecería no seu tempo o señor Guerreiro, xa nin se fala moito diso e os socialismos van todos ás chamadas terceiras posicións, pero, logo, o que é evidente é que unha política de altos custos fiscais non anima nin ó investimento nin ó emprego.

En canto ó financiamento autonómico, non hai volta de folia. As comunidades socialistas que rexeitaron o sistema erraron; e as que o aceptamos, participamos na negociación e saímos gañando. Neste momento volvo dicir que son 50.000 millóns máis, e proporcionalmente, no conxunto dos nosos ingresos, sómo-la comunidade máis beneficiada, porque o señor Orza levou moi ben a negociación.

O dereito á alternativa é obvio que existe, e en canto ó do diálogo, vostede sabe que a única vez que pediu unha conversa, no momento en que estaban facendo os pactos cos sindicatos, foi recibido por min e por gran parte do Goberno. Se non seguiu a conversa non foi por culpa nosa, pero en todo caso, volvo reiterar que non é porque soe ben, pero nós estamos sempre polo diálogo e polo consenso; iso si, a responsabilidade de decidir correspóndelle a aquel a quen o pobo lle deu a maioría.

O señor Beiras di que non dixen nada, que fixen un saldo ou unha liquidación e que, polo tanto, non tivo nada que responderme. Paréceme ben. Eu non censuro a Voltaire. Voltaire foi citado en relación co Xacobeo. Aquí díxose nesta Cámara que nós non facemos máis que xacobeos. Pois ben, resulta que, á parte da súa importancia espiritual, que eu, dende logo, acepto con plena fe, teño que dicir que, efectivamente, o xacobeo é unha fonte de promoción, de ingreso e de desenvolvemento para Galicia, e, como tal, pois eu non quixera tratala dun modo volteriano.

Eu non dixen que falar de soberanía e de autodefinición, dos dous conceptos, non fora institucional, o que digo é que non se pode dicir que iso é constitucional, é claramente inconstitucional. Naturalmente, vostede ten dereito a promover... (*Interrupcións.*) Perdón, non hai censura ningunha, fala un deputado ... ¡É que eu non podo falar! Digo que iso un vello profesor de dereito constitucional afirma que iso é inconstitucional. Non nego o dereito a propoñer-la reforma da Constitución, pero hai que recoñecer que, se iso é o que se quere, quérese romper o pacto constitucional e a sagrada unidade de España. Xa sei que a algúns non lles gusta esta palabra. (*Protestas.*) Despois diso, encántame escoitalo falar de sensibilidade e de tenrura. Non é moi aparente en moitos casos, pero niso coincidimos, en algo tiñamos que coincidir.

Fala dos libros brancos e di que non se aplicaron. Si se aplicaron nun 90% e estamos traballando noutra serie. O conto do viaxante é falso. Eu afirmo, precisamente —e leo moitos informes—, que ademais hai que viaxar, e viaxar fóra tamén, señor Beiras, porque eu pódolle dicir que, aínda que é absolutamente certo que eu non son xefe de Estado nin de goberno, as misións que me acompañan obteñen contratos importan-

tes, concesións importantes e, en definitiva, moitos millóns para Galicia, que boa falta nos fan.

Respecto de que se fale do noso partido, é verdade que, sendo partido do Goberno, aínda que non un partido oficialmente unido ó Goberno, poida crear preocupación, pero eu sei ben a preocupación que crea neste momento. Moitos quixeran que o noso partido, que é un partido serio e sólido, no que, repito, non hai congresos —como o famoso de Valencia dun certo partido—, non o fose; e iso, evidentemente, preocupa. Algúns quixeran velo partido en dous ou en tres. Non o van ver, non se preocupen, e as votacións aquí serán as mesmas en calquera circunstancia, porque nós somos xente leal e seria.

En canto ó Grupo Popular no que estamos no Parlamento Europeo, teño que dicirlle que é un grupo serio, importante, neste momento, o máis numeroso do Parlamento. Estar alí permítenos facer moitas cousas. E nego terminantemente que os grupos de pesca non puideran ir antes a Bruxelas da nosa man, porque foron, e máis dunha vez. Por certo, neste momento temos-la esperanza mesmo —que se realizará ou non, pero estamos traballando seriamente— de que un galego ocupe o posto principal de pesca da Unión Europea.

Orgullo e soberbia. Vostede fai unha distinción, eu non sei exactamente cál é, pode que sexa menos fino intelectualmente. Pero si lle quero dicir que repetiu catro ou cinco veces que era orgulloso. Moi ben, o orgullo e a avaricia, a diferenza dos outros pecados capitais, que teñen un límite natural, non teñen límite, porque na gula non se pode comer empanada máis dun certo límite ou polbo ou o que sexa e noutros vicios, en fin, cada un actuará desde o seu punto de vista, por exemplo, sobre a liberdade sexual, na que hai un límite do que se pode desfrutar, pero no orgullo non hai límite e na avaricia tampouco, sempre se pode acumular máis. ¡Noraboa por ser tan orgulloso!

Moitas gracias.

(Grandes aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

Antes de suspender a sesión, quero dicirlles que os grupos parlamentarios poden presentar propostas de resolución ata as 12 horas de mañá, día 29, no Rexistro Xeral da Cámara. Unha vez esgotado o prazo, a Mesa procederá á cualificación e distribución ós grupos de tódalas propostas admitidas para o seu estudo, antes de que se reinicie a sesión. A sesión reiniciarase as 16:30 da tarde; é dicir, ás catro e media da tarde.

Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás nove e quince minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS POR CADA
CIRCUNSCRIPCIÓN

PROVINCIA DA CORUÑA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- José María Hernández Cochón
- 3.- José Antonio Orza Fernández
- 4.- Gerardo Conde Roa
- 5.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 6.- Manuel Ruíz Rivas
- 7.- Jaime Pita Varela
- 8.- José Manuel Vila Pérez
- 9.- María Elisa Madarro González
- 10.- Jesús María Fernández Rosende
- 11.- Manuel López Outeiral
- 12.- María Marta Álvarez Montes
- 13.- María Begoña Freire Vázquez

B. Polo Bloque Nacionalista Galego

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Xosé Henrique Tello León
- 4.- Xesús Vega Buxán
- 5.- Xosé Díaz Díaz
- 6.- Domingos Merino Mejuto

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Anxo Guerreiro Carreiras
- 3.- Emilio Pérez Touriño
- 4.- José Luis Méndez Romeu
- 5.- Soneira Tajés, María Soledad

PROVINCIA DE LUGO

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- Mauro Varela Pérez
- 3.- José María García Leira
- 4.- Celso Currás Fernández
- 5.- José Manuel Barreiro Fernández
- 6.- María Jesús Tapia Fernández
- 7.- Ascensión Yeguas Sánchez
- 8.- Sergio López García
- 9.- Manuel Mendoza López

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Isabel Salazar Bello
 - 2.- Francisco Sineiro García
 - 3.- Ismael Rego González
-

PROVINCIA DE OURENSE

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Castor Gago Álvarez
- 2.- Daniel Barata Quintas
- 3.- Miguel Santalices Vieira
- 4.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 5.- Manuel López Casas
- 6.- Roberto Castro García
- 7.- Joaquín Muñoz González
- 8.- Gregorio Rodríguez Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Manuel Veiga Pombo
- 2.- Xabier Casares Mouriño
- 3.- María Antonia Álvarez Yáñez

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- José Cuña Crespo
- 2.- Alberto Durán Núñez
- 3.- Miguel Domínguez Vaz
- 4.- Jesús Palmou Lorenzo
- 5.- Jesús Pérez Varela
- 6.- Juan Pedrosa Vicente
- 7.- Juan Manuel Casares González
- 8.- Justo José González Ballesta
- 9.- Ramón Cortegoso Fernández
- 10.- María del Carmen García Campelo
- 11.- Carlos Rodríguez Pablos
- 12.- María Fernanda Blanco Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- María Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez
- 6.- Rosa Darriba Calviño

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Abel Caballero Álvarez
 - 2.- María Dolores Villarino Santiago
 - 3.- Xosé Manuel Pazos Varela
 - 4.- Antón Louro Goyanes
-

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barata Quintas, Daniel	(PP)
6. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8. Blanco Fernández, María Fernanda	(PP)
9. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
10. Casares González, Juan Manuel	(PP)
11. Casares Mourinho, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
12. Castro García, Roberto	(PP)
13. Conde Roa, Gerardo	(PP)
14. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
15. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
16. Cufía Crespo, José	(PP)
17. Currás Fernández, Celso	(PP)
18. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
19. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
20. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
21. Durán Núñez, Alberto	(PP)
22. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
23. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
24. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
25. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
26. Gago Álvarez, Castor	(PP)
27. Freire Vázquez, María Begoña	(PP)
28. García Campelo, María del Carmen	(PP)
29. García Leira, José María	(PP)
30. García Negro, María Pilar	(BNG)
31. González Ballesta, Justo José	(PP)
32. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
33. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
34. Hernández Cochón, José María	(PP)
35. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
36. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
37. López Besteiro, Manuela	(PP)
38. López Casas, Manuel	(PP)
39. López García, Sergio	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Madarro González, María Elisa	(PP)
44. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
45. Mendoza López, Manuel	(PP)
46. Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
47. Muñoz González, Joaquín	(PP)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
53. Pérez Varela, Jesús	(PP)
54. Pita Varela, Jaime	(PP)
55. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
56. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
57. Rodríguez Fernández, Gregorio	(PP)
58. Rodríguez Pablos, Carlos	(PP)
59. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
60. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
61. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
62. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
63. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
65. Soneira Tajés, María Soledad	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
68. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
69. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
70. Varela Pérez, Mauro	(PP)
71. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
72. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
73. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
74. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
75. Yeguas Sánchez, Ascensión	(PP)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735